



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 59

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 25 de marzo de 2014

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1. 1. Debate de toma en consideración da Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para garantir a prestación das especialidades de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear en igualdade de condicións para toda a cidadanía galega con independencia do seu lugar de residencia en Galicia (doc. núm. 9964, 09/PPLI-000007).

Publicación da iniciativa, BOPG nº 150, do 30.08.2013

Publicación da admisión a trámite e constitución da Comisión Promotora, BOPG nº 231, do 05.02.2014

1.2. Debate de totalidade do Proxecto de lei de accesibilidade (doc. núm. 16682, 09/PL-000015).

Publicación da iniciativa, BOPG nº 220, do 03.01.2014

Publicación e asignación á Comisión, BOPG nº 233, do 07.02.2014

Publicación da ampliación do prazo de presentación de emendas, BOPG nº 237, do 13.02.2014

Publicación da ampliación do prazo de presentación de emendas, BOPG nº 245, do 26.02.2014

Publicación da ampliación do prazo de presentación de emendas, BOPG nº 248, do 04.03.2014

Publicación da reasignación a comisión, BOPG nº 249, do 05.03.2014

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 254, do 14.03.2014

1.3. Debate de toma en consideración da Proposición de lei, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento (doc. núm. 16705, 09/PPL-000014).

Publicación da iniciativa, BOPG nº 219, do 02.01.2014

Punto 2. Comparecencias en pleno

20492 (09/CPP-000155)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por iniciativa da Xunta de Galicia, para informar do desenvolvemento da LOMCE no ensino galego para o curso 2014-2015

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252, do 12.03.2014

Punto 3. Mocións

3.1. 20912 (09/MOC-000062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (065). (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 17854, publicada no BOPG núm. 230, do 04.02.2014, e debatida na sesión plenaria do 12.03.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

3.2. 20921 (09/MOC-000063)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de emprego. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 19146, publicada no BOPG núm. 240, do 19.02.2014, e debatida na sesión plenaria do 12.03.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

3.3. 20932 (09/MOC-000064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión dos servizos sociais. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 17793, publicada no BOPG núm. 230, do 04.02.2014, e debatida na sesión plenaria do 12.03.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

Punto 4. Propositions non de lei en Pleno

4.1. 7187 (09/PNP-000541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual modelo de repartición de cotas da pesqueira da

xarda adoptado polo Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, coa multa imposta ao Estado español, así como coa aplicación da política de cotas nas augas interiores galegas e coa representación de Galicia nese consello

Publicación da iniciativa, BOPG nº 99, do 08.05.2013

4.2. 10420 (09/PNP-000790)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel, e seis deputados máis

Sobre a mellora da accesibilidade do cidadán á información da propia historia clínica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 146, do 02.08.2013

4.3. 16357 (09/PNP-001162)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas instalacións do aeródromo de Godos, no concello de Caldas de Reis

Publicación da iniciativa, BOPG nº 216, do 18.12.2013

4.4. 18928 (09/PNP-001350)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito, e seis deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa pobreza enerxética da poboación en risco de exclusión social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 240, do 19.02.2014

4.5. 19176 (09/PNP-001358)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz, e dous deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas xudiciais referidas ao pagamento das pagas extraordinarias detraídas aos empregados públicos, así como as políticas de recortes e privatizacións do sector público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 240, do 19.02.2014

4.6. 20151 (09/PNP-001397)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos, e tres deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción da estación intermodal de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 06.03.2014

4.7. 20188 (09/PNP-001400)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución do proxecto denominado 'Adecuación da canle e ordenación dos ríos Sarria e Celeiro (1ª fase)'

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 06.03.2014

4.8. 20543 (09/PNP-001415)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa desigualdade e coa precariedade laboral das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252, do 12.03.2014

Punto 5. Interpelacións

5.1. 16970 (09/INT-000593)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Val Alonso, José Ramón, e dous deputados máis
Sobre o acordo para a repartición da cota de xarda e xurelo no sector do cerco para o ano 2014

Publicación da iniciativa, BOPG nº 224, do 17.01.2014

5.2. 17278 (09/INT-000610)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen, e dous deputados máis
Sobre o anuncio polo Sergas da contratación do servizo de xestión integral do proceso de esterilización do material necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial nos seus centros sanitarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 230, do 04.02.2014

5.3. 17972 (09/INT-000645)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva
Sobre a privatización de servizos realizada polo Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 230, do 04.02.2014

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

6.1. 20945 (09/POPX-000065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre a valoración do Sr. presidente da Xunta de Galicia da situación da economía galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

6.2. 20965 (09/POPX-000066)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a defensa dos intereses de Galicia diante do Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

6.3. 20981 (09/POPX-000067)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre as actuacións previstas pola Presidencia da Xunta de Galicia para erradicar as carencias e malnutricións alimenticias da poboación infantil en idade escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1. 20983 (09/PUP-000100)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Veira, Pedro Manuel, e sete deputados máis
Sobre a valoración do Goberno galego da viaxe institucional realizada a México e Panamá o 14 de marzo de 2014

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

7.2. 20982 (09/PUP-000099)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Beiras Torrado, Xosé Manuel, e dous deputados máis
Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da solicitude ao Goberno central da modificación da normativa tributaria co fin de garantir que as variacións patrimoniais derivadas da dación en pago da vivenda habitual queden exentas de tributación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

7.3. 19756 (09/POP-001769)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente, e dous deputados máis
Sobre a situación xerada na comunidade educativa a consecuencia das modificacións introducidas nalgúns puntos do baremo establecido no concurso de traslados entre persoal funcionario docente convocado na Orde do 16 de outubro de 2013

Publicación da iniciativa, BOPG nº 245, do 26.02.2014

Publicación correccións, BOPG nº 250, do 06.03.2014

7.4. 20584 (09/POP-001811)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o custo real da exposición *Gallaecia Pétreá*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252, do 12.03.2014

7.5. 20973 (09/PUP-000098)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as previsións do Goberno galego en materia de privatización da sanidade pública de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

7.6. 20394 (09/POP-001808)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón, e Acuña do Campo, María Carmen

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das denuncias dos facultativos do Hospital da Costa referidas ás deficiencias sanitarias que padecen os cidadáns da Mariña lucense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 06.03.2014

7.7. 18114 (09/POP-001638)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia tendentes a garantir a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 06.02.2014

7.8. 18315 (09/POP-001661)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Angel, e seis deputados máis

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación coa redución nun 30 por cento en Galicia, no ano 2013, do número de traballadores afectados por un expediente de regulación de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 06.02.2014

7.9. 19369 (09/POP-001732)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e seis deputados máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia da repartición de cotas das principais especies peláxicas no caladoiro do Cantábrico noroeste para o ano 2014.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 240, do 19.02.2014

7.10. 19376 (09/POP-001734)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e seis deputados máis

Sobre as estimacións iniciais da Xunta de Galicia acerca dos danos ocasionados polos sucesivos temporais nas infraestruturas portuarias da franxa costeira galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 240, do 19.02.2014

Ábrese a sesión ás catro da tarde.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para garantir a prestación das especialidades de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear en igualdade de condicións para toda a cidadanía galega, con independencia do seu lugar de residencia en Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. representante da Comisión Promotora (Quiroga Rodríguez)*. (Páx. 7.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 10.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 12.), *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 14.) e *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 16.)

Rolda de réplica: *Sr. representante da Comisión Promotora (Quiroga Rodríguez)*. (Páx. 18.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de accesibilidade. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 19.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 22.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 25.), *Sra. Gallego Calvar (S)* (Páx. 27.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 29.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 32.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 33.) e *Sra. Gallego Calvar (S)*. (Páx. 33.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Beiras Torrado (AGE)* (Páx. 37.), *Sr. González Santín (S)* (Páx. 39.) e *Sr. Arias Veira (P)*. (Páx. 42.)

Rolda de réplica: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 44.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da toma en consideración da Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para garantir a prestación das especialidades de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear en igualdade de condicións para toda a cidadanía galega, con independencia do seu lugar de residencia en Galicia: *aprobada por unanimidade con 73 votos a favor*. (Páx. 44.)

Votación da emenda á totalidade de devolución presentada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de accesibilidade: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 45.)

Votación da emenda á totalidade de devolución presentada polo G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Proxecto de lei de accesibilidade: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 45.)

Votación da emenda á totalidade de devolución presentada polo G.P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de accesibilidade: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 45.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 45.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por iniciativa da Xunta de Galicia, para informar do desenvolvemento da LOMCE no ensino galego para o curso 2014-2015. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Vázquez Abad)*. (Páx. 45.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 51.), *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 53.), *Sr. Docasar Docasar (S)* (Páx. 55.) e *Sr. Rodríguez González (P)*. (Páx. 57.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Vázquez Abad)*. (Páx. 60.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 64.) *Nesta rolda interveñen o Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 64.), *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 65.), *Sr. Docasar Docasar (S)* (Páx. 66.), *Sr. Rodríguez González (P)* (Páx. 67.) e *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Vázquez Abad)*. (Páx. 69.)

Suspéndese a sesión ás nove e trinta e sete minutos da noite.

Ábrese a sesión ás catro da tarde.

A señora PRESIDENTA: Boas tardes, señorías. Por favor, vaian ocupando os seus escanos.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procede á súa lectura. Non se xustificaron inasistencias.

E, señorías, antes de comezar esta sesión, o Parlamento de Galicia quere manifestar o seu pesar polo falecemento de don Adolfo Suárez González, ex presidente do Goberno de España. Para el, a nosa lembranza, e para a súa familia, a nosa solidariedade e afecto.

Entramos, pois, se lles parece, na orde do día, co punto 1, de textos lexislativos.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para garantir a prestación das especialidades de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear en igualdade de condicións para toda a cidadanía galega con independencia do seu lugar de residencia en Galicia

A señora PRESIDENTA: Para a presentación e defensa da proposición de lei ten a palabra don Vicente Quiroga Rodríguez.

E pídolle, por favor, ao vicepresidente primeiro que se achegue para acompañar a don Vicente Quiroga á tribuna de oradores.

Ten a palabra.

O señor REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Quiroga Rodríguez): Señora presidenta. Señoras e señores deputados.

Antes de nada, quero facerlle unha homenaxe persoal ao recentemente falecido presidente Adolfo Suárez.

En primeiro lugar, grazas a todos os que fixeron que o proxecto iniciado por Abre la Muralla e a Federación Veciñal Lucense, axudadas e guiadas por un gran home como foi o

doutor Miguel Ángel González e secundadas pola Asociación de Veciños e de todo tipo –sindicatos, organizacións empresariais e patronais, profesionais, etc.–, en definitiva, nas máis de 41.000 firmas recollidas por todos nós e admitidas pola Xunta Electoral Central, fixera posible que esta iniciativa lexislativa popular fora admitida a trámite pola Mesa deste Parlamento e nos permita expoñela hoxe aquí diante das súas señorías.

Hoxe vou controlar o tempo da miña intervención con este vello reloxio –de máis de cento vinte anos de historia–, que era do meu avó materno, do Courel, e con el quero representar a todas as xentes da montaña luguesa e das zonas máis afastadas da capital e dos centros hospitalarios aos que moitas veces teñen que acudir.

Dicía alá polo 6 de xuño de 2013, diante dalgúns milleiros de persoas que percorreron as rúas de Lugo sen bandeiras nin distintivos, sen cores de ningún tipo, soamente como cidadáns, e detrás dunha única pancarta reivindicativa dos servizos que necesita o noso hospital, o Hospital Universitario Lucus Augusti, e do que carecía e segue carecendo na súa maioría: “Estamos aquí en defensa propia, somos homes e mulleres de Lugo e da rexión de Lugo e témonos que defender contra a arbitrariedade dos poderes públicos, que non cumpren co seu deber, que non cumpren co deber de defendernos a nós, os cidadáns, que os eliximos precisamente para que nos defendan”. Aquelas palabras teñen plena vixencia a día de hoxe.

En Lugo construíuse un gran hospital, nun lugar axeitado, a carón da cidade e ben comunicado con toda a provincia; moi grande, con magníficas habitacións, ben construído, desafogado. Un gran hospital que nos é necesario para unha poboación numerosa, moi espallada e certamente envellecida, que en parte traballa, que en parte está en paro, está xubilada despois de moitos anos de traballar arreo, de traballar no agro, na construción, no comercio, na oficina, no taller, na fábrica, no ensino.

Toda esta xente ten dereitos, os nenos e os mozos teñen dereitos, as persoas de mediana idade teñen dereitos, os que xa imos para vellos temos dereitos. E un deses dereitos, un dos máis principais e un dos que máis traxicamente se nota cando falta é o dereito á saúde, o dereito á atención sanitaria, médica e hospitalaria. Porque temos dereito á saúde, e

non como un enunciado abstracto, senón como unha realidade conquistada a través de moitos anos de loita e progreso. Iso é o que diferencia un país adiantado e civilizado da vida salvaxe: o dereito á saúde.

Pero as mulleres e os homes de Lugo non disfrutamos plenamente dese dereito, do dereito á saúde. Temos un gran hospital nun lugar perfectamente axeitado, coa tranquilidade e sosego, tan necesario cando un está enfermo. Pero ese hospital carece dalgunhas cousas esenciais. Malia as nosas protestas, malia as nosas reclamacións, malia as protestas da intelixencia e o escándalo de toda a sociedade lucense, e a pesar de que esas protestas algo conseguiron –Hemodinámica pola mañá, das 8 ás 15 horas–, o HULA segue carecendo dalgúns dos equipamentos máis necesarios. Estas carencias son inadmisibles nunha capital de provincia; estou falando xa agora de Hemodinámica 24 horas, de Radioterapia e Medicina Nuclear; estou falando de corazón e de cancro.

Por iso, quero lembrar unha cousa: cando se inaugurou o HULA, cando se inaugurou este gran hospital, que aínda está baleiro dalgunhas cousas esenciais, o presidente da Xunta –o mesmo señor Feijóo, que segue sendo hoxe presidente da Xunta de Galicia– prometeu publicamente que en tres meses saírían a concurso os tres servizos: Hemodinámica 24 horas, Radioterapia e Medicina Nuclear.

Non estou inventando a historia, non estou falsificando a historia, era o día 26 de febreiro de 2011. Estas promesas do señor Feijóo están nas hemerotecas, desas promesas hai vídeos e gravacións. ¿De que serven as promesas dun presidente da Xunta cando o tempo e a realidade se encarga de desmentilas á hora da verdade, á hora do clamoroso incumprimento, tres anos despois de seren pronunciadas? Dirán que agora non hai cartos, pero cartos houbo –ducias de miles de millóns– para arranxar os problemas da banca, os problemas dos que causaron os problemas, os problemas dos que roubaron ao pobo, dos que meteron nos seus particulares sumidoiros os cartos estafados coas preferentes, dos que expulsaron os parados dos pisos que xa non poden pagar nin eles vender, dos que converten homes e mulleres constitucionalmente libres en escravos vitalicios por débedas que contraeron en moitos casos enganados de diversas maneiras.

Para a sanidade da banca houbo cartos, pero disque non os hai para a sanidade pública, para a saúde dos cidadáns, para

a saúde dos traballadores, para a saúde dos xubilados, para a saúde dos nenos. Por suposto que hai cartos. Unha boa Administración sempre ten cartos para o máis necesario, e o máis necesario é a saúde, o máis necesario é a vida. E nada debe estar por diante da saúde e da vida no interese do Estado, no interese dos gobernantes.

Para máis abundamento, o día 2 de novembro de 2011, neste Parlamento, aprobouse por unanimidade o texto transaccionado da moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, transaccionado co Grupo Popular, por iniciativa de don Miguel Ángel Fernández López. Nesa moción, transaccionada e aprobada por unanimidade, falábase de que os proxectos de Hemodinámica 24 horas para Ourense e Lugo terían que ser presentados no Parlamento de Galicia e realizar outro proxecto no que se analizaría especificamente a posta en funcionamento dos servizos de Radioterapia e Medicina Nuclear no HULA. Estes proxectos deberían presentarse neste Parlamento antes de acabar o ano 2011. ¿Cumriuse este acordo? Non. ¿Resultado? A desesperación dos cidadáns lucenses e un incumprimento máis do Goberno de Galicia.

Imaxino que tanto o presidente Feijóo, cando o 26 de xaneiro de 2011 prometeu a licitación dos tres servizos nun prazo de tres meses, como os membros deste Parlamento, cando o 2 de novembro do mesmo ano aprobaron a moción á que me referín anteriormente, foi porque tiñan os informes técnicos e de todo tipo que demostraban que eses servizos son necesarios e a súa realización posible. Pensar o contrario sería unha ofensa para o presidente da Xunta e para os membros desta Cámara.

Pero, a pesar de todo, paréceme que non estaría de máis lembrarilles algunhas cousas que nos preocupan sobremaneira aos lucenses, e que, aínda que se nos prometeu darlles solución en datas concretas, seguen estando practicamente igual, o que loxicamente nos obriga a desconfiar dos nosos gobernantes e das súas promesas.

Si, xa sei que grazas ás nosas protestas e para intentar acalalas se anunciou o mesmo día da nosa primeira concentración, e posteriormente se instalou –hai moi pouco tempo–, un bo Servizo de Hemodinámica –porque é bo–, que desgraciadamente só funciona en horas de oficina. O que vén dicir: miñas donas e meus señores de Lugo, sexan discipli-

nados e infarten só polas mañás, así serán atendidos nun lugar próximo e con razoables posibilidades de salvarlles a vida, porque se a vostedes lles dá o capricho de infartárense fóra de horas, o problema buscárono vostedes mesmos coa súa indisciplina.

Neste tema o estudo tecnolóxico é tan simple que en datos aproximados do 2012 se realizaron en doentes lucenses arredor de 825 cateterismos –fóra de Lugo, por suposto– e sen contar os que chegaron tarde –ou máis ben non chegaron nunca–. E algúns habería, porque, segundo os estudos, cando se tarda máis de 120 minutos en realizarlle a apertura da arteria coronaria responsable da IAM a un paciente con IAMCEST –ou sexa, un paciente con infarto agudo de miocardio co factor NT–, a mortalidade nun ano duplícase con relación aos pacientes nos que se lles abre a arteria en menos de 120 minutos; 6 % de mortalidade fronte ao 12 % de mortalidade.

¿Infartaron todos eles pola mañá? Non o creo. O lóxico é pensar que as cantidades se repartiran. Polo tanto, queda claro que se non se implanta este servizo as 24 horas terán resolto unha parte do problema, pero só iso; o perigo seguirá para os que teñan a mala sorte de enfermar pola tarde.

No tema de Radioterapia e Medicina Nuclear realizáronse por ano unhas 320 tomografías por emisión de positrons, independentemente das numerosas gammagrafías –todas elas fóra de Lugo, por suposto–, e máis de 500 doentes foron desprazados ao Centro Oncolóxico da Coruña ou ao Servizo de Radioterapia de Santiago de Compostela para recibir tratamento. Imaxinen vostedes o que supón se a media por doente é de vinte ou vinte e cinco sesións. Algúns desprázanse nos seus propios vehículos ou no dalgún familiar, pero moitos –por falta de medios ou por falta de tempo de quen os poida levar, que son a maioría– teñen que recorrer ao transporte colectivo en ambulancias –case coma gando– até A Coruña ou Santiago –máis de 200 quilómetros, 200 quilómetros máis do necesario– e logo esperar horas e horas un tratamento que apenas dura uns minutos, e despois seguiren esperando a que rematen todos os compañeiros de viaxe para poderen volver á súa casa despois do tratamento. Moitos deses enfermos combinan o tratamento por radioterapia co tratamento por quimioterapia, o que fai moito máis difícil de levar ese desprazamento. ¿Imaxinan vostedes as conversas dos seis ou sete ocupantes da ambulancia día tras día?

Relataba unha coñecida revista de tirada no Estado español, baixo o título: “*Lugo, las rutas del cáncer*”, que nos dedicou practicamente unha portada e seis páxinas no seu interior, dicía nun dos seus parágrafos: “Pasadas as 8, chega a ambulancia para recoller o primeiro doente do primeiro pobo; así, a seguir; moitos deles reciben tamén quimioterapia,” –como dicía eu antes– “o que fai moito máis difícil a viaxe, até encher a ambulancia. O condutor leva máis dunha década de anos facendo a mesma viaxe dende varios pobos da provincia de Lugo recollendo enfermos en cada un. Primeiro, por estradas secundarias, e dende Lugo a toda velocidade pola A-6, destino: Centro Oncolóxico de Galicia, pertencente a unha fundación privada. Cando todos os enfermos rematan os seus tratamentos, desfacer o camiño, e así un día tras outro”.

Dicía o doutor don Miguel Ángel González, o noso colaborador e guía, enfermo de cancro de pulmón por dúas veces, referíndose e sinalando os espazos reservados no HULA para estes tratamentos: seguen baleiros e comezan a cheirar. E aquí teño o doutor Miguel Ángel sinalando eses espazos rotulados e que seguen baleiros.

A segunda volta do cancro de pulmón que sufría o doutor Miguel Ángel xa non a puido resistir e morreu pouco despois de asistir nunha cadeira de rodas á manifestación de xuño de 2013. Dicía el na carta que lle entreguei persoalmente ao xefe de Gabinete do presidente da Xunta e da que nunca tivemos resposta: “¿Queren máis datos tecnolóxicos? O Libro branco SEOR XXI, elaborado pola Sociedade Española de Oncoloxía e Radioterapia, de recente revisión, no que participou un amplo elenco de radioterapeutas oncolóxicos de prestixio, analiza a situación no noso país: necesidades e recursos da oncoloxía e radioterapia en España. No devandito libro queda plasmada a realidade galega e, por suposto, a ausencia de Radioterapia na nosa provincia. Ademais, nese libro fórmase a necesidade de recursos radioterapéuticos, que establece unha unidade por cada 250.000 habitantes. Como vostedes moi ben saben –ou deberían saber–, o Centro Oncolóxico da Coruña soporta a atención radioterapéutica da área da Coruña –excluído Santiago–, máis Ferrolterra, Lugo e as áreas de Burela e Monforte, o que nos levaría a unha poboación de preto dun millón de habitantes, clara desproporción entre o ideal e o real.

Con semellante carga, o centro soporta unha trasfega continua de enfermos que o obriga a atender pacientes até horas

moi avanzadas da noite. Un detalle curioso é que o propio hospital coruñés contaba coa apertura da Radioterapia no HULA, o que lles permitiría unha maior atención ás técnicas especiais de tratamento, segundo sinala na súa memoria de 2011.

Señorías, a nosa loita é parte da loita popular en defensa do Estado do benestar, da razón humana, da civilización. Nós estamos tamén coa xente que perdeu medios de vida no seu barrio co cambio de hospital, eles son nós tamén. Por iso reclamamos algo para eles, porque é de razón e de xustiza, porque o vello hospital debe seguir sendo un lugar público para beneficio deles e de nós.

Hai moitas posibilidades, pero para empezar e con moi pouco custo, pódese instalar aló un PAC, un centro de atención continuada, que se dividan os pacientes que van ao Río Ser –o antigo Plácido Vila–, que está masificado, e que a metade se envíe a ese centro de saúde nas instalacións do vello hospital. Iso sería o comezo dun aproveitamento racional deses recursos públicos.

Xa para rematar, señorías, quixera agradecer, no meu nome e no de todos os compañeiros de loita e de todos os lucenses, aos grupos do BNG, AGE e PSdeG o seu apoio dende o primeiro momento e tamén o seu compromiso de apoio a esta iniciativa legislativa popular. Agora teño que incluír tamén o Grupo Mixto, que comprometeu o seu apoio, agradecemento que estou seguro que teño que facer tamén extensivo ao Grupo Popular, polo que lin nalgún xornal de hoxe, e porque os seus deputados na Deputación de Lugo votaron a favor desta iniciativa. Moitos dos seus alcaldes e concelleiros na provincia apoiárona, até o punto de que a primeira firma do prego número 1 é a do señor alcalde de Baralla, que fixo unhas declaracións na prensa nas que con gran sentido dicía que a saúde non ten cor política. E tamén teño que agradecer o apoio da maioría dos seus concelleiros en Lugo, incluíndo o do seu portavoz e deputado neste Parlamento, por asinaren os pregos de firmas apoiando e solicitando esta iniciativa legislativa popular.

Estou certo de que o grupo de goberno non vai defraudar a todos os milleiros de lucenses que esperan que esta Cámara dea solución a estes problemas: Hemodinámica 24 horas en seis meses, Radioterapia e Medicina Nuclear nun ano. Iso é o que propón a iniciativa legislativa popular. Pero tamén

dixemos na reunión que tivemos cos representantes dos grupos parlamentarios que nós non somos unha sociedade pechada, uns representantes pechados, que nós estamos dispostos a negociar o que sexa negociable e o que sexa lóxico.

No final desta intervención quixera facer unha homenaxe aos homes e ás mulleres das terras altas e afastadas, os que máis sofren as consecuencias destas enfermidades, e tamén, e ao mesmo tempo, facer un canto á esperanza que todos nós temos posta no futuro desta iniciativa, recordando un poema de quen foi por aquelas terras do Courel e de Quiroga un grande amigo dende a miña nenez, Uxío Novoneyra. É d'Os Eidos 1 e di así: “Vai polo monte o camiño / outeando como un louco / polos caborcocos do val / i as poxas do Taramouco. / Cruza solo a serra toda / sin levar outra compañía / que a gran presenza do ceo / sobre o silencio da braña. / Eu non seín pra onde vai / méntra'lo quedo mirando. / Sólo seín que eilí se compre / o soño que estoun soñando...”.

Moitísimas grazas, señores deputados. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Quiroga.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Pombo Rodríguez.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Luguesas e lugueses representantes da proposición de lei por iniciativa legislativa popular, é unha honra –considero eu– para este Parlamento a vosa presenza. Agardo tamén o apoio unánime do mesmo para a vosa xusta demanda.

Señoras e señores deputados, señora e señor conselleiro, señor vicepresidente, boa tarde.

Señor portavoz da iniciativa legislativa popular, no nome do Grupo Parlamentario do BNG quero comezar a miña intervención transmitindo os parabéns para quen fixo posible esta ILP: a todas as entidades veciñais, sociais, sindicais e políticas; ás máis de 41.000 persoas que a apoiaron; a todas as persoas que se mobilizaron na defensa do dereito a unha sanidade pública, de calidade, para todos e todas as lugue-

sas, da Mariña, de Lemos e de Lugo. Moitos parabéns para todos.

Moitos parabéns porque esta Cámara parlamentaria hoxe está a debater unha proposición de lei para garantir os servizos de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear a todos e a todas as galegas. Grazas a vós. Porque hoxe este Parlamento pode tomar unha decisión fundamental para facer xustiza cos lugueses e luguesas, que aínda non dispoñen duns servizos dos que dispoñen todas as demais provincias e tan necesarios para salvar as vidas. Moitos parabéns porque grazas á vosa mobilización social cando menos xa se implantou o Servizo de Hemodinámica no HULA, en horario de oficina.

Mais non dubido que se fará xustiza para que o servizos todos desta ILP tamén en Lugo funcionen como funcionan en toda Galicia. Eu confío en que o señor presidente, señor Feijóo, cumpra coa palabra dada en 2009, porque non hai razón a que a morte por infarto na provincia de Lugo sexa o dobre que na Coruña, Santiago e Vigo; non hai razón a que un milleiro de lugueses teñan que desprazarse fóra da provincia para recibir terapia oncolóxica, penalizando a súa enfermidade con longos desprazamentos, cargas económicas e cargas familiares durante moitos anos.

Señoras e señores deputados, o BNG apoiará, hoxe e sempre, esta proposición de lei, porque sempre defendeu o dereito á saúde como un dereito fundamental para todos e para todas, galegos e galegas. Defendeu nos seus programas electorais, nas institucións nas que está presente, nas mobilizacións sociais e tamén nesta Cámara parlamentaria. Mesmo nos debates orzamentarios deste ano e do pasado reclamamos estes tres servizos e reclamamos que a vella Residencia de Lugo se reconverta nun centro de saúde e nun punto de atención continuada, para seguir amparando a vida dos lugueses e as persoas que viven no barrio da Residencia.

Señor portavoz da ILP, falaba vostede de que a saúde non ten cor política. Certo. Mais as decisións de quen goberna si teñen cor política. Xa dicía hai ben anos o poeta: “Paderna, Paderna, este mundo ¿quen o goberna?”. O PP é quen goberna Galicia, e claro que tomou decisións políticas ou non. Despois de cinco anos de inaugurado, o HULA, hospital punteiro, modernísimo, moi cualificado, persoal extraordinario, cunhas infraestruturas das máis avanzadas de Galicia

e de España, aínda non dispón de servizos básicos e fundamentais para unha poboación de máis de 350.000 habitantes, moi envellecida, moi dispersa, cunha orografía complicada e con invernos tan duros como o deste ano.

Señor Quiroga, o señor Feijóo vai pola súa segunda lexislatura, o señor Feijóo sabe que as tres principais causas de morte son: circulación, cancro e enfermidades coronarias. Dúas destas causas están afectando máis negativamente os cidadáns da provincia de Lugo, porque o señor Feijóo tomou a decisión de non cumprir coas promesas que fixo no ano 2009.

O señor Feijóo tomou a decisión –política– de que veciños da Fonsagrada, Os Ancares, Navía, O Courel, O Incio, Terras de Lemos, A Mariña, teñen que desprazarse máis de catro horas diarias para recibir un tratamento de cancro, circulando por unhas estradas complicadas e nunhas circunstancias inhumanas, durante varios días e por veces anos. As “rutas do cancro”, claro que si, máis de 3.000 persoas na era Feijóo. O señor Feijóo tomou a decisión política de que máis de 5.000 pacientes durante o seu mandato tiveran que viaxar fóra da provincia para realizar cateterismos, o que supuxo un grave trastorno para as familias, o que supuxo unha maior perda de vida no traxecto, por non poder recibir tratamento sanitario na súa provincia.

Señoras e señores deputados, a saúde non ten cor política, mais as decisións de quen goberna, si. Eu agardo que a cidadanía de Lugo non teña que seguir deixando a vida nos horarios de tarde e noite, agardo que Lugo poida contar canto antes co Servizo de Hemodinámica 24 horas. O Grupo Parlamentario do BNG agarda que se corrixan estas decisións políticas do pasado, con cor clara, marxinatoras coa cidadanía de Lugo, apoiando a toma en consideración desta ILP que estamos a debater.

Ao Grupo Parlamentario do BNG non lle valen desculpas de ter que agardar por informes técnicos, decisións de consellos interterritoriais, libros brancos, flairas verdes... Non aceptamos trasacordos nin desculpas de mal pagador, porque estamos a falar do dereito á saúde, o dereito á vida dos galegos, o dereito de lugueses e luguesas a ser tratadas como galegos. Se houbo cartos públicos –xa o dixo o señor Quiroga– para sanear a banca, ten que haber cartos públicos para o dereito á vida. Cando eu era pequeno, xogabamos a “a bolsa ou a

vida” e sempre escolliamos a vida; agora parece ser que as cousas cambian.

Señoras e señores deputados, para ir rematando, fago un chamamento a todos os grupos parlamentarios para apoiar a toma en consideración desta ILP, para garantir a prestación das especialidades de Hemodinámica 24 horas, Radioterapia e Medicina Nuclear en igualdade de condicións para toda a cidadanía galega, nos prazos e circunstancias que se contemplan nesta ILP. O Grupo Parlamentario do BNG, por suposto, apoiará todas as medidas que garantan os recursos económicos, humanos e materiais necesarios para que todas as galegas e galegos dispoñan destes servizos con carácter público.

Remato, señora presidenta, confiando no apoio unánime para esta iniciativa lexislativa popular, que reclama servizos sanitarios básicos para a provincia de Lugo, servizos que xa teñen as demais provincias. Hoxe esta Cámara parlamentaria debe escoitar os milleiros de lugueses e luguesas que están presentando esta demanda.

Anuncio que o BNG estará vixiante para que non se rebaixen as súas demandas. Xa se teñen aceptado ILP, neste e noutros parlamentos –seguro que lembran–, para defender os afectados polas hipotecas, e despois de tramitadas esas ILP, en lugar de defender os roubados polas hipotecas, modificáronse leis que seguen a amparar os dereitos da banca ladroa.

O BNG estará vixiante para que a ninguén se lle ocorra xogar coas demoras nin facer negocio cos dereitos a uns servizos sanitarios públicos, que a inmensa maioría de todas as luguesas e de todos os lugueses hoxe está a reclamar neste Parlamento. Que a ninguén se lle ocorra xogar coa saúde dos lugueses e luguesas, porque eu e o BNG está certo de que Lugo non dubidará en mostrar a rebeldía e non dubidará en erguerse contra as inxustizas, como xa o ten feito máis veces.

O señor Quiroga fixo referencia a un grandísimo poeta. Pois vou facer eu referencia a un irmán dese poeta –xa sabe el quen é–. Como deixou dito o gran poeta da Terra Chá, “Solís en Lugo berrou / un berro de rebeldía / Galiza enteira acorrou / o pobo enteiro se erguía.”

Señor portavoz da ILP, veciñas e veciños de Lugo, contade desde logo co apoio do BNG, contade co noso apoio para as

manifestacións convocadas para mañá na defensa da sanidade pública, contade sempre co apoio do BNG na defensa da sanidade pública galega.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra dona Eva Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas.

Primeiro, quixera dar a benvinda ás persoas convidadas da promotora desta iniciativa que están entre o público asistente, e tamén á propia comisión promotora, non só por presentar hoxe aquí a ILP, senón pola dignidade do traballo de recollida de sinaturas e de explicación da situación pola que pasa a nosa maltreita sanidade pública. Iso é militancia social. Porque a democracia a pelexaron as mulleres e homes antifranquistas, ás que non se homenaxea; sen embargo, roubáronnos a primavera e hoxe en día xa non temos democracia. Probablemente as iniciativas lexislativas populares sexan dos poucos resquicios que lle quedan ao pobo para participar nas institucións. Así que por iso, e soamente por iso, esta toma de consideración deba ser apoiada pola maioría, polo respecto á vontade do pobo.

Pobo que nos di día tras día que está farto, pobo que nos di que non vai soportar perder os seus dereitos sen mover un dedo. Por iso entendo que están hoxe aquí, porque estamos a perder os nosos dereitos e nolos están a roubar, como nos roubaron a democracia. O dereito á saúde, básico para a vida de calquera ser humano, está cada vez máis restrinxido no noso país, tanto que semella xa non selo, porque algo que se cinxe ao teito de gasto, ás lei de mercado, deixa de ser un dereito.

A nosa sanidade pública esmorece entre campañas e promesas electorais. Se a mentira e a falsa promesa fose delito, non chegarían os presidios para acoller tantas persoas, pero aquí, como non só non é delito, senón que nin tan sequera é ilegal, a dereita fártase de mentir e mentir prometendo cousas que nunca fai, como prometeron precisamente os servizos de Radioterapia, Resonancia e Hemodinámica para o HULA.

Doce longos anos de obras para rematar o Hospital Lucus Augusti, doce longos anos cunha inauguración que se ía atrasando e atrasando no tempo cando estaba prevista e prometida para o 2002 polo señor Cochón, conselleiro de Sanidade naquel entón. Daquela non estabamos en crise capitalista, estabamos en fase de burbulla inmobiliaria e, sen embargo, tampouco foron quen de cumprir a súa promesa.

Pero pasaron os anos, e en 2010, cando comezaban a plantexarse os primeiros traslados, os servizos de Hemodinámica, Radioterapia e Resonancia eran tan só xa unha promesa. Díciannos que en pouco tempo mercarían a maquinaria, e chegou 2011 e a inauguración oficial, aínda sen a maquinaria prometida, con moitas camas pechadas, que o seguen ata a actualidade. Pero non importaba, unha grande fileira de coches oficiais agolpouse ás portas do hospital –por certo, sen pagar páking, algo que teñen que facer agora mesmo as doentes e os doentes do hospital–. Sacáronse moitas fotos –algúns incluso se conservan nas redes sociais– e o presidente Núñez Feijóo e a conselleira Farjas, hoxe ministra, voltaron mentir para os medios de comunicación. Afirmaron que nuns meses ían estar dispoñibles os servizos de Radioterapia, Medicina Nuclear e Hemodinámica. Uns meses, 2011. E ante a demora, en novembro do 2011, o Parlamento aprobou por unanimidade unha moción que solicitaba poñer en marcha Hemodinámica no prazo de seis meses. Pero tamén era mentira, que non pense o pobo que desgraciadamente as cousas que aquí se aproban se fan por parte do Goberno, non.

E así foron pasando os meses. Meses durante os cales, por suposto, as mulleres e homes de Lugo seguían infartando, seguían padecendo cancro e tamén seguían sendo desprazadas e desprazados en ambulancias ata 150 quilómetros nalgunos casos para seren tratadas. E así seguen.

E agora, despois de prometer e dicir que eran servizos moi importantes, dende o Goberno e dende o Partido Popular xa nin se lembran, agora xa non é importante. Agora poden obviar os datos que xa se mencionaron aquí e que daba o pasado ano a Sociedade Española de Cardioloxía alertando sobre que a mortalidade en Lugo por infarto dobraba a das áreas da Coruña, Vigo e Compostela, obviando que segundo os propios datos do Hospital da Coruña o tempo no que unha persoa infartada é atendida dobra o tempo para alguén de

Lugo que para alguén da Coruña: 178 minutos, unha barbaridade, porque, a pesar do tratamento medicamentoso, é imprescindible un cateterismo de urxencia; claro, nun servizo de Hemodinámica, servizo que Lugo non ten.

Porque, en troques diso, en troques do prometido, a Xunta, como quen dá unha esmola, decidiu abrir unha simple sala de Hemodinámica, que non resolve a atención urxente, que abre, como se dixo, de 8 a 3. Os pacientes e as pacientes graves seguen sendo trasladados e trasladadas en ambulancia á Coruña, 178 minutos, case tres horas, o dobre de mortalidade. Iso, só iso debера ser motivo suficiente para dispor dese servizo. Por responsabilidade, por humanidade, por dereitos e incluso por economía. Porque a Consellería segue a gastar cartos nos traslados, cando no HULA hai espazo e dependencias suficientes para este servizo.

Non se lembran tampouco das súas promesas cando, como xa vimos nesta lexislatura, vostedes, señoras e señores do Partido Popular, votaban en contra de que o HULA dispuxera de Medicina Nuclear e Radioterapia, obviando que o seu partido e o seu presidente prometeu estes servizos; obviando o calvario que lles están a facer pasar ás persoas enfermas de cancro, porque vostedes queren, porque vostedes votan, porque cando votan non dotar estes servizos ao Hospital de Lugo, votan que si a obrigar as persoas enfermas de cancro a percorrer ata 150 quilómetros en ambulancia para dar o seu tratamento; 150 quilómetros, persoas enfermas de cancro, e persoas que non viaxan por certo estas distancias nas comodidades dalgúns dos coches oficiais, senón que viaxan con outras persoas enfermas que tamén van dar radioterapia e logo voltan xuntas, polo tanto teñen que agardar no centro sanitario a que todas e cada unha das persoas rematen o seu tratamento; e, aínda por riba, soportar o repago do transporte. A alternativa é, como se dixo aquí, custear un coche propio.

O resultado, polo tanto, en calquera dos casos, é pagar pola incompetencia de quen os goberna. Persoas que teñen que perder unha mañá ou unha tarde completa día si, día tamén, para dez minutos de tratamento, con auténticas historias da penosidade de quen depende dun transporte tan solicitado e está tan enfermo. Son persoas que en moitos casos, por lóxica, están cansas e febles e teñen que agardar horas en salas de espera. ¿Non sería máis lóxico que houbese Radioterapia

na provincia e aforrar quilómetros de desprazamentos, gastos en ambulancias e sufrimento innecesario?

Pedir igualdade de dereitos sanitarios ou de calquera dereito dentro de Galicia non é un capricho, é –valla a redundancia– un dereito, pero, ademais, un dos que se non se cumpren se traducen en que se pagan en vidas humanas, en mortes e tamén en empeoramento da calidade de vida, como xa está a acontecer e nos din cos datos.

Polo tanto, non hai razóns para votar en contra da toma en consideración desta ILP. Non hai razóns para votala en contra, porque a evidencia e os datos nos din que a mortalidade por infarto é o dobre en Lugo que noutras áreas, que se tarda o dobre en desprazamentos. Non se pode deixar morrer á xente por unha cuestión económica.

Non hai razóns para votala en contra, porque a situación das persoas con cancro é penosa, desprazándose moitísimos quilómetros, perdendo moitas horas das súas vidas e empeorando a súa economía. Non en van os estudos din que ter cancro no noso país e no conxunto do Estado sae caro. Lembremos que, ademais de pagar polo transporte, agora a moitas destas persoas, que combinan outros tratamentos medicamentosos, tamén llelos van cobrar. Lembremos o repago da farmacia hospitalaria ambulatoria ás enfermas e enfermos de cancro. Esa é a usura do sistema, usura que alimentan os que esquecen o prometido e os que co seu voto aumentan o sufrimento da xente. Votar que “non” a esta ILP sería votar que “si” ao sufrimento, á pobreza e á morte.

E, finalmente, non hai motivos para votar que “non”, porque, como xa dixen, unha ILP é a expresión da vontade do pobo, dos poucos resquicios que lle quedan a este réxime para que a cidadanía participe.

Por responsabilidade, porque teñen razón, porque teñen dereito, porque o piden milleiros de persoas –profesionais e pacientes–, porque votar “non” sería votar polo sufrimento, dende Alternativa Galega de Esquerda, e tal e como solicitamos noutras ocasións nesta Cámara, imos votar que “si” á toma en consideración desta ILP, para que en todas as nosas provincias teñamos os mesmos dereitos sanitarios.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Moi boas tardes, señorías.

En primeiro lugar, quero saudar e dar a benvida a todos os representantes da Federación de Veciños e moitos outros colectivos e asociacións de Lugo, así como representantes institucionais da nosa provincia que hoxe nos acompañan. E, dende logo, felicitar a todos os membros da comisión promotora desta ILP e a todas as asociacións lucenses polo inmenso éxito acadado. Máis de 41 firmas avalan esta proposición lexislativa popular, un éxito sen precedentes, triplican o número necesario para presentar aquí unha iniciativa deste tipo. Un alto número que dá idea do traballo firme e serio de todas as asociacións de veciños e tamén e, sobre todo, do amplísimo respaldo que esta iniciativa ten entre os cidadáns non só da provincia de Lugo, non só da cidade de Lugo, senón de toda Galicia, un clamor que dende logo non pode ser obviado.

E permítanme, antes de que argumente por que o Grupo Socialista vai votar afirmativamente a toma en consideración desta ILP, que faga un recordo, que teña un recordo especial –e, dende logo, poden crerme que moi agarimoso–, ao doutor Miguel Ángel González, que dedicou parte das últimas, unha grande parte das súas últimas forzas para conseguir que o Hospital Lucus Augusti tivera os servizos de Hemodinámica 24 horas, Radioterapia e Medicina Nuclear. (*Aplausos.*) Porque diso trata esta iniciativa, diso trata, de ter uns servizos que xa contan con eles todas as provincias galegas menos a lucense.

Pero trata tamén de algo máis, de algo realmente moi importante: trata da defensa da igualdade de todos os cidadáns para acceder aos mesmos servizos sanitarios en igualdade de condicións. Fala e trata de xustiza, fala de defensa dunha sanidade pública e universal baseada nos principios de equidade, estes principios que defendemos os socialistas e que seguiremos a defender sempre fronte ás políticas privatizadoras da dereita. Fala da forza dunha cidadanía unida resolta a conseguir o que merece e o que é o seu dereito, resolta a facerse oír por todos os medios democráticos ao seu alcance. Isto é do que trata realmente esta iniciativa.

Chegar aquí sei que custou moitísimo esforzo, moito tempo e moito traballo a moitas persoas, pero tempo, esforzo e traballo que tiveron que empregar debido a unha razón moi clara: aos continuos incumprimentos do presidente Feijóo a todas as súas promesas de que o Hospital de Lugo contaría con estes servizos, imprescindibles nunha sanidade moderna.

E si, falo de continuos incumprimentos, porque as promesas non foron unha nin sequera dúas. Citouse aquí a máis coñecida, a da inauguración do Hospital Lucus Augusti, en febreiro de 2011, pero permítame que lembre outra máis. O 29 de xuño de 2010 – de 2010 –, nun acto de presentación do novo hospital que aínda estaba sen abrir, o presidente Feijóo dixo textualmente: “Cando entre en funcionamento este hospital, os doentes da provincia non se verán obrigados a desprazarse a outros hospitais para recibir tratamento de radioterapia”. 1.392 días despois, os doentes de cancro da provincia de Lugo seguen desprazándose a hospitais sobre todo da Coruña, e nisto quedaron as promesas do presidente. E logo sucedéronse moitas que non teño tempo a relatar.

Respostas a preguntas parlamentarias, publirreportaxes en medios de comunicación, incluso a aprobación –xa citada aquí– dunha moción socialista para que tiveramos Hemodinámica 24 horas, 24 horas, e –insisto– 24 horas, porque os socialistas non imos deixar a loita, deixar as protestas e deixar todo o traballo político para que Lugo conte con 24 horas e non de oito a tres.

Promesas incumpridas, mentiras, desculpas e evasivas, isto é o que conseguimos do presidente Feijóo e do Partido Popular os lucenses, nunha actitude –permítanme que lles diga– que me parece inaceptable para o presidente dun goberno e que ademais lle resta toda credibilidade. Non é estraño, entón, que a cidadanía tomara a iniciativa e pedira outra resposta. Dúas grandes manifestacións que se produciron en Lugo, apoio de 250 asociacións; colectivos de todo tipo: sanitarios, empresariais, asociacións culturais, asociación de veciños, alcaldes, grupos políticos, institucións, a deputación, os concellos..., todos clamando polo que era un dereito da provincia. Ningunha destas manifestacións tivo ningunha resposta por parte do presidente Feijóo, nin sequera a conselleira de Sanidade foi quen de recibilos. E non os recibe por unha razón moi clara: porque non ten excusas, xa non hai excusas. ¡Déronse tantas...! Unha delas –e quero

citála porque foi a máis utilizada– é que a compra da tecnoloxía necesaria para o HULA estaba nun concurso de diálogo competitivo. Máis ben é un concurso de diálogo inacabable, porque as verbas das sucesivas conselleiras de Sanidade dicían que en setembro de 2011 estaba xa celebrada a Mesa de contratación para adquirir as dotacións destes servizos. Setembro de 2011. Este concurso segue aberto.

A señora conselleira dicía neste momento que o Sergas continúa o seu traballo de forma intensa para que os lucenses disfruten canto antes dos servizos sanitarios que merecen. Pois ben, case catro anos despois, os lucenses seguimos sen disfrutar os servizos sanitarios que merecemos, e o concurso aberto.

¿Isto que resposta pode ter? ¿Unha total ineficacia da conselleira de Sanidade ou intereses e motivos espurios para non levar a cabo esta dotación? Isto é o que ten que contestar o Goberno de Galicia.

Vostedes escoitarán aquí despois –en canto eu remate– moitas outras excusas, moitas outras. Dende logo estou segura de que escoitarán a excusa xa manida da herdanza recibida. Todo isto será culpa do bipartito, e, se se terza e é necesario, será culpa de Zapatero incluso, pero o certo é que o hospital no Goberno de Touriño tiña rematada toda a obra civil para recibir a tecnoloxía e tiña tamén as cantidades presupostarias necesarias.

Xa non hai excusas, non hai máis excusas, non pode haber máis excusas. O PP está só nestas excusas, todas elas. Pero o que si hai son moitos motivos e moitas razóns para apoiar esta iniciativa. Foron xa relatados e defendidos polos meus predecesores. Soamente quero resumilos nunha frase moi curta, as razóns son as seguintes: mil lucenses que necesitan ao ano un cateterismo; 600 lucenses con tratamento de radioterapia que teñen que trasladarse, e outros 1.000 lucenses que necesitan ser diagnosticados coas tecnoloxías de medicina nuclear. Estas son as razóns para que haxa dereito a ter estes servizos no HULA.

A iniciativa é moi clara e moi concreta. Estou segura de que o PP vai votar afirmativamente esta ILP porque non pode aguantar xa máis a presión popular e a presión política; esa é a razón. Pero tamén quero dicirlles, señores do Grupo Popular, se van votar que si, será para cumprir as súas pro-

mesas. ¡Xa está ben! Imos estar moi vixiantes de que se cumpran as promesas e de que se cumpran os prazos. Non poden apoiar isto para seguir mentindo como fai o Partido Popular, que é especialista. Non imos aceptar esas mentiras. A aceptación da ILP ten que terminar nun prazo razoable coa instalación desta tecnoloxía e destes servizos sanitarios en Lugo, porque ¿saben, señores e señoras do Partido Popular?, os lucenses xa esperamos demasiado para ter o que nos corresponde. E dígolles de verdade: os lucenses non imos esperar máis.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra don Jaime Castiñeira Broz.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Señora presidenta, señorías.

Quero empezar esta intervención saudando os veciños de Lugo que hoxe nos acompañan aquí, neste salón de plenos, e tamén os que nos están seguindo a través da internet.

Tamén quero facer dende aquí un recoñecemento aos autores desta iniciativa por canalizar unha preocupación de todos os lucenses, porque, falando de enfermidades, ningún de nós estamos libres de que teñamos que utilizar algún día eses servizos.

Esta iniciativa vén complementar e referendar o compromiso firme que a Xunta de Galicia tivo dende o primeiro momento; e así o dixo o presidente Feijóo, efectivamente, na inauguración do novo hospital de Lugo. Vostedes pódennos dicir que houbo atrasos, si, pero non nos poden dicir que a Xunta non ten a sensibilidade e o compromiso necesarios para dotar o HULA destes servizos. Precisamente froito desa sensibilidade e da planificación temos en Lugo un hospital no que xa funciona o Servizo de Hemodinámica e para o que xa se licitaron hai seis meses os equipamentos necesarios para Medicina Nuclear e Radioterapia. É por iso polo que xa lles anuncio que imos votar a favor desta iniciativa, por coherencia co traballo desenvolto polo presidente da Xunta, pola Consellería de Sanidade, á que dou grazas por ese traballo, e tamén –por que non dicilo– polo traballo feito polo Partido Popular de Lugo ao longo destes últimos anos.

(Aplausos.) Traballo que se vén reflectindo claramente coa Hemodinámica. O primeiro paso é unha realidade, e así a Hemodinámica está funcionando no HULA dende principios de xaneiro. ¿Que quere dicir isto? Moi sinxelo, que para conseguir calquera obxectivo hai que ir dando os pasos axeitados, e neste caso estanse dando.

Pero antes de nada quixera, señor portavoz do colectivo que presenta esta ILP, señor Quiroga, facer tres puntualizacións respecto da súa exposición de motivos. En primeiro lugar, ao inicio da súa iniciativa din vostedes que recentes estudos científicos revelan que a mortalidade de enfermos de infarto de miocardio en Lugo dobra a padecida por enfermos da Coruña, Vigo ou Santiago, lugares nos que si existe persoal cualificado e os medios materiais para tratar esta patoloxía cardiovascular.

Gustaríanos –se puidera ser– que nos facilitara unha copia ou nos dixerá as fontes de onde saíron eses estudos científicos e tamén a data a que se refiren, porque nós non atopamos por ningún lado esa situación. É máis, ao longo dos últimos anos que levamos traballando nestes servizos, os datos dos que nós dispoñemos a través da consellería dinnos máis ben o contrario. Segundo os datos –como digo– da consellería, a realidade é a inversa, porque a taxa de mortalidade por infarto agudo de miocardio en Lugo non está por riba da media galega, senón por debaixo lixeiramente. E, desde logo, en relación co hospital da Coruña, en canto aos datos de mortalidade aos 30 días por infarto de miocardio no período 2006-2010, hai estudos que din que na Coruña é o 6,7 %, mentres que en Lugo, HULA, é o 4,7 %, é dicir, dous puntos por debaixo. Non nos cadran os datos, por iso me gustaría que nos puidera facilitar e explicar esa situación.

Unha segunda puntualización que quixera facer é a relacionada co persoal do HULA, e leo literalmente: “A mortalidade de enfermos de infarto de miocardio en Lugo dobra a padecida por enfermos da Coruña, Vigo ou Santiago, lugares nos que si existe persoal cualificado”. E eu diría que en Lugo tamén. En Lugo tamén existe, no hospital do HULA tamén existe persoal cualificado, señores e señoras. Desde logo, estou convencido de que vostedes non pensan neste tema igual que nós, por iso o quixera dicir. Porque mire, o persoal da área de Cardiología, igual que o resto do persoal do hospital, está formado por excelentes profesionais, e estou convencido de que ninguén aquí o dubida. Eu entendo que

habería que felicitalos. Pero mire, o que está escrito e o que se di aquí queda recollido nas actas, e, polo tanto, é importante que quede clara esa situación, por iso lle pido que mo aclare.

E unha terceira puntualización. Quixera dicirlles, señorías destas bancadas, que non por repetir moitas veces unha falsidade se converte nunha verdade. Desde logo, poden dicilo as veces que queiran, pero miren, no parágrafo dez desta iniciativa, da exposición de motivos, aparece recollido que se cobra polo traslado en ambulancias, e nada máis lonxe diso. É falso, iso non é verdade. Nunca se cobrou, nin se cobra nin se vai cobrar polo traslado a ningún enfermo nunha ambulancia, e, por suposto, moito menos aos enfermos de cancro, ¡para nada! Polo tanto, iso é unha falsidade que non se corresponde, e sei seguro que os promotores desta iniciativa non queren aportar aquí ningunha falsidade ao respecto.

En canto a Radioterapia, hai que dicir que –como dixen antes– foi licitada hai seis meses e está ese concurso en período de adxudicación, en tramitación. É un concurso por importe de 88 millóns de euros que está en tramitación, e dentro del van unha serie de equipamentos para os hospitais de Galicia e, por suposto, tamén para o HULA. Vai todo o equipamento necesario para implantar os servizos de Radioterapia e Medicina Nuclear.

Somos plenamente conscientes desde o Partido Popular e entendemos a sensibilidade da situación que atravesan as persoas que teñen que desprazarse a outros sitios –á Coruña fundamentalmente– para ser tratadas por problemas de cancro, totalmente con eles. É máis, desgraciadamente é unha lacra que están a sufrir a maioría das familias. É moi raro que non haxa unha familia que non estea a padecer, máis preto ou mais lonxe, algunha destas desgrazas –na miña tamén, desgraciadamente–, pero asegúrolles que estou convencido de que máis pronto que tarde dispoñeremos en Lugo deses servizos.

A todos nos gustaría, por suposto, que o hospital se inaugurara a pleno rendemento, con todos os servizos posibles, e iso é comprensible, pero a realidade é que a Hemodinámica entrou en funcionamento a primeiros de ano nos tres primeiros anos de vida, non cinco, señor Pombo. Cinco xa quixeramos, porque lle correspondía ao bipartito, pero non cumpriu, xa llo explicarei, e a Radioterapia está licitada. Polo

tanto, o PP temos moi claras as nosas reivindicacións, pero tamén temos moi claros os compromisos firmes que hai dende a Xunta de Galicia.

Miren, hai compromisos; falaba a señora Concepción Burgo e o resto dos deputados de compromisos. Vostedes non leron os compromisos do bipartito, non leron os compromisos das visitas que fixo o señor Touriño a Lugo. Alí se comprometía a rematar o edificio no ano 2008 e a inauguralo no 2009 con todos os servizos. ¿Sabe como quedou no 2009 o edificio? Sen rematar. Houbo que pagar 47 millóns de euros para rematar a obra civil e 41 millóns de euros para o equipamento: nin sillas nin camas, e, por suposto, sen equipamento para os quirófanos, etc. (*Aplausos.*)

Por certo, algún dos que estaban aquí e aí arriba queixábanse de que as camas eran moi luxosas. Ao mellor querían que levaran as do vello hospital, pero o Partido Popular, o Goberno do Partido Popular, decidiu poñer o equipamento practicamente todo novo.

E miren, hai unha cousa moi clara. Os de Lugo temos memoria, temos historia e sabemos perfectamente quen empezou este hospital, quen o implantou e quen o rematou, sabémolo perfectamente, porque os catro fitos máis importantes da historia do hospital de Lugo correspóndense casualmente con feitos e gobernos do Partido Popular.

O primeiro paso deuse no ano 1996, cando no plan funcional –presidida por don Manuel Fraga daquela a Xunta de Galicia– se acorda a construción dun novo hospital en Lugo. O segundo, no ano 1998, cando se encarga e se contrata o proxecto de execución. No 2002 iníciase as obras e no 2010 remátanse. Iníciase o traslado, traslado que finaliza en febreiro do ano 2011, cando se inaugurou. Esas foron todas as datas, históricas para Lugo, e, dende logo, pertencentes a un goberno do Partido Popular.

Miren, como dixen antes, estou seguro de que a todos nos gustaría que o Hospital Universitario *Lucus Augusti* se inaugurase con todos os servizos en funcionamento. É máis, a todos nos gustaría que se inaugurase no 2009 como prometera o bipartito. Pero, señor Pombo, vostede dicía “a bolsa ou a vida”. Paréceme que ao bipartito lle gustou máis a bolsa, porque, desde logo, aquí non o cumpriu, aquí non o cumpriu nin moito menos (*Aplausos.*)

E, miren, sei do compromiso firme do presidente Feijóo e da Consellería de Sanidade co HULA, e sei que temos en Lugo un dos mellores hospitais –pese a quen lle pese– de España. Un compromiso firme que xa se deu coa hemodinámica, e que entrou en funcionamento a primeiros de ano.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Remato, señora presidenta.

Un compromiso firme que tamén se constatou coa licitación hai seis meses do equipamento dos servizos de radioterapia e medicina nuclear. E a todos, desde logo, nos gustaría que levaran anos implantados, por suposto, porque iso evitaría moitas molestias a moitos usuarios, ¿a quen non? Desde logo que si. Pero existe neste Goberno e nesta Xunta de Galicia unha planificación e un traballo continuo para dotar o HULA destes servizos. E por iso quero agradecer aos meus compañeiros...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...do Grupo Parlamentario do PP o apoio a esta iniciativa. Quero agradecerlle tamén ao resto dos grupos parlamentarios e, por suposto, aos autores da mesma; porque, como dixen, vén referendar a planificación e a sensibilidade da Xunta de Galicia con Lugo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Castiñeira.

Rolda de réplica de don Vicente Quiroga Rodríguez, por un tempo de cinco minutos.

Ten a palabra.

O señor REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Quiroga Rodríguez): Moitas grazas a todos.

Vou empezar polo final, pola intervención do señor Castiñeira, que di practicamente que a Xunta, a actual Xunta, que xa leva legislatura e media, cumpriu fielmente con todas as súas obrigas. Entón eu simplemente quero recordar o que dixen antes, as promesas que fixo o señor presidente da Xunta –o señor Feijóo– o día que se inaugurou o HULA, que

se, en vez de facer esas promesas, estivera calado, non pasaba nada. (*Aplausos.*) E vostedes podíanlles seguir botando a culpa aos gobernos anteriores, anteriores, anteriores..., e así ata chegar ao señor Fraga, que descanse en paz.

Eu penso que, cando dixen “¿de que serven as promesas dun presidente da Xunta cando o tempo e a realidade se encargan de desmentilas, á hora da verdade, á hora do clamoroso incumprimento, tres anos despois de seren pronunciadas?”, dixen toda a verdade. O demais son desculpas.

Pedíronme a min que xustifique aquí por que hai máis mortalidade, por exemplo, en Hemodinámica en Lugo que noutros sitios. É perder o tempo, simplemente como ir ás cifras, e ir aos percorridos que teñen que facer as utilidades, defensas, que ten o hospital de Lugo comparado cos outros hospitais, e comparado cos outros enfermos que teñen esas vantaxes máis cerca. Pois non sei, ou é unha tomadura de pelo ou é perder o tempo.

Señor Castiñeira, eu agradézolle sinceramente o seu voto, pero non lle vou dar a razón nas outras razóns que vostede expuxo –aínda que sexa unha redundancia–, porque non estou en absoluto de acordo.

Ao BNG doulle as grazas pola súa intervención, e por compartir plenamente o que eu xa dixen en canto ás promesas desta Xunta, do señor presidente, xa na inauguración do HULA e posteriormente. Simplemente quero aclarar unha cousa: dicir que a saúde non ten cor política non o dixen eu, díxoo o alcalde de Baralla. Eu penso que a saúde si ten cor política. Eu defendo a saúde desde unha sanidade pública, e iso implica unha política. (*Aplausos.*)

E tamén quero recordar que, cando o presidente da Xunta, pola súa banda, prometeu unhas cousas, e este Parlamento, por outra, aprobou unha moción por unanimidade, é porque existían –volvo repetir– uns informes técnicos, xurídicos e económicos que dicían que era posible. Porque, se non fose así, entón eu estaría aquí meténdome co señor presidente da Xunta e meténdome con todos vostedes, o cal, desde logo, non é a miña intención, nin creo que sexa así.

En canto a AGE, pois tamén lle dou as grazas pola súa intervención. A sanidade, polo menos a que eu pido, neste caso non depende da cor política de quen estea no Goberno. Eu

penso que a sanidade depende dos dereitos que temos os cidadáns, todos, estea quen estea nese goberno. Porque eu sigo defendendo que a sanidade ten que ser pública, porque eu sigo defendendo o Estado do benestar, e o Estado de benestar non é só a sanidade. É a sanidade, é o ensino e é a asistencia social. Se nun país calquera eses tres puntos fallan, entón ese xa non é un país democrático, ese é un residuo dun país democrático. Iso é outra cousa (*Aplausos.*)

Á representante do PSOE, dona Concepción Burgo, miña veciña, querida veciña de Lugo, agradézolle o seu recordo para don Miguel Ángel González. E direi aquí unha anécdota que a min me conmoveu, no día que se enterrou a don Miguel Ángel González, o día que se fixo o seu funeral. A súa viúva –que hoxe ía estar aí nesas bancadas, pero, pola enfermidade doutro parente moi cercano, tivo que marchar, xa estando aquí no Parlamento, para Santander, paréceme, e non pode estar aí agora nas bancadas–, o día que enterraban o seu marido, díxome: “Querido Vicente, eu quero seguir representando o meu marido, eu quero seguir defendendo a sanidade en Lugo, eu quero seguir facendo a laboura que el facía”. E eu pídovos que teñades iso en conta e que llo agradezades, porque non é unha cousa normal que unha persoa nesas circunstancias o mesmo día che faga ese ofrecemento e che faga esa promesa. (*Aplausos.*)

En resumidas contas, e para non cansar a todos vostedes máis, penso que está todo dito, e todo está comprendido por unhas bandas e por outras. O que quero é dar as grazas de corazón ás persoas que de corazón votan que si a esta alternativa, a todas as persoas que a votan, pero tamén recordar aquí outro pequeno poema dese gran amigo meu que se chamaba Novoneyra, que dicía: “No bicarelo do bico do brelo/canta o paxariño./ No mesmiño/ bicarelo do bico do brelo.” Pois alí, na parte de arriba, no bico do brelo, estaremos todos os que están aí, todas as asociacións, todos os de Lugo, vixiantes de que isto que se acaba de aprobar aquí se cumpra, sen enganar, sen demorar, como ata agora, que se cumpra de verdade, que Lugo teña os dereitos que lle corresponden, que é o dereito á vida, o dereito á saúde, para os de mediana idade, para os nenos, para os que imos vellos e para todos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Señor Quiroga, agarde polo señor vicepresidente primeiro, que o acompaña á saída do hemicycleo.

Continuamos coa orde do día.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de accesibilidade

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para a presentación do proxecto de lei, a conselleira de Traballo e Benestar,

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidenta.

Señorías, moi boa tarde a todos.

Gustaríame comezar a miña intervención destacando a importancia que ten a Lei de accesibilidade para a Comunidade Autónoma de Galicia. Creo firmemente que esta é unha lei fundamental para o día a día, neste caso, das persoas con discapacidade. E por iso, e só por iso, é fundamental para Galicia.

En xeral, a cidadanía non é consciente da cantidade de barreiras –e non me refiro só ás arquitectónicas– ás que se ten que afrontar diariamente unha persoa con discapacidade. E esta lei nace co firme obxectivo de eliminar todas esas barreiras para acadar unha accesibilidade universal. Quere-mos eliminar todos os obstáculos que impidan ás persoas con discapacidade realizar unha vida absolutamente normalizada no século XXI. E facémolo porque entendemos que isto debería ser o normal, aínda que a realidade actual nos amose xusto todo o contrario.

É imprescindible, polo tanto, primeiro de todo, actualizar a normativa vixente canto antes, posto que a normativa actual data do ano 1997 e sería unha imprudencia obviar que en dezasete anos a realidade mudou –e moito– en canto ás barreiras de accesibilidade. Así, por exemplo, un dos exemplos principais da lei é eliminar as barreiras vencelladas ás tecnoloxías que, por exemplo, non existían no ano 1997, como as máis avanzadas en telecomunicacións. É dicir, se no ano 1997 a normativa só se centraba nas barreiras arquitectónicas, agora temos tamén que falar das barreiras que existen no ámbito das novas tecnoloxías, porque os avances tecnolóxicos son unha parte moi importante do noso día a día, e están a ser un freo para moitas das persoas con discapacidade.

Ademais, dende o ano 1997 xurdiron normativas estatais e universais, ás que é preciso adaptarse. Este texto vén a dar resposta a todas esas normativas posteriores para constituír un marco normativo que sexa máis áxil e tamén propio en materia de accesibilidade na nosa comunidade.

Así, para a súa elaboración tivemos en conta a Convención Internacional de Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, que se celebrou en decembro do ano 2006, e na que se introduciron novos conceptos como a comunicación e o deseño universal; tamén a Lei de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade das persoas con discapacidade do ano 2003, que toma como referencia, entre outros principios, a accesibilidade universal e a importancia da transversalidade das políticas de discapacidade; e tamén a Estratexia europea sobre discapacidade 2010-2020, que elaborou a Unión Europea co obxectivo de que todas as persoas con discapacidade poidan disfrutar dos seus dereitos e beneficiarse plenamente da súa participación na economía e na sociedade europea. E tamén a Estratexia española sobre a discapacidade 2012-2020, que persegue mellorar o benestar das persoas con discapacidade, e a Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, que foi aprobada por este Goberno estatal o pasado mes de decembro.

Por todo isto, consideramos fundamental refundir estas normativas posteriores á lei actual nun só texto. E para facelo tivemos en conta oito principios reitores en torno aos cales se diseña esta lei.

En primeiro lugar, a accesibilidade universal, unha condición que se debe cumprir en todos os entornos, bens e servizos, é dicir, en todos os ámbitos da vida.

En segundo lugar, ten que ser un deseño para todas as persoas, posto que de nada serve unha accesibilidade en todos os ámbitos se non se fai para todas as persoas.

Así, o terceiro principio é a sociedade inclusiva, porque o obxectivo último desta lei, non o olvidemos, é promover a participación plena de todas as persoas na sociedade.

Nesta liña, o cuarto principio non pode ser outro que a igualdade de oportunidades e a ausencia de calquera tipo de discriminación, ben sexa directa ou indirecta, e todo isto para

promover unha vida totalmente independente na que a persoa con discapacidade teña a capacidade plena para decidir e participar activamente. Sempre enmarcado no seo dun diálogo civil, no que as organizacións representativas das persoas con discapacidade e as súas familias participen na elaboración das leis e no resto das disposicións normativas.

Tamén a normalización é outro dos principios, posto que as persoas con discapacidade deben poder ter unha vida totalmente normal, accedendo aos mesmos lugares e ámbitos que calquera outra persoa.

E mesmo o último principio reitor fai fincapé na importancia da transversalidade das políticas de discapacidade. É precisa a participación de todas as administracións en todos os ámbitos.

Tendo en conta estes oito principios, deseñamos esta lei que introduce melloras importantes, posto que un dos ámbitos máis importantes para conseguir unha inclusión efectiva das persoas con discapacidade é precisamente a adaptación do entorno ás necesidades de todas as persoas.

Con esta lei regulamos as condicións básicas de accesibilidade, entendendo como tal o acceso das persoas con discapacidade nas mesmas condicións que o resto da poboación a espazos públicos urbanizados na edificación, no transporte, na comunicación e no acceso aos bens e servizos das administracións públicas da nosa comunidade autónoma, e garantindo que se faga nunha realidade igual de oportunidades en todos os eidos, por exemplo, haberá mellores posibilidades para o emprego para as persoas con discapacidades porque entendemos dende o Goberno da Xunta de Galicia que non hai mellor política social que a do emprego. Ademais, como non podería ser doutro xeito para elaborar esta lei destas dimensións, hai que traballar en conxunto, que é traballar no diálogo; é dicir, non traballar en solitario.

Tivemos moi en conta a opinión das entidades que traballan con persoas con discapacidade –e aproveito a ocasión para saudar a moitas das entidades que hoxe nos acompañan neste hemiciclo–. Falamos dunha lei que abrimos a alegacións para que todas as entidades, tamén colexios profesionais e todas as administracións, tiveran a oportunidade de presentar as súas observacións. Así, foi colgada na páxina web desta consellería, pero tamén foi remitida expresamen-

te a 38 entidades e administracións, que tiveron un prazo de 15 días para presentar alegacións. Desas 38 entidades ás que foi remitido o texto, 18 contestaron, e preto do 70 % das alegacións presentadas por estas entidades foron atendidas.

Ademais, demos un paso importante coa renovación do Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras, cuxa última reunión, lamentablemente, foi no ano 2002; un consello que este goberno renova, que renovamos para que se consolide como principal órgano de participación e consulta en materia de accesibilidade da nosa comunidade. Neste consello, por suposto, tamén están representados os concellos a través da Fegamp; ademais, están representados os colexios profesionais e algunhas entidades máis representativas dos colectivos que traballan coa discapacidade. Esta nova Lei de accesibilidade foi presentada tamén neste consello; consello que lle deu o seu visto bo.

Aproveito tamén, máis que para saudar, para agradecer expresamente o traballo desenvolvido e feito ao longo de dous anos por todas as entidades aquí presentes e non presentes para mellorar este texto de lei. O texto que hoxe presento nesta Cámara incorpora dous aspectos fundamentais que ata o de agora non estaban regulados. Así, introducimos a sociedade da información e as telecomunicacións como un ámbito que ten que ser moi tido en conta. No capítulo IV desta lei facemos referencia á importancia da supresión de barreiras, e que chegue a todos os eidos, e, evidentemente, que chegue tamén a información. Algo tan sinxelo e tan habitual como acceder a unha páxina web, ou mesmo á sinatura electrónica, pode ser moi complicado –e ás veces imposible– para algunhas persoas con discapacidade. Na nosa man está poñer os medios para que isto sexa un trámite máis e que non supoña un esforzo a maiores, e queremos que todas as administracións públicas o fagan. Por iso nesta lei establecemos que a Administración xeral e o resto do sector público autonómico velen pola accesibilidade universal e o deseño para todos en conceptos como a sinatura electrónica e mesmo tamén no acceso a páxinas web.

Neste sentido tamén contemplamos a posibilidade de establecer convenios cos operadores de telecomunicacións e cos operadores de televisión e radio para garantir o acceso universal aos servizos de atención á cidadanía. Así, dende a Xunta de Galicia xa temos posto en marcha medidas para

avanzar nesta liña. Fomos unha das primeiras rexións europeas que desenvolveu un proxecto piloto e pioneiro que foi o Proxecto Rich 112; unha actuación que é posible grazas, evidentemente, ao continuo desenvolvemento das novas tecnoloxías, pero que non remata alí. E actualmente estamos a mellorar e estamos a traballar no desenvolvemento dunha nova xeración do 112 que contemplará o estándar de conversación total, incluíndo voz, datos e imaxes. Deste xeito, calquera persoa, independentemente da súa discapacidade, poderá acceder a el.

Outro aspecto novidoso é que regulamos nesta normativa o acceso aos bens, aos servizos das administracións públicas. Queremos que todas as administracións públicas da nosa comunidade adopten as medidas necesarias para garantir esa accesibilidade universal. E queremos que o fagan en todos os eidos, tamén nos recursos humanos e materiais, e, por suposto, nas oficinas de atención ao público. O obxectivo é conseguir que as persoas con discapacidade teñan un acceso pleno aos servizos públicos e á Administración electrónica. Así, dende a Xunta de Galicia temos avanzado dando pasos importantes coa posta en funcionamento dun proxecto que se chama Biltec, grazas ao diálogo e á colaboración que mantemos coa Federación da Asociación de Persoas Xordas de Galicia

O desenvolvemento deste programa, que se leva a cabo a través dun convenio coa Faxpga, permitiu mellorar moi notablemente o servizo de vídeo e interpretación de lingua de signos para acceder ao Rexistro Xeral da Xunta de Galicia e navegar na web do Goberno autonómico. Ademais, Biltec é unha plataforma tecnolóxica deseñada e desenvolvida pola nosa comunidade; foi desenvolvida en Galicia. E isto é un avance, pero é insuficiente, así que dende a Xunta de Galicia continuaremos avanzando nesta liña e instando a que outras administracións tamén o fagan.

Tamén nesta lei establecemos un novo réxime de sancións; sancións que son as máis rigorosas dentro da horquilla que permite a lei estatal. As comunidades autónomas teñen a capacidade de decidir que contías poñen entre un mínimo e un máximo. E esta comunidade autónoma, por convicción, escolle a contía máxima, e non por afán recadatorio senón por protexer os dereitos e o benestar das persoas con discapacidade. Consideramos que as sancións son unha medida para frear os comportamentos discriminatorios e para favo-

recer a igualdade de oportunidades. Así, as sancións irán dende 300 euros ata 1 millón de euros as máis graves: infraccións leves, como pode ser o caso dun restaurante ou dunha oficina que non teña a disposición mobiliaria ou que interfira na mobilidade das persoas; ou sancións moi graves, como pode ser impedir o acceso ás persoas con discapacidades acompañadas dun can á asistencia a lugares de titularidade pública.

Con esta normativa tamén regulamos outros aspectos concretos, como é o incremento da porcentaxe de reserva de vivenda pública adaptada na promoción pública, pasando do 3 % ao 4 %. Mesmo tamén establecemos polo menos que 1 de cada 40 prazas de estacionamento sexa destinada ás persoas con discapacidade. Incluso imos máis alá e garantimos que o número de prazas de estacionamento non se vai reducir; é dicir, poñemos un marco normativo para blindar este número de prazas. Tamén promovemos a supresión de barreiras de comunicación mediante o establecemento de mecanismos e alternativas técnicas e humanas, como son tamén os intérpretes de lingua de signos para persoas xordas con discapacidade auditiva e persoas xordocegas e outras ferramentas tecnolóxicas. Para isto fomentaremos a formación de profesionais e a existencia nas distintas administracións públicas, nas distintas áreas do Goberno da Xunta de Galicia, deste persoal especializado. Con esta medida damos resposta a unha demanda moi reclamada pola Federación de Faxpga. Tamén regulamos a Comisión Técnica de Accesibilidade, na que participa activamente Urbanismo, Vivenda e mesmo tamén Mobilidade.

Evidentemente, isto non é froito dun traballo puntual, senón que é froito dun compromiso deste goberno, que foi quen de levar adiante, da man, evidentemente, das entidades, un plan de acción integral para a discapacidade, con medidas específicas de mellora da accesibilidade –52 en concreto– e que algunhas delas xa foron desenvolvidas.

Mesmo tamén o noso compromiso, máis alá da publicación desta lei e máis alá do Plan estratéxico, vai vencellado directamente aos orzamentos; orzamentos que ata o de agora foron blindados e que a partir deste ano e por primeira vez incrementan nun 6 % todo o orzamento de apoio á discapacidade. E tamén o incremento desenvolvido dende o ano 2009 en máis de 700 prazas novas públicas para a discapacidade, ata achegarse ás 5.000 prazas públicas existentes.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Con esta lei queremos dar un paso –xa remato, presidente– máis no camiño cara á accesibilidade universal, queremos rematar con todas as barreiras –non só as arquitectónicas– e introducir ámbitos fundamentais, como é a Sociedade da Información de Telecomunicacións, porque ante todo o que queremos é garantir a protección dos dereitos das persoas con discapacidade, a participación dunha maneira normalizada e garantir que as persoas con discapacidade teñan as mesmas oportunidades.

Estou convencida de que agora, neste trámite parlamentario, o traballo de todos os grupos parlamentarios que teñen representación neste Parlamento, se cabe, mellorará este texto de lei, que conta coa contribución das entidades, que conta coa contribución doutras administracións, pero que espera tamén contar coa contribución dos grupos parlamentarios.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, conselleira.

Rolda de defensa das emendas á totalidade.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Boa tarde, señoras deputadas señores deputados, señora conselleira.

Tamén quero aproveitar para saudar as persoas que están seguindo este pleno; as persoas que realmente levan anos loitando por unha sociedade inclusiva, por unha sociedade igualitaria, por unha sociedade que non discrimine ningunha persoa.

Por iso somos perfectamente coñecedores e coñecedoras dende o Bloque Nacionalista Galego da importancia que ten un proxecto de lei a respecto da sociedade inclusiva, a respecto da accesibilidade, porque cómpre lembrar que, aínda

que a conselleira citara partes da exposición de motivos deste texto, o título do texto é simplemente Lei de accesibilidade de Galiza, e, como poden comprobar vostedes mesmos, soamente se refire a ese aspecto, e en moitos casos simplemente a aspectos de corte técnico.

Dende o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha emenda á totalidade por tres motivos fundamentais: primeiro, porque consideramos que é un texto fortemente declarativo, sen un compromiso real con esa sociedade inclusiva. En segundo lugar, porque consideramos que é un texto excesivamente inconcreto. Agardar tantos anos por un texto tan inconcreto parécenos que non é adecuado. E, terceiro –para nós o aspecto máis relevante–, é un texto carente de mecanismos e recursos para que os obxectivos que persegue a exposición de motivos desta lei cheguen a concretarse. De feito –e permítame dicirlllo, señora conselleira–, vostede emprega esta lei para levar adiante un recorte social máis, eliminando o título III da antiga Lei de accesibilidade e, polo tanto, deixando esta lei sen recursos nin obrigatoriedade de recursos a respecto dun fondo para a accesibilidade.

Vaiamos ao detalle. ¿Por que digo que é un texto fortemente declarativo? Porque así xa o establece, por exemplo, o propio CES no seu informe. Di claramente que este consello comparte a necesidade de actualizar a lexislación autonómica no ámbito da accesibilidade, mais o anteproxecto prodígase de enunciados declarativos –que é o que, efectivamente, podemos ver en todo o texto– cuxa tramitación se adía a un futuro desenvolvemento regulamentario. Agardamos tanto tempo por un texto que non concreta exactamente as medidas que se van levar adiante e que o deixa realmente a ese desenvolvemento normativo; que, como sabemos pola experiencia doutras leis, pode adiarse durante anos.

Efectivamente, nós podemos compartir o espírito que aparece na exposición de motivos de: “Esta lei ten como obxectivo facer unha sociedade inclusiva e accesible que garanta a autonomía das persoas, que evite a discriminación e que favoreza a igualdade de oportunidades para toda a cidadanía, especialmente para as persoas que teñan discapacidade”. Mais, señora conselleira, vostede, que falou moito de programas que están en desenvolvemento no seu departamento, ¿que medidas concretas e reais lexislativas ten esta lei para que, efectivamente, este principio declarativo sexa unha realidade concreta e lexislativa? Pídlle que nolas explique.

Así, tamén afirman as propias emendas que dende o Cermi nos fixeron chegar a este grupo parlamentario –igual que ao resto de grupos parlamentarios– que é un texto que realmente non concreta e que deixa unha serie de colectivos, como son os nenos e as nenas, os emigrantes ou as persoas maiores e as persoas con discapacidade, sen realmente concreción de medidas. E tamén con moi bo tino afirma este texto do Cermi que o importante é considerar desde o primeiro momento a necesidade de construír entornos psicoloxicamente comprensibles para todos, e que todos os entornos terán que ser accesibles, manexables, informados, comprensibles e amigables.

Quero lembrarlle, señora conselleira, que o seu goberno, dende a súa chegada ao goberno, unha das primeiras medidas que adoptou a Consellería de Vivenda foi derrogar as normas do hábitat que pretendían ter unha normativa amigábel, unha normativa accesíbel, para todas as persoas.

Señora conselleira, consideramos que é un texto excesivamente inconcreto –como xa lle dixen–. O propio informe do CES, mais tamén o informe da Fegamp, afondan nesa idea. Vostede deixa todo a regulamentacións posteriores: non existen prazos, non existen prazos para os plans... Vostede delega completamente nos concellos, mais delega nos concellos sen un traballo con eles. Seguramente vostede é coñecedora do informe da Fegamp. Pode que non o sexan así todos os deputados e deputadas desta Cámara, por iso si que quero lerlle algún dos parágrafos do informe que remitiron á súa consellería: “Moitos dos artigos do anteproxecto son normas administrativas en branco, con múltiples referencias ao seu desenvolvemento en futuros regulamentos autonómicos, en cuxa elaboración non está garantida a participación das entidades locais galegas; ademais, varias das cuestións a que alude o anteproxecto non poden deixarse a unha futura regulación regulamentaria.”

Isto é o que nós entendemos que lle di a Fegamp ao Goberno do señor Feijóo a respecto desta normativa. É unha normativa declarativa, mais non é unha normativa que concrete; non hai medidas reais. En todo caso, vostede fixo referencia ao réxime sancionador, a un réxime sancionador copia do último real decreto. Nin tan sequera vostede fai un réxime sancionador propio, senón que se converte en mera oficina administrativa que tramita expedientes. Nós pediríamos –e así llo imos pedir no trámite de emendas parciais–

que o Goberno galego se comporte como tal e asuma un réxime sancionador propio.

Mais, señora conselleira, para nós un dos aspectos que máis nos preocupa desta norma é que sexa unha norma carente de mecanismos e recursos para poder actuar, porque eu creo que as persoas que hoxe nos acompañan nesta sala son persoas que levan moitos anos traballando para que, efectivamente, se actúe, e se actúe xa na sociedade. Vostede coñece que na Lei do ano 1997 existía un título III con medidas de fomento, mais estas medidas de fomento tiñan estruturados nos seus tres artigos un fondo para a supresión de barreiras; fondo que ben sabemos que foi sendo paulatinamente minorado nos diferentes orzamentos do Goberno galego, mais fondo que por lei debía existir, e tendo presente que esta lei regula boa parte do que deben facer todos os concellos. Como vostede sabe –porque tamén llo fixeron saber os propios concellos a través da Fegamp–, o propio Pacto local Xunta-Fegamp do 20 de xaneiro de 2006 recolle que deben existir fondos suficientes –por parte, neste caso, do Goberno galego– cando se leven adiante normas por parte do Goberno galego que poidan supoñer unha minoración dos ingresos ou un aumento dos gastos dos propios concellos, entendendo que poñerlles deberes aos concellos é a súa obrigación, mais tamén é a súa obrigación destinar os fondos públicos a través dese pacto local ou a través de conversas cos propios concellos para levar adiante esta norma.

De feito, se facemos unha comparación coa diferente normativa vixente no resto do Estado, atopamos algo curioso: mentres vostede nos fala dunha norma de última xeración para Galiza que elimina o título das medidas concretas de fomento e do fondo financeiro, atopamos que na lei catalá vixente, por exemplo, existe no seu artigo 14 un fondo para a supresión de barreiras arquitectónicas. Este fondo, a través da súa consellería e en colaboración cos concellos, é un fondo obrigatorio que debe estar nos orzamentos. A lei vasca tamén o recolle no título II, de medidas de promoción e fomento, onde fala directamente da necesidade de promoción da accesibilidade a través de programas cuadrianuais con orzamento financeiro por parte de todas as administracións. Mais non soamente van ser as nacións, Cataluña e Euskadi, tamén a Lei madrileña –por se lle interesa coñecelo, que seguramente xa o sabe–, no seu título III, de medidas de fomento, recolle no artigo 36 un fondo para a supresión de barreiras arquitectónicas composto polos orza-

mentos da comunidade, mais tamén os recursos provenientes das multas e sancións. E por non deixar de citar a Andalucía, que é reiteradamente citada neste Parlamento, que na súa lei, no seu capítulo II, adica un artigo, o artigo 66, ao Fondo para a Supresión de Barreiras; é dicir, á dotación orzamentaria necesaria para levar adiante a lei.

¿Vostede que fai coa lei que hoxe nos plantexa? Eliminar o escaso fondo que existía a través da Lei do 1997, ou alomenos eu non o atopei en toda a lei, e iso dende o BNG o imos cualificar hoxe como un recorte social máis, propio, por outra banda, deste goberno e da súa consellería.

Polo tanto, por ser unha lei declarativa, inconcreta, por ser unha lei que ademais elimina un fondo de eliminación de barreiras no canto de establecer un fondo maior para realmente traballar a prol desa sociedade inclusiva; por ser unha lei que nin tan sequera modificou a linguaxe sexista despois do informe de impacto de xénero; por ser unha lei –como é típico, por certo, con todas as leis que chegan do Goberno– que emprega o abecedario castelán, non o galego; por ser unha copia literal das sancións, deixando á Xunta completamente a súa posibilidade de converterse nun goberno e de optar por ser unha especie de administración sucursal de Madrid; e fundamentalmente por ser unha lei pouco ambiciosa na escola, nas persoas maiores; por ser unha lei que soamente fale das barreiras arquitectónicas, mais que elimine os fondos necesarios para traballar conxuntamente cos concellos para eliminalas... Sinceramente, señora conselleira, agardabamos un texto moito máis ambicioso.

Valoramos todas as aportacións que fixeron colectivos e persoas. Nós, dende o Bloque Nacionalista Galego, tamén faremos as nosas aportacións no debate das emendas parciais, mais nesta toma en consideración temos que votar de xeito negativo porque entendemos que é unha oportunidade perdida para legislar con ambición e compromiso para unha sociedade máis inclusiva.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda.

Ten a palabra o señor Ron Fernández.

O señor RON FERNÁNDEZ: Boa tarde a todas e a todos.

En efecto, falamos dunha lei necesaria; necesaria porque desde o 2008 contamos –desde o 2006, ratificado o 3 de maio de 2008– cun documento esencial que sitúa a realidade dos dereitos das persoas con diversidade funcional na primeira páxina normativa de todos os países, co rogo de cumprimento. Referímonos á Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito das Persoas con Discapacidade. No Estado español, para traspoñer o da Convención, así como para coller nun único documento normativo todo o referente aos dereitos das persoas con diversidade funcional, a finais de 2013 dábase a coñecer o Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, onde de forma expresa se di: *“Existe, pues, un variado y profuso conjunto de impedimentos que privan a las personas con discapacidad del pleno ejercicio de sus derechos, y los efectos de estos obstáculos se materializan en una situación de exclusión social que debe ser inexcusablemente abordada por los poderes públicos.”* E, no entanto, no recente Informe do Valedor do Pobo sobre os Dereitos das Persoas con Diversidade Funcional de tipo Intelectual, afirmase que, a pesar das últimas reformas legais, quedan moitos aspectos derivados da Convención que porén aínda non poden considerarse traspostos, e, polo tanto, con dúbida eficacia; unha advertencia que debe movernos á reflexión, e máis urxente aínda, motivar actuacións.

Nós entendemos que o actual proxecto de lei –do que discutimos a súa devolución– debера ser unha desas actuacións urxentes, e sería, sen dúbida, se tivéssemos ante nós un texto redondo, un texto garantista, e non un texto normativo e eviado, tal e como iremos comentando ao longo desta intervención, xa que non afonda de forma axeitada na necesidade de recoller a normativa que emana da Convención, do texto refundido, a pesar das súas palabras. Se o tivese feito, non nos veríamos na obriga de devolver este proxecto de lei para que se reelabore de novo tendo en conta eses dous textos de referencia, as propias consideracións realizadas no informe do Valedor do Pobo e todas as alegacións pertinentes que realizaron o CES, o Cermi, a Fegamp, etc.

Nun encontro de xornadas de coordinación entre valedores de todo o Estado, analizouse a trasposición da Convención e destacaron unha serie de eivas: a adaptación terminolóxica e

a necesidade de toma de conciencia, xa que as persoas con diversidade funcional –como di o Valedor do Pobo– son en moitas ocasións vítimas de discriminación, porque prevalecen aínda numerosas actitudes prexuzadas e estereotipadas no tratamento estatístico, na aplicación de medidas sancionadoras, etc. Unha serie de consideracións do informe do Valedor do Pobo que merecen ser tidas en conta para tratar a situación dos dereitos das persoas con diversidade funcional e o que se ten que facer para garantir o exercicio dos mesmos.

Só detallaremos algunhas das eivas detectadas polo Valedor, porque, en efecto, falar de todas requiriría dun pleno monográfico para dar conta de todas as vulneracións cotiás que padecen no día a día as persoas con diversidade funcional. Por exemplo, en materia de dereitos políticos e civís, nada ou pouco se avanzou neste eido en todo o Estado, xa que non se afasta da súa inflexibilidade e rixidez, deixando así atropelados o que son os dereitos, cando a Convención, precisamente, alerta da necesidade de abandonar a visión asistencialista para adoptar a perspectiva dos dereitos humanos –por exemplo, o dereito ao voto, o dereito á participación na vida pública e política–, que están amplamente limitados na nosa normativa electoral, sindical ou de asociación.

E conclúe o Valedor que resulta imprescindible unha pronta reforma legal dos dereitos fundamentais citados para eliminar as limitacións xerais e concertar unha clara opción polo sistema de presunción de capacidade e polo seu exercicio cos apoios que resulten necesarios en razón das circunstancias individuais e sociais.

Ou, en materia do dereito a unha educación inclusiva, tamén sinala o Valedor: *“A positivación do dereito á educación inclusiva das persoas con discapacidade deu lugar a que elas ou as súas familias mostren interese en que a Administración faga posible o seu goce adecuado; isto é, que a persoa con diversidade funcional e intelectual permaneza no centro ordinario da súa residencia habitual, o seu centro natural, coas adaptacións persoais materiais curriculares que sexan precisas en cada caso”*. A realidade dos feitos é que a inclusión segue sendo un ideal e non unha realidade, e que hai tensión e conflito debido ás necesidades de apoio e á limitada oferta de recursos –os recortes–. E non deixamos atrás as prácticas da educación diferenciada. Por iso recomendamos vivamente que as autoridades educativas lean as recomenda-

cións do Valedor do Pobo e que as leven a cabo; mellorariámos, sen dúbida, a hoxe eivada inclusión educativa das persoas con diversidade funcional.

De todo o amplo abano, mencionaremos un feito esencial: a necesidade de que os recortes non amparen a segregación ou a discriminación. De aí que o Valedor reclame que as políticas de dotación deben ser prioritarias. Iso é o que di o Valedor do Pobo. Conclúe: “O tratamento de todas as circunstancias públicas que afectan as persoas con discapacidade intelectual concirne os seus dereitos humanos, e, polo tanto, debe darse de acordo co principio de prioridade ou de atención prioritaria. As prácticas que non teñan en conta esta condición deben desterrarse o máis pronto posible, resultan manifestacións do antigo modelo rehabilitador, e é preciso substituílas polos propios modelos de dereitos humanos.”

Pois ben, todo isto, loxicamente, neste texto que se chama de accesibilidade, non se cumpre. Trátase dunha ocasión fallida para avanzar realmente na accesibilidade universal e na inclusión social das persoas con diversidade funcional. O proxecto de lei que presenta o Goberno queda a medias; de feito, deixa todo no aire da indefinición ao recorrer de forma insistente a un posterior desenvolvemento regulamentario, feito este que xa foi criticado polo Consello Económico e Social de Galicia no seu ditame. Poderíase entender que se utiliza en demasía desvirtuándose o alcance real da futura lei –din–. Esta indefinición queda reflectida no propio título, onde non vemos o termo que debe fundamentar esta lei, “universal”, xa que só a accesibilidade universal atenta o que emana da Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, que debe ser garantida desde os poderes públicos para aspirar a facer realidade os dereitos das persoas con diversidade funcional en todos os eidos da vida en sociedade e acadarmos a súa inclusión real e efectiva.

Por iso concordamos coa valoración crítica do CES Galicia. Este proxecto de lei perde a oportunidade de concretar un contido normativo que dea resposta, efectivamente, ás intencións que se reflicten na exposición de motivos. Porque, en efecto, aí vostedes din: “Esta lei de accesibilidade de Galicia ten como obxectivos acadar unha sociedade inclusiva e accesible que garanta a autonomía das persoas, que evite a discriminación e que favoreza a igualdade de oportunidades para toda a cidadanía”. Pois ben, o articulado posterior o

único que reflicte son ausencias, precisamente, de todos os apartados que reflectirían a universalidade en todos os eidos da vida en sociedade; é dicir, de todo o que ten que ver coa inclusión social. Polo tanto, para nós estamos ante un proxecto de lei que limita e que, xa que logo, exclúe, xa que ser limitativo exclúe, e non garante os elementos necesarios e imprescindibles para acadar a efectiva mellora da garantía de accesibilidade de toda a cidadanía a todos os servizos públicos e as restantes circunstancias que marcan a vida dunha persoa en sociedade. Tal como denuncia o Cermi Galicia nas súas emendas, este proxecto de lei deba incorporar, tanto na exposición de motivos como no articulado, todas as persoas con diversidade funcional, incluídas as que teñen maiores dificultades e severos atrancos para desenvolverse con autonomía. De feito, non se menciona no proxecto nada sobre nenos e nenas, sobre persoas emigrantes, sobre persoas maiores.

O proxecto de lei deba concretar moito mellor o calendario de desenvolvemento da lei nos diferentes concellos de Galicia, realizar referencias á revisión, modificación, adaptación das normativas locais, así como a obriga de crear órganos de participación das persoas con diversidade funcional no seo das corporacións locais que han de deseñar plans locais de accesibilidade universal e inclusión social.

É un proxecto de lei que foxe, polo tanto, da inclusión social, que sería a única proba que demostraría a universalidade do acceso. Non hai nada sobre accesibilidade e inclusión no mundo laboral das persoas con diversidade funcional no texto; nada sobre formación e educación. Obrigan a escola pública ao deseño de políticas de accesibilidade cognitiva e sistemas alternativos de comunicación, cando as necesidades dos alumnos e alumnas así o requiran, e non ampararse en recortes orzamentarios, como xa dixemos. Non hai nada sobre xustiza, benestar, saúde, acceso á cultura ou lecer.

Así, sen estes epígrafes ben marcados, é imposible de poder considerar este proxecto de lei como un proxecto de lei de accesibilidade universal e de inclusión social, porque a accesibilidade universal vai máis aló da eliminación de simples atrancos arquitectónicos. Refírese precisamente a acceder de forma universal, a acceder en condicións de igualdade, a todos os eidos da vida en sociedade. Polo tanto, incluso a linguaxe que se emprega na redacción do proxecto de lei é moi discutible. Hai elevadas mostras de incorreccións sin-

tácticas que poden deberse –apuntamos– a unha tradución dun texto escrito en castelán na súa orixe redaccional, algo que vén apoiado pola existencia de letras de alfabeto empregadas para enumerar apartados que non existen na nosa lingua, senón no castelán; desfasamentos na súa ordenación conceptual, tales como repeticións, que dificultan unha correcta lectura, polo tanto, incluso unha correcta accesibilidade e o consecuente proceso de comprensión, porque hai certas repeticións; e, así mesmo, hai mostras de linguaxe sexista, ao non se manter o respecto da inclusión de xénero, xa que se opta preferentemente polo masculino, deixando de lado o feminino, cando é posible incorporalo empregando termos colectivos ou neutros.

E no tocante á terminoloxía coa que se refire o proxecto de lei ás persoas beneficiarias do mesmo, historicamente os termos limitantes ou despectivos empregados xogaron un rol preponderante na amplificación e permanencia das actitudes de minusvaloración e nas actitudes discriminantes, porque non podemos esquecer que a linguaxe produce, modifica e orienta o pensamento, por iso nós consideramos que é esencial, para mudar o imaxinario social, que as palabras que se empreguen sexan o menos lesivas posibles, que conteñan unha carga semántica que non negativice a quen se aplican, e de aí que nos sumemos aos colectivos como Foro de Vida Independente, que, desde o 2005, introduce o concepto “persoas con diversidade funcional”; isto é, persoas que desenvolven as funcións no eido da vida de forma diferente, con apoio –ben material, ben humano, ou ben dos dous tipos–, e por iso recomendamos que se introduza en todo o articulado e na exposición de motivos o termo “persoas con diversidade funcional”.

E por iso nós devolvemos a lei. Consideramos que non é un texto de accesibilidade universal, que queda no da accesibilidade, que queda nun carácter técnico, pero falta o carácter garantista para que poida considerarse realmente unha lei de accesibilidade universal e de inclusión social.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Socialista.

Ten a palabra a señora Gallego Calvar.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Señora conselleira, señoras e señores representantes das entidades de iniciativa social da discapacidade, do Colectivo Fademga, Cruz Vermella, Cermi, Persoas Xordas de Galicia, benvidos a este Parlamento, benvidos e benvidas a este Parlamento e a este debate.

Conselleira, a lei que vostede nos vén presentar hoxe aquí dinos que substitúe a lei do ano 1997. Efectivamente, así é. Pero nós queremos dicirlle, dende o Grupo Parlamentario Socialista, que a substitúe, pero non a completa nin a melloira. Ao final, quedamos cunha lei que non xera máis accesibilidade, que non é inclusiva e que non é universal, que non xera unha accesibilidade universal, e o que é fundamental, quedamos cunha lei que non ten ningún compromiso orzamentario.

E por iso dende o Grupo Parlamentario Socialista presentamos unha emenda de devolución, ao igual que o fixeron os demais grupos da oposición, e tamén porque xa rematou o prazo, e 74 emendas parciais nas que trataremos de mellorar este proxecto de lei. Porque, ao final, este proxecto de lei, que si ten unha exposición de motivos que nós compartimos en gran medida, vén a ser iso, unha exposición de motivos con palabras bonitas pero baleira de contidos.

Vostede falaba na súa intervención inicial de que iamos falar de barreiras non só arquitectónicas para favorecer a accesibilidade, pero a realidade é que é practicamente diso do único que fala este proxecto de lei, practicamente actualiza o que son as barreiras arquitectónicas.

Mire, ademais da pouca ambición que contén este proxecto de lei, a verdade é que aínda por encima fai desaparecer algúns dos contidos da lei do 1997, que nós considerabamos que, pese a estar mal dotados, tiñan a súa importancia, entre eles, como xa citaron os que me precederon no uso da palabra, ese fondo que existía na norma actual para facer efectivos os obxectivos da Lei do ano 1997.

Pero o que é máis sangrante é a memoria económica deste proxecto de lei que nos trae aquí ao Parlamento de Galicia, conselleira, porque, ademais de considerar que os únicos

gastos que debe de conter este proxecto de lei son as campañas de programas para a promoción da autonomía persoal, posto que tanto a Comisión Técnica de Accesibilidade como o Consello Galego de Benestar Social e os demais órganos xa estaban creados e, polo tanto, evidentemente, considérase que non supoñen un gasto novo, o único gasto novo que se considera nesta memoria económica son campañas de programas para a promoción da autonomía persoal. ¿E sabe como cuantifica a Consellería de Facenda, a Dirección Xeral de Orzamentos do seu goberno, o gasto anual para os custos desta lei? Pois, señora conselleira, hai un custo anual estimado de 3.000 euros. Eu, cando lin esta memoria orzamentaria, non daba crédito e pensei que me enganara, e volvíñ relela e seguía dicindo o mesmo. Consultei cos técnicos do grupo parlamentario por se eu estaba equivocada, e non, non estou equivocada. Desafortunadamente, o documento que contén os antecedentes desta lei da Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Facenda di que a única contía que ten que ver coa implantación desta lei é unha aplicación orzamentaria de 3.000 euros anuais para campañas informativas e educativas dirixidas á poboación en xeral, así como o fomento da realización de xornadas, cursos e publicacións.

Polo tanto, conselleira, en primeiro lugar, unha lei que non conta con compromiso orzamentario e que non conta con ese fondo co que contaba a lei do ano 1997, queda, como dicía antes, en palabras bonitas pero baleira de contidos. Por suposto, desaparece todo tipo de planificación ao non haber orzamentos.

E hai unha parte da non accesibilidade desta lei que nós consideramos moi importante. Por suposto, non se fala practicamente na mesma da discapacidade intelectual, como denunciaron reiteradamente todas as entidades que están incluídas no Cermi, e o propio Cermi –ao que, por suposto, lle queremos agradecer todas as suxestións que nos fixo chegar aos grupos parlamentarios, que nos axudaron moitísimo a poder preparar tanto a emenda á totalidade como as emendas parciais–, pero as persoas xordocegas, as persoas xordas, están amplamente esquecidas nesta lei, porque a lingua de signos, ao contrario que na lexislación estatal, non se reconece nesta lei como unha auténtica norma para facilitar precisamente a accesibilidade das persoas xordas e das persoas xordocegas, pois non está presente neste texto lexislativo, a pesar de que o propio informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de

Galicia lle recomenda a vostede que deberían de incluír a lingua de signos dentro desta lei.

As definicións que contén esta lei en canto ás persoas con discapacidade non son en xeral consontes coa normativa vixente nesta materia nin coas recomendacións que veñen facendo os organismos internacionais, e hai unha disparidade de definicións que máis parece propia dun proxecto de lei que fora feito a retallos, a cachiños, entre unhas consellerías e as outras, que un proxecto de lei homoxéneo e cun contido único para toda a Administración.

Desde logo, ao igual que os meus compañeiros que me precederon no uso da palabra, dos grupos da oposición, tamén teño que comentar que todo queda para un desenvolvemento regulamentario posterior, e isto é unha crítica que non facemos só os grupos políticos, que a fai tamén a Federación Galega de Municipios e Provincias, que a fai o Cermi e que a fan moitísimos dos colectivos que foron consultados para esta lei.

E en canto ás consultas, efectivamente, a Consellería de Traballo e Benestar evacuou consultas para ter a opinión dos colectivos das entidades de iniciativa social, dos colexios profesionais, do Colexio de Arquitectos mesmamente, do de Traballo Social, pero nesas consultas, conselleira, probablemente os que están hoxe aquí poderán convir comigo en que foron oídos, pero non foron tidos en conta. A meirande parte das emendas e das alegacións que presentaron os colectivos foron rexeitadas pola Consellería de Traballo e Benestar.

E voulle lembrar algunhas delas porque son relevantes. Por certo, a este Parlamento, nos antecedentes desta lei, viñeron os informes que fixo a Consellería de Traballo respecto das alegacións presentadas polos colectivos, pero non viñeron as alegacións presentadas polos colectivos. Afortunadamente, puidemos disfrutar igual deses informes porque nos foron facilitados polos colectivos, pedímoslles tamén á Federación Galega de Municipios e Provincias, ao Colexio Oficial de Arquitectos e ao Colexio Oficial de Traballo Social, entre outros.

Pois a meirande parte de todos eles coinciden en dicir ou en demandar concreción nas actuacións previstas no proxecto de lei, consideran que non se cumpre o que está previsto na exposición de motivos, cuestionan o alcance da lei, ao non

garantir novos recursos orzamentarios, e consideran que esta norma debera comprometer tamén as entidades privadas. Nós concordamos con todas e con cada unha destas consideracións que fan os colectivos, e queremos dicirlle algo con respecto aos concellos, conselleira. Porque, efectivamente, se vostede con este proxecto de lei só vai ter un custo anual de 3.000 euros para a Consellería de Traballo a maiores do que viña tendo ata o de agora, pois entendemos que a maior parte dos custos do que supoña favorecer a accesibilidade das persoas con diversidade funcional se cargará ás costas dos concellos. Os concellos, como en tantas outras lexislacións que está facendo a Xunta de Galicia, e este Goberno da Xunta de Galicia, non só non son tidos en conta, senón que se desestiman a meirande parte das súas alegacións, e díselles que lles queda garantida a súa participación no trámite de audiencia –este trámite de audiencia que xa pasou– e na fase de discusión parlamentaria. Eu non sei se temos unha nova modalidade de participación e aos concellos os imos poder chamar á Ponencia para elaborar finalmente este proxecto de lei. A min non me parece mal; quero dicir, eu estaría disposta a facelo así, ¿non?, pero parécenos que isto é un pouco máis serio e que aos concellos, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, se lles debera ter un pouco máis en conta. Porque a sensación que temos todos ao ver este proxecto de lei é de que parece que hai unha necesidade excesiva por parte do Goberno da Xunta de Galicia de traer ao Parlamento proxectos de lei e de medir a xestión do Goberno en ver canto número de leis se aproban en cada período que temos no Parlamento, en vez de plantexarse en serio unha reforma legal deste calado, despois de todos os antecedentes lexislativos que temos nos últimos tempos e despois de que, ademais, acabemos hai poucas datas de volver constituír no Parlamento de Galicia esta Comisión non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e á elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade, na que, entre outras cousas, no plan de traballo que consensuamos, dixemos que iamos revisar a lexislación vixente en materia de accesibilidade e elaborar novas propostas. Pois, ao mellor, era máis sensato esperar a ter ese estudo feito da normativa vixente nesa comisión non permanente, e, unha vez escoitadas as propostas que nos podían facer todos os colectivos, pois igual podíamos sacar deste Parlamento un proxecto de lei que fora algo máis acaído e que non fose como este, que parece que é un proxecto de lei –insisto– collido a retallos de distintas consellerías.

Pero, conselleira, ademais de facer leis para traelas aquí para que contén no número das leis que fai o Goberno Feijóo, tamén o camiño se demostra andando. E, claro, en materia de accesibilidade, na nosa Comunidade Autónoma, vostede, que acaba de rematar o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade, na execución última que temos medida e avaliada do ano 2012, ten ata doce parámetros desa parte de accesibilidade –que lle relatarei na parte de réplica– absolutamente incumpridos.

Entón, se vén vostede traer unha lei de accesibilidade ao Parlamento que non é inclusiva, que non garante máis nin mellor accesibilidade, que non garante unha accesibilidade universal, que non garante un orzamento para cumprir cos obxectivos fermosos da exposición de motivos que logo non están concretados no articulado da lei, ao final, temos que concluír, señora conselleira, que unha vez máis a Consellería de Traballo e Benestar, a conselleira e o Goberno do señor Feijóo, en materia de accesibilidade, como en tantas outras materias, veñen ao Parlamento de Galicia a traer un proxecto de lei baleiro de contido para seguir facendo propaganda en vez de gobernar para os cidadáns e as cidadás deste país.

Polo tanto, señora conselleira, diante deste proxecto, o Grupo Parlamentario Socialista ten que dicirlle que non, que imos votar en contra da súa toma en consideración. Sabemos que vostedes probablemente non recapaciten e tentaremos melloralo na fase de emendas parciais, pero non conte con nós para aprobar un proxecto de lei que queda na mera propaganda e que non compromete o Goberno de Galicia para facer unha sociedade máis inclusiva para todos e para todas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Popular ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde aos deputados e ás deputadas. Boa tarde, conselleira.

Un saúdo moi especial aos representantes do Cermi Galicia que hoxe nos quixeron acompañar neste debate, o primeiro

debate que se dá neste Parlamento sobre o Proxecto de lei de accesibilidade de Galicia, sobre o novo Proxecto de lei de accesibilidade de Galicia.

Gustárame empezar facendo un pouco de memoria e dicindo que a Lei de accesibilidade e supresión de barreiras de Galicia do ano 1997 supuxo un importante avance para a nosa comunidade autónoma. Un dos seus obxectivos fundamentais foi a mellora da calidade de vida de toda a poboación, e especialmente das persoas con mobilidade reducida. E estaremos todos de acordo en que despois de máis de quince anos en vigor é necesario, en primeiro lugar, actualizar a normativa para adaptala á realidade actual e para adaptala ás directrices internacionais e estatais. E, en segundo lugar, é necesario seguir avanzando para acadar unha sociedade inclusiva e accesible que garanta a autonomía das persoas, que evite discriminacións e favoreza a igualdade de oportunidades para todos os cidadáns. Estes son os obxectivos do proxecto de lei que hoxe o Goberno galego presenta nesta Cámara.

Estamos ante un texto consensuado porque o Goberno galego non traballou só na elaboración desta lei, fíxoo da man das asociacións de persoas con discapacidade, dos colexios profesionais e dos concellos, a través da Fegamp, das 17 entidades sociais que participaron, ás que nós tamén agradecemos o seu traballo: a Cerme Galicia, a Cogami, á Fundación Once, a Down Galicia, á Federación de Autismo, á Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, a Cogama (Confederación Galega de Asociacións de Maiores), á Asogapen (Asociación Galega de Pensionistas), a Feaps Galicia, a ASPACE, ao Centro de Intérpretes de Lingua de Signos de Galicia, a Vigalicia e a todas as asociacións de persoas con discapacidade que participaron e colaboraron co Goberno galego na elaboración deste texto, na elaboración deste proxecto de lei. A todos eles moitísimas grazas pola súa colaboración. *(Aplausos.)*

Un texto no que colaboraron tamén, por suposto, os concellos, a través de Fegamp, e os colexios profesionais de arquitectos, logopedas, traballo social, psicólogos, xornalistas, avogados e procuradores. É de destacar tamén que, con base nas funcións que ten encomendas, o Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e Supresión de Barreiras se reuniu en outubro de 2013 para emitir un informe deste anteprojecto; un informe que foi aprobado por maioría, e un consello onde están representados non só a Administración

autonómica, senón tamén os concellos, as asociacións de persoas con discapacidade e os colexios profesionais.

O Goberno remite este proxecto a esta Cámara para o seu trámite parlamentario, e hoxe iniciamos ese trámite co debate das emendas á totalidade. Temos tres emendas da oposición que piden a devolución deste proxecto de lei ao Goberno; un proxecto que eles consideran que é pouco ambicioso, e mesmo se chegou a afirmar aquí que non mellora a Lei de 1997, algo que a nós nos parece un erro nesa consideración. Pero si me gustaría destacar que o novo texto ten un enfoque máis global e un alcance superior ao anterior, e, dende logo, o que non o vexa así é que non leu ben o anteprojecto que hoxe vén a debate.

A normativa actual partía do concepto de eliminación de barreiras só no ámbito arquitectónico, e algunhas das melloras que introduce este proxecto de lei son a sociedade da información e as telecomunicacións, como a nova normativa, e que a accesibilidade sexa universal. Inclúe o concepto da flexibilidade no ámbito da comunicación, co fin de superar tamén esas barreiras que son menos visibles e fai especial fincapé en eidos como as TIC ou as telecomunicacións, tamén no acceso aos bens e servizos das administracións públicas para que todas as administracións públicas de Galicia adopten as medidas necesarias para garantir unha accesibilidade universal e que todas as persoas teñan acceso pleno aos servizos públicos e á Administración electrónica, establecendo tamén un novo réxime sancionador para protexer os dereitos das persoas con discapacidade e para frear comportamentos discriminatorios que, por desgraza, a día de hoxe, se seguen a dar, e tamén para favorecer a igualdade de oportunidades entre todas as persoas.

Outro dos aspectos concretos que regula este proxecto de lei é o incremento da porcentaxe de reservas de vivendas adaptadas –no caso da promoción pública, do 3 % ao 4 %–, fomenta a formación de profesionais especializados nas distintas administracións públicas, como son os intérpretes de lingua de signos, e garántese o número de prazas de estacionamento reservadas para as persoas con mobilidade reducida. Estas son algunhas das melloras que podemos destacar hoxe neste debate.

E cando se fala de falla de compromiso orzamentario, mesmo se chega a afirmar que só existen 3.000 euros para

desenvolver esta lei en toda Galicia. A min gustaríame explicarlle –porque a deputada que dixo isto o sabe perfectamente– que eses 3.000 euros son só para campañas informativas educativas. A nós gustaríanos saber se o Grupo Parlamentario dos Socialistas está a favor ou non está a favor de facer campañas informativas, educativas, en relación coa accesibilidade universal de todos os galegos e de todas as galegas, porque, mire, se quere falar de compromiso orzamentario, quero dicirlle que na disposición adicional primeira deste proxecto de lei se fala de que as administracións públicas de Galicia establecerán anualmente, segundo as súas disponibilidades orzamentarias, fondos para investimentos destinados ao cumprimento das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación, que as administracións públicas de Galicia, no ámbito das súas competencias, elaborarán plans de adaptación e supresión de barreiras previstas nesta lei.

Logo, no texto da súa emenda, dínnos que esta lei chega tarde, e agora vostede dínos que deberíamos esperar máis para consensuar esta lei na Comisión non permanente de estudo da situación para a discapacidade. Nós, dende logo, criamos que xa era hora de actualizar esta lei, porque estamos falando dunha lei do ano 1997, de hai máis de quince anos. Esta lei ten que adaptarse á situación actual e á normativa actual.

En relación á falla dun artigo relativo a medidas financeiras, quería recordarlles que está na liña das últimas normativas aprobadas en distintas comunidades autónomas; falarlles da Lei 2/2013, do 15 de maio, de igualdade de oportunidades para persoas con discapacidade de Castela-León, da Lei de accesibilidade de Cataluña, da Lei de accesibilidade universal do 2010 e de deseño para todos da Comunidade Foral de Navarra. Repasen vostedes ese texto e verán como o texto de Galicia vai na liña tamén destas normas aprobadas.

E, se queren falar de compromiso orzamentario, cando veñen aquí dicir que o Goberno da Xunta só vai destinar 3.000 euros para unha campaña informativa, a min gustaríame recordarlles que nos orzamentos da Xunta para o ano 2014 se van destinar 97,2 millóns de euros para atender as persoas con discapacidade, un incremento dun 5,8 en relación cos orzamentos do ano pasado; para o mantemento desas máis de 5.000 prazas para persoas con discapacidade vanse destinar 50 millóns de euros, un 9 % máis que no 2013; para blindar apoio ás entidades da discapacidade, coas que se volven asi-

nar convenios, un total de 3 millóns de euros; e para programas de emprego para a discapacidade, vanse destinar 17,4 millóns de euros, un incremento dun 8 %.

E, miren, a participación dos concellos quedou garantida, no trámite da audiencia e de publicación, no Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e Supresión de Barreiras. Tívoise en conta o informe da Fegamp na relación final do proxecto, incorporándose moitas das súas aportacións. Coa nova lei tamén queda garantida a súa participación no Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e Supresión de Barreiras. E cando vostedes din que non se tiveron en conta as suxestións realizadas polos colectivos, polos CES e polos concellos, quero dicirlles que das 19 contestacións que recibiu a Xunta de Galicia se tiveron en conta un total de 71 alegacións. Dende logo, este grupo parlamentario se compromete a iso, a traballar con vostedes en ponencia, onde tamén se terán en conta e se estudarán as alegacións para poder mellorar este texto.

En conclusión, señoras e señores deputados, despois de máis de quince anos en vigor, nós considerabamos que era necesario, señora conselleira, actualizar esta normativa para adaptala á realidade, para adaptala ás directrices internacionais estatais, para seguir avanzando e para acadar unha sociedade inclusiva e accesible que evite discriminacións e que garanta a igualdade de oportunidade de todas as persoas. Confiamos en que a partir deste trámite –porque nós non imos votar as emendas de devolución que presenta a oposición– este proxecto de lei siga o seu trámite neste Parlamento, e dende o Grupo Parlamentario Popular imos estudar, imos falar, imos negociar, imos dialogar para que todas e cada unha das emendas que presenta a oposición se miren e, se realmente están co espírito da lei e melloran este texto, teñen o compromiso deste grupo parlamentario de que serán aceptadas para mellorar esta lei.

Nada máis e moitas grazas a todos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señora Rodríguez Arias.

Rolda dos grupos emendantes.

Réplica do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Efectivamente, dende o Bloque Nacionalista Galego seguimos reiterando que non se pode subir aquí, señora deputada, e dicir que hai fondos dispoñibles cando o único que di a disposición adicional primeira que vostede leu dende esta tribuna é, por unha banda, que as administracións públicas de Galicia, no ámbito das súas competencias, elaborarán os plans adaptados e a supresión de barreiras previstas nesta lei e que respectarán os prazos establecidos no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. Evidentemente que terán que respectarse estes prazos, pero iso é o mínimo; é dicir, que debería establecerse un cronograma, unha planificación, de cales van ser os prazos exactos. Porque, efectivamente, dicimos que chega tarde e, para tardar esta lei, o resultado é realmente bastante curto, e sorprende o enfoque que ten, por unha banda, coma se se realizara entre dous departamentos sen realmente conexión entre eles ou comunicación á hora de realizar a lei. Parece que, por unha banda, hai un peso importantísimo dun departamento que tecnicamente establece a adaptación e a supresión de barreiras e, por outro lado, parece que o departamento de Benestar realmente está bastante ausente na elaboración desta lei, ou así aparece polo menos no texto que temos diante.

E o segundo parágrafo ao que vostede facía alusión, señora deputada: “As administracións públicas de Galicia establecerán anualmente, segundo as súas dispoñibilidades orzamentarias, fondos para investimentos destinados ao cumprimento das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación”. Isto realmente non é ningún tipo de compromiso. Nós consideramos que dunha lei destas características na que non se estableza alomenos un título no cal se recollan as medidas de fomento e esas medidas de fomento teñan unha contrapartida orzamentaria sae un texto que inicia a súa andadura por este Parlamento dunha forma completamente eivada, porque lle falta o fundamental. Non soamente cun réxime sancionador se vai conseguir a non discriminación. Aínda sendo importante un réxime sancionador, eu creo que é máis importante fomentar a non discriminación, fomentar, dende logo, esa accesibilidade universal. E a día de hoxe os exemplos que temos podémolos analizar no ámbito da discapacidade, pero no ámbito da vida real; por exemplo, no sistema educativo, onde todavía moitos dos centros educativos teñen verdadei-

ros problemas non soamente arquitectónicos senón tamén de dotación de persoal para ter unha educación inclusiva. E esa é a realidade. E case non está recollido neste texto lexislativo. Polo tanto, nós consideramos que o texto é unha especie de facer por facer, traer o texto lexislativo e despois chamar a ese consenso nas emendas parciais.

Nós, dende logo, que agradecemos, tanto ao Cermei como a todas as persoas que traballaron para que o Bloque Nacionalista Galego presente emendas parciais, a súa colaboración. Mais temos que dicirlle, señora conselleira, que agardabamos outro texto por parte do Goberno. Soamente o título ten que facernos pensar que vostedes pensaban en realizar unha Lei de accesibilidade meramente pensando nas barreiras arquitectónicas, porque, se non fora así, falta efectivamente un compromiso claro coa sociedade da información, coas novas tecnoloxías e coas novas tecnoloxías no ámbito educativo. Para nós hai algo que é, dende logo, fundamental, e que agardaremos poder negociar no trámite de ponencia, que é que apareza un fondo orzamentario e que apareza un título claro a respecto das medidas para o fomento da sociedade inclusiva. Para nós é, efectivamente, o fundamental e o cerne desta norma.

E, señora deputada, como antes xa lle expliquei, diferentes normativas vixentes –catalá, vasca, madrileña ou andaluza– teñen ese fondo e teñen esas medidas de fomento; incluso o propio real decreto –que vostedes deben de citar máis de vinte veces ao longo do texto– fai referencias explícitas moito máis ambiciosas que o texto que aquí se redacta.

E xa por ir rematando, dende logo que imos opoñernos á toma en consideración. Cremos que faría moi ben neste momento o Goberno retirando este texto, consensuando dende esa comisión aberta que temos para análise das políticas da discapacidade e, efectivamente, presentando un texto onde todo o articulado sexa coordinado coa exposición de motivos. Nós estamos de acordo coa exposición de motivos, mais non podemos concordar con como se articula este texto, porque non dá resposta á necesidade dunha accesibilidade universal e dunha sociedade inclusiva.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Despois da intervención da voceira do Partido Popular, pois queda claro que loxicamente repite os argumentos que expuxo aquí a conselleira, e é lóxico, como é de supoñer. Pero, desde logo, equivócanse. Equivócanse porque o que temos, por moito que vostedes o xustifiquen, non é unha lei de accesibilidade universal e inclusión social, non o é. Faltan moitísimas epígrafes, como emprego, acceso ao emprego, acceso á educación e á formación permanente, acceso ao benestar e á saúde, acceso á cultura e ao deporte. Díganme onde están na lei e qué epígrafes documentan este acceso, e entón direi que si, que é unha lei de accesibilidade universal. Pero non o é.

Incluso hai deficiencias desde o punto de vista de non respectar o Código técnico da edificación DB SUA 9. Por exemplo, incluso un colectivo como Cermi Galicia alertaba de que existe un artigo, o artigo 3, apartado c), no que se definen “axustes razoables”, no que o proxecto de lei deixa aberta a porta a que criterios de rendibilidade económica impidan a realización de itinerarios e recursos accesibles. Desde logo, nós entendemos que isto é inadmisíbel, porque estamos moi lonxe, moi lonxe, de poder garantir os dereitos das persoas con diversidade funcional, como para, por encima, deixar aquí a dúbida e a posibilidade de que non se faga, de que non se leven a cabo, por razóns económicas, que hoxe en día sabemos que son as que vostedes utilizan constantemente. Polo tanto, isto é perigosísimo que figure na lei.

É dicir, para que sexa un texto de accesibilidade universal teñen que figurar todas as epígrafes ás que alude previamente a exposición de motivos e que figuran na Convención da ONU dos dereitos das persoas con discapacidade, e que figuran no texto refundido. Se vostede compara o texto refundido ou a Convención co que ofrece esta lei de accesibilidade, verá que falta precisamente todo o que é universal, que é precisamente o de inclusión social. Por iso nós agardamos que as súas palabras de ofrecer diálogo, de traballar na ponencia e de acoller aquelas emendas que sexan razoables, sexan reais.

Alternativa Galega de Esquerda presentou máis de 130 emendas, algunhas delas destinadas —é certo— a modificacións de termos e do léxico que se utiliza sobre todo nesas definicións que son un pouco farragosas nalgún momento;

pero sobre todo aportando epígrafes como “acceso ao patrimonio cultural”, “acceso á cultura”, “acceso ao deporte”. E esperemos que vostedes as teñan en conta nese momento.

Nós entendemos que simplemente é unha lei técnica, e comete erros precisamente no que mencionei antes: o Código técnico de edificación DB SUA 9 pois figura ás veces incluso mal aplicado, con problemas de competencia; é dicir, incluso desde ese punto de vista.

Polo tanto, nós entendemos que ademais vostedes falan de participación, e está ben. Nós entendemos que consultan, si, pero, como xa dixó a voceira do PSdeG, non acollen todas as recomendacións explícitas. Porque o CES Galicia, directamente, o CES Galicia, non foi tido en conta. O CES non foi tido en conta, iso está claro. Porque se un colle as súas alegacións e mira o proxecto resultante, vemos que do que había antes ao que hai despois pois non variou moito. E as críticas principais que fixo o CES Galicia mantéñense no texto resultante. Polo tanto, non foron tidos en conta.

Pola nosa banda, nada máis, só dicir que vostedes falan de refundir, pero realmente hai unha fundición un pouco rara, e realmente, en vez de ser unha lei que fomente a inclusión social, nós dicimos que, como é limitativa, o que fai é precisamente establecer parámetros de exclusión, porque non garante a accesibilidade universal.

Nada máis. Agardemos que durante o diálogo e o traballo en ponencia realmente vostedes cumpran coa palabra dada aquí, e que poidamos realmente mellorar este proxecto de lei. Porque debería de ser reelaborado, desde logo, incorporando as consideracións que fai o Valedor do Pobo no recente informe, porque aí figuran claramente todas as eivas que se cometen no día a día en Galicia en todos os aspectos da vida.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Ron.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Arias, nós, na nosa emenda á totalidade, non dicimos nada de que o proxecto chegara tarde. Foi creio

que outro grupo parlamentario; polo tanto, esa crítica ao noso grupo non creo que teña nada que ver con nós.

Vostede di que as disposicións adicionais falan de establecer o orzamento anual, que establecerán o orzamento anual. Bueno, si, unha frase en futuro que non compromete a nada. E vostede tamén di na súa réplica que, por técnica lexislativa, non se compromete un fondo. Bueno, pois é unha técnica lexislativa que nós non compartimos, porque na anterior lei, que tamén foi feita polo Partido Popular, había un fondo. Entón, se no ano 1997, por técnica lexislativa, se podía crear un fondo na lei, non entendo cal é a variación pola que non se poida crear un fondo nesta nova lei.

Falan de que aceptaron as emendas que presentaron as entidades de iniciativa social, a Federación Galega de Municipios e Provincias, incluso o Consello Económico e Social de Galicia. Bueno, é falso, é falso, está no ditame, no informe que fai a Consellería de Traballo e Benestar, onde se di as emendas que presentaron e o resultado das emendas. A maioría delas están desestimadas. Pero, ademais, están aquí as entidades de iniciativa social, ás que a meirande parte das emendas non se lles admitiron. Entón, este diálogo é un diálogo como de ollo-moles ¿non? É dicir, bueno, si, dialogamos pero o resultado final non é ningún. Eu a verdade é que non entendo como se pode vir aquí a dicir diante das entidades de iniciativa social que se aceptaron as emendas, cando non é certo. Agardamos que agora, cando as presentemos a través das emendas parciais, pois sexan capaces vostedes de aceptalas.

Miren, xa non é que o digan as entidades de iniciativa social, ou o Consello Económico e Social, ou a Federación Galega de Municipios e Provincias, é que o di a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, cando di: “Considero que soamente se alude á lingua de signos en materia de medios de comunicación, cando hai que aplicala a bens e servizos de disposición pública, transportes, relacións coas administracións públicas, participación política e medios de comunicación social, telecomunicacións e sociedade da información”. Isto dío a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, que segue: “Entende que, se se quere, deberían incluírse as previsións en materia de lingua de signos de xeito completo, e non meramente parcial”.

Pide a Asesoría Xurídica Xeral un réxime transitorio para a aplicación desta lei, porque ten unha aplicación confusa. E

crítica a propia Asesoría Xurídica Xeral a confusión na linguaxe de practicamente todo o texto legal. É dicir, xa non é que critiquemos os grupos da oposición, é que a propia Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia critica este proxecto de lei.

Insisto, conselleira, insistimos desde o Grupo Parlamentario Socialista: o camiño demóstrase andando. Vostedes, desde que están no Goberno, e desde que puxeron en marcha ese Plan de acción integral para as persoas con discapacidade, están incumprindo todo o que ten que ver coa accesibilidade. Os cursos de formación do persoal da Compañía da Radiotelevisión de Galicia, é dicir, dos medios de comunicación públicos, para o uso non discriminatorio da linguaxe en relación coas persoas con discapacidade son cero. Os contidos sobre o beneficio social da accesibilidade universal non están executados. As accións formativas en materia de accesibilidade na Administración, coa Escola Galega de Administración Pública, sen resposta. Promover no medio universitario proxectos en materia de accesibilidade, só a Universidade de Vigo, e só dous cursos de lingua de signos. Elaborar un documento para determinar as medidas a implantar na adaptación progresiva das publicacións da Xunta de Galicia ao braille e lectura fácil, non elaborado. Desenvolver e fomentar espazos de lectura fácil nos espazos de comunicación da Xunta de Galicia e nos medios de comunicación escrita, cero. Axudas para cofinanciar obras de accesibilidade en concellos, non hai detalle en ningunha das convocatorias; e noutra convocatoria reconécese directamente que non houbo orzamento. Na dotación de equipamentos comerciais, liñas de axudas, non hai resposta nin tan sequera do departamento de comercio. Diseñar un sistema de información do transporte en Galicia, non hai este proxecto. Garantir a accesibilidade nas estacións de autobuses e no mobiliario urbano de transporte público, non hai nada feito. Medios de comunicación pública –dos que falaba ao inicio–, só se emite un telexornal con lingua de signos na Radiotelevisión de Galicia, unicamente.

Señora conselleira, o movemento demóstrase andando. Esta lei nin é inclusiva nin garante a accesibilidade universal nin compromete orzamento para cumprir os obxectivos da exposición de motivos, que non do articulado. E, ademais, a súa práctica política cotiá está moi lonxe de garantir a accesibilidade universal para todas as persoas que viven no noso país.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista vai votar en contra da toma en consideración deste proxecto de lei.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Gallego.

Seguinte punto.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para presentar a proposición de lei, ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, dende esta tribuna hoxe non podo saudar a ningún membro do Goberno. Hai un insigne *tweet* dun conselleiro que dicía un día de sesión plenaria, ás nove e media da mañá: “Vou ao Parlamento a ver que non-propostas ten a oposición”. Mais cando a oposición trae propostas a este Parlamento –con todos os respectos, dende logo, para o Goberno–, o Goberno está ausente, nin tan sequera se digna a escoitar a explicación que ten que dar esta Cámara sobre as propostas que trae a mesma; o cal eu creo que é unha anomalía democrática, completamente. Xa non soamente que os parlamentos neste momento sexan postos en cuestión porque non representen a cidadanía ou o pobo non teña capacidade real para poder legislar ou facer propostas, é que nin tan sequera neste momento ten os mínimos formais o Goberno para escoitar as propostas da oposición. Sinceramente, é que estou totalmente perplexa, é algo habitual no Goberno Feijóo e na súa práctica. Por favor, agardo que neses mantras con que nos destroza a cabeza mediaticamente non volvamos escoitar iso de que non hai alternativas. Porque, por favor, de verdade, máis insultos á intelixencia, non.

Eu hoxe veño explicar a proposta de lei para a creación dun instituto de crédito e investimento, rexistrada co número 16705. Dígoo polo Goberno, por se quere pasar o esforzo de tan sequera botarlle un vistazo e non soamente darlles a consigna aos deputados e deputadas do Partido Popular para que

leven adiante a votación. E permítanme que explique por que neste momento temos que debater unha proposta para crear un instituto de crédito e investimento. ¿Cal é a situación na que se atopa Galiza? Unha desaparición completa do seu sistema financeiro, unha situación de estrangulamento total do crédito en Galiza, e un –imos dicir– derrubamento do tecido industrial galego nos últimos cinco anos.

A respecto do primeiro apartado, a respecto da desaparición do sistema financeiro galego, é unha absoluta realidade. Neste Parlamento aínda está esa comisión de investigación dormente das caixas de aforros, agardando, pensabamos, que polo bico sanador do comprador de Novagalicia Banco. Mais é certo que chegou o comprador e segue durmindo esa comisión de investigación das caixas. Mais o certo é que fixo un bo negocio, porque a día de hoxe non temos sistema financeiro, e a entidade que comprou Novagalicia Banco soamente devolverá o 8 % do diñeiro público investido, soamente o 8 %, 728 millóns de euros, segundo confirmou recentemente o subgobernador do Banco de España e presidente do FROB. Polo tanto, deses 1.003 millóns de euros recadaranse soamente 728. Mentres que as axudas públicas foron de 8.921 millóns de euros.

Vostedes, señores e señoras do Partido Popular, votaron en reiteradas ocasións nesta Cámara non á transformación de Novagalicia Banco nunha banca pública. Tiveron oportunidades para pelexar pola transformación nunha banca pública e vostedes dixeron que non era o seu modelo e votaron en contra. Polo tanto, hoxe non temos sistema financeiro galego de ningún tipo, nin público nin privado. Mais ¿en que situación estamos a nivel de espolio do noso aforro? Cun estrangulamento brutal do crédito. Podemos dicir neste momento que Galiza é a comunidade cun maior volume... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

Por favor, silencio.

Prosigas.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Podemos dicir que Galiza é a comunidade onde existe un maior volume de depósitos que de créditos. Exactamente,

segundo datos recentemente coñecidos, 5.872 millóns máis de depósitos que de créditos. Sabemos que os galegos e as galegas sempre foron moi aforradores, de feito, era suculento o botín, ese espolio do aforro galego. Mais Galiza foi a comunidade que sufriu o maior descenso da relación entre depósitos e créditos de todo o Estado, exactamente un 12,6 %. Se no ano 2009 existía un volume de crédito do 3,88 %, agora existe do 3,39 %; polo tanto, Galiza está á cola dos créditos, nunha situación que nos debe facer pensar moito, nunha situación de caída do tecido industrial galego.

Algúns datos para poder asentar esta afirmación... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Grazas, presidente, eu sei que este é un tema que levanta paixóns. Recoñezo que é normal, porque é un tema, entre dato e dato, que apaixona. O Goberno xa vemos que está nun estado que non pode máis de ánimo e de vitalidade por este instrumento financeiro e comprendo esa paixón. Pero sigamos.

Estaba dicindo que a situación industrial de Galiza a verdade é que non é de brincadeira, é absolutamente alarmante. A caída do emprego industrial é do 10 % nos últimos cinco anos respecto da media estatal. Mais se imos aos datos concretos, son absolutamente aterradores. Neste momento podemos ver que o tecido industrial galego en 2009 representaba o 15,9 % do emprego; hoxe é soamente o 14,1 %. Pero isto significou que o descenso por ramas –que ademais son significativas en Galiza– da actividade industrial fora da seguinte orde: enerxía eléctrica, 17,2 %; téxtil, 26 %; metalurxia, 26 %; fabricación de móbeis –punteiros noutro tempo–, un 30 % de caída na afiliación á Seguridade Social. Todos os indicadores, tanto relativos como absolutos, o que mostran é unha situación industrial en Galiza alarmante. Podemos repasar todas as iniciativas que trouxemos a este Parlamento e que se debateron, dende Pescanova, T-Solar, Freiremar, Unísono, Alimentos Lácteos, Megasa a Infinita Renovables agora, onde moitos millóns públicos, moitos millóns en todas e cada unha destas empresas foron dende a Administración pública á xestión dubidosa en moitos casos por parte dos xestores destas empresas privadas. E agora liscaron do país e agora despediron os seus traballadores e traballadoras. A verdade é que nos gustaría que estivera aquí un responsable do Goberno escoitando cales son as cifras alarmantes do desplome industrial en Galiza neste momento.

Pero ante esta situación industrial, como dicía, realmente alarmante, temos o que podemos denominar, dende logo, un Igape convertido nunha especie de instrumento –tomando aquel título dunha clásica película– da “increíble historia do Instituto Galego de Promoción Económica minguante”, sen axilidade, sen capacidade. E, por ser educada e non lembrar historias da pasada lexislatura, podemos dicir que o Igape neste momento é claramente un zombi. En 2009 tiña capacidade de promoción económica da orde de 306 millóns de euros; no 2011, de 254; no 2012, de 136; no 2013, de 133; e no 2014, de 82 millóns. A situación do Igape é totalmente –non vou dicir “terminal”– zombi, parece que está vivo porque se move, pero realmente é un instrumento financeiro morto. Dos 82 millóns do Igape, neste momento soamente 30 se destinan a empresas galegas, 5 millóns ao fondo de capital risco e 7 millóns ao fondo de garantía de avais. Esta é a situación, o Igape é un instituto cada vez –podemos dicir– cunha situación de menor capacidade de intervención na economía galega, está totalmente esclerotizado, non serve neste momento. Por iso nós presentamos a posibilidade de transformación do Igape nun instituto de crédito e investimento.

Nós cremos firmemente, dende o Bloque Nacionalista Galego, que esta iniciativa ten que ser unha iniciativa que mostre a capacidade galega para saír dunha situación onde as empresas produtivas están sometidas aos intereses das entidades financeiras que non teñen os seus centros de decisión en Galiza, que, polo tanto, non están guiadas polos intereses de Galiza senón por outro tipo de intereses. Hoxe propoñemos para o debate a toma en consideración deste texto, para que se mellore, para que o enriquezamos coas emendas –é esta frase que utiliza sempre o Partido Popular, a de chegar ao consenso e de enriquecer–. Bueno, nós cremos que se debe debater, que se deben de poñer enriba da mesa iniciativas claras para a saída desta situación económica e industrial que vive Galiza. De aí este texto, que ten unha importante novidade, dende a nosa óptica, que é a creación dunha corporación industrial pública galega. Porque temos que reflexionar e actuar a respecto desa política das subvencións seguida durante anos por parte dos gobernos da Xunta de Galiza. Porque hoxe, cando repasamos os 9 millóns de Alimentos Lácteos, 40 millóns de T-Solar, 40 millóns de Pescanova soamente nos últimos cinco anos, sen retrotraernos xa a épocas coñecidas de Fraga, se repasamos os máis de 12 millóns en Infinita

Renovables, os 8 millóns para a nave de Freiremar e os posteriores despois en subvencións para a produción, e poderíamos seguir así cun longo listado de empresas, temos que preguntarnos: ¿e agora que? Marchou a tecnoloxía, como ocorreu, por exemplo –un dos máis debatidos nesta Cámara–, en T-Solar, perdéronse os postos de traballo e perdéronse as subvencións, é dicir, os cartos públicos.

Ante iso, ¿debemos estar inactivos ou debemos plantexarnos dar un paso adiante? Nós propoñemos unha corporación industrial pública galega, pero cremos que é necesario ese debate. Por iso este é un dos aspectos destacables desta iniciativa, cremos que hai que deixar xa esa política da subvención e entrar nunha política de participación pública no deseño e planificación. E no caso de que as empresas estean en situación de risco e de peche, tamén de participación pública nas empresas.

Nós cremos que non podemos asistir a esa especie de retracción sen precedentes do crédito e de dicirlles adeus ás subvencións públicas que foron inxectadas nas empresas privadas despois dunha mala xestión dos seus xestores privados sen facer nada. Por iso nós consideramos necesario que se cree este instituto, co que xa conta Euskadi, Cataluña ou Andalucía. Hoxe estou tamén –como poden comprobar, señores deputados e deputadas– por citar diferentes nacións e territorios do Estado. Pero necesitamos dar un paso adiante, acabar coa política zombi do Igape, plantexarnos un novo instituto, que ademais non supón un custo engadido. Creio recordar que neste momento no Igape traballan 122 persoas: 1 director xeral, 5 directores de área ou directoras, 7 subdirectores ou subdirectoras xerais, 4 xerentes, 2 responsables de unidade, 12 técnicos ou técnicas responsables, 59 técnicos ou técnicas, 2 condutores ou condutoras, 6 administrativos ou administrativas da dirección e 23 administrativos ou administrativas, unha plantilla importante que ten o Igape. Polo tanto, nós entendemos que existiría subrogación de persoal, subrogación patrimonial e capacidade, dende logo, para iniciar unha nova etapa.

Por iso traemos este texto, para que sexa debatido por todos os grupos que conforman esta Cámara. Un profesor de Filosofía no bacharelato sempre dicía nas clases que as ideas teñen que ter patiañas para camiñar. Todos podemos compartir esas ideas de transformación, pero o difícil é poñerlles as patiañas. Hoxe esta é unha pequena contribución dende o

Bloque Nacionalista Galego para poñer patiañas para camiñar na reactivación do crédito e na posibilidade de comezar a albiscar algo semellante a unha banca pública galega, que vostedes, señoras e señores do Partido Popular, se negaron a establecer a través da venda de Novagalicia Banco e que hoxe nos leva a esta situación de exclusión financeira...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...ermo no crédito e derrubamento do tecido industrial galego. Por iso lles pido o voto afirmativo para esta proposición de lei.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

Rolda dos grupos parlamentarios. (*Pausa.*)

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, o señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente en funcións da cámara de representantes. Señor presidente da Xunta, ausente, no máis prístino e mental sentido da palabra. Señora conselleira de Facenda, que debe estar no paraíso, supoño que non fiscal. Señor conselleiro de Economía, Industria e Exportacións de frutas con bicho, como dicía *La Codorniz* hai conta anos, e sería plenamente vixente hoxe. Señorías.

Vaia por diante que o Grupo da Alternativa Galega de Esquerda imos apoiar afirmativamente esta iniciativa lexislativa do Bloque, ou do BNG, e que eu persoalmente subscribo todas as afirmacións e argumentacións expostas aquí hai un momento por dona Carme Adán, e non quero reiteralas para non ser repetitivo.

Daquela, vou pedir o permiso das súas señorías para ler algúns fragmentos dun texto. Eses fragmentos din: “Cando chegamos aos nosos días, nos que sen dúbida presenciamos un fenómeno de crecemento capitalista localizado en Galicia –que non desenrolo capitalista do país galego–, non se pode calcular en que medida fará progresar o país no seu conxunto nin cales son as razóns da súa evidente deficiencia en ritmo, amplitude e profundidade, sen termos en conta que a

burguesía que protagoniza hoxe, ao cabo, ese proceso faino tardeiramente e máis como burguesía emisaria. Emisaria dos estratos sociais e centros de poder que protagonizan o crecemento económico español contemporáneo, e mais tributaria deles. Por iso, a medida que ese proceso adianta, redúcese –no canto de ampliarse– a marxe de autonomía da clase social que exerce o liderado en Galiza, e episodios como o do Banco de La Coruña ou como os rumores que circulan agora encol do máis potente grupo financeiro galego” –estase a referir isto tacitamente ao Grupo Pastor– “contribúen a probar esa hipótese. Por se non foran abondo, salvadas as diferenzas de matiz e de idiosincrasia, os casos da cuarta siderúrxica e do iberpuerto entre os máis recentes.

A pervivencia desa relación triangular: país –a maioría social–, a clase empresarial burguesa galega e as oligarquías e centros de poder social e político do Estado español, é correlativa da pervivencia da dependencia colonial traducida en fórmulas modernas e verdadeira función dos circuitos financeiros. De feito, arredor do xogo do marco institucional establecido, na moderna sociedade española xurdida do proceso de desenrolo que bota a andar definitivamente no derradeiro terzo do XIX, a relación faise esencialmente dinámica e precisa unha axilización axeitada dos mecanismos que encarreiran os fluxos financeiros no proceso de acumulación e no modelo de acumulación a nivel do Estado español, claro está.

A colonización financeira non é máis que a versión contemporánea do instrumental máis necesario en cada intre para o mantemento e explotación da dependencia colonial. É a maneira actual, correspondente a unha economía capitalista relativamente avanzada, de poñer en circulación o excedente económico galego que se lle subtrae ao país. Non é novo o feito da subtracción, é novo o instrumento primordial do que se vale, a maneira de utilizalo e a intensidade do seu uso.”

Se lles leo isto é porque está escrito máis ou menos hai 42 anos, e porque, se lle prestamos atención á nosa contorna, o panorama actual da estrutura económica, da base produtiva e do aparato circulatorio da economía, polo tanto os circuitos monetarios e financeiros, e polo tanto o sistema todo dos intermediarios financeiros, daquela aínda era existente. Falábase, en relación co Banco de La Coruña, de que poucos anos antes, a finais dos sesenta, decidira a familia propieta-

ria –os Vilariño–, nunha situación en que o banco non tiña absolutamente ningún problema e que tiña a máis ampla e nutrida rede de sucursais e oficinas bancarias en toda Galiza, pasar de banqueira a rendista e vendeulle todo iso por catro cadelas ao Banco de Bilbao.

O Banco Pastor estaba en perigo daquela, pero o Banco Pastor non desapareceu daquela, o que pasa é que cambiou de ser simplemente o instrumento como banco industrial –aínda que non levase ese nome– do Grupo Barrié, o artefacto financeiro de todo o Grupo Barrié, fundamentalmente do que era Fenosa, con investimentos a longo prazo como implican as represas, etc., a ser un banco comercial, e entón cambiou a súa dinámica, na medida en que o Grupo Barrié tamén ía empezando a ser un grupo que se descompuña e que empezaba a ser disgregado, pasando, por exemplo, os estaleiros de Perlío ao INI por aquilo da socialización das perdas por mala xestión, e así sucesivamente.

Pero nese mesmo momento acababa de crearse, poucos anos antes, o único banco industrial galego nacido a raíz da reforma bancaria, no ano 1964-65, que acabou coa banca mixta como patrón xeral e introduciu a especialización bancaria entre bancos de negocios e bancos comerciais, para cretos fundamentalmente a curto prazo, e banco industrial para creto a longo prazo. Falo do Banco do Noroeste. O Banco do Noroeste foi acosado –pouco despois de escritas estas cousas, e anúnciase noutra parte deste texto que está verosimilmente en perigo de extinción– pola gran banca, que estaba creando os seus propios bancos industriais simplemente como pseudópodos dos bancos de sempre, e destruído. Foi comprado por Rumasa, ¿saben vostedes por cal cifra? –ensinárame o documento Luis Suárez-Llanos, catedrático de Dereito Mercantil daquela e decano da Facultade de Económicas–, por 50.000 pesetas.

Pero, se comparamos aquela situación coa de hoxe, resulta que estabamos na gloria. Había unhas posibilidades. Primeiro, estabamos aínda nun ciclo expansivo da economía e aínda existía un tecido industrial importante no complexo marindustrial e no complexo agrario, incluso en sectores emerxentes como o propio téxtil, que estaba emerxendo daquela. Había aínda intermediarios financeiros, non só eses bancos, senón pequenos, e había, sobre todo, as caixas de aforros. Hoxe, ¡nada! Eu preguntolles a vostedes: os grupos dirixentes dun país que ao longo de cincuenta anos son inca-

paces xa non de construír, senón de deter o desmantelamento disto, ¿que grupos dirixentes son? ¿De que país estamos a falar? Dun país descabezado, representado por aqueles que levan gobernando na cámara esta con maioría, e na Xunta de Galicia, coido que 24 dos 36 anos, ou 26 dos 32 anos que levamos de Autonomía; ou sexa, vostedes.

Pero é que por riba, á altura de 1989, don Carlos Mella e este que lles fala –daquela era eu o único deputado do Bloque– presentamos unha proposición de lei que debo dicir, en honra da verdade, que foi fundamentalmente obra de Carlos Mella, que era un home cunha... –segue vivo, pero daquela en plena actividade–, que fora vicepresidente económico da Xunta de Galicia no primeiro Goberno.

Tratábase dunha iniciativa lexislativa de creación dun instituto de crédito galego, que era visto como un instituto que funcionaba, por unha banda, como banco público –na medida de encaixe no Estatuto de Galicia–, para levar incluso a Tesourería da Xunta de Galicia, para as relacións financeiras co Goberno do Estado e para todo o que tamén se establece e se propón nesta iniciativa lexislativa. E dicíase: “Diversas razóns avalan suficientemente a proposta de creación dun instituto de crédito galego que combine e asuma, en primeiro lugar, a función de coordinación financeira da nosa comunidade coa Administración central, e, sobre todo, a función de converterse nun importante instrumento da política financeira ao servizo das necesidades dos diferentes axentes, públicos e privados, que actúan no noso ámbito territorial. Estimamos que a creación do Instituto de Crédito Galego se converterá nun instrumento imprescindible ao servizo do desenvolvemento económico, da política autonómica coordinada e non contraditoria coa política xeral, e, en definitiva, do incremento do benestar económico do noso país.”

Non me dá tempo de lerlles a intervención de don Carlos Mella, pero hai unha cousa que si que lles quero ler. Na exposición de motivos díse: “Toda a Xunta de Galicia ten que ter unha política económica, e esa política económica faise a través da intermediación financeira. E é lóxico que esa política económica teña a posibilidade de que todos os fluxos financeiros vaian precisamente aos fins desa política económica establecida.” Vostedes non teñen ese instrumento nin o queren ter. “Para iso necesítase un organismo ou un instituto de crédito oficial que teña na súa man, concentra-

dos, os recursos financeiros e poida coñecer, saber e determinar en cada momento se estes recursos van dereitos aos obxectivos da política económica. ¡Nin sequera o fixeron coas caixas de aforros!

Vou rematar porque non me quero pasar do tempo.

Insisto, vostedes son responsables de que este país sexa desangrado sistematicamente porque non quixeron daquela, e despois –no ano 1991, co Goberno Fraga– tampouco quixeron a mesma proposta; nin agora seguramente –a non ser que veñan algúns de vostedes un pouco *alegritos*, media ducia de vostedes, no momento da votación– vai saír adiante, por suposto. Pero son os responsables...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: ...e este país vailles pedir contas, ¡e non quixera estar na súa pel!

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Beiras.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor González Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidente.

En primeiro lugar gustárame empezar sinalando que a peme galega afoga por falta de crédito. Os bancos están a limitar a capacidade crediticia do sector privado, concedendo créditos ás grandes empresas en torno ao 2,5 % ou ao 3,5 %, fronte ao 8 % ou ao 10 % que llo fan á pequena empresa e aos autónomos; e iso cando conseguen o dito crédito.

A este sistema financeiro que lastra a economía do país únese a desindustrialización xeneralizada, a perda de posicións dos sectores de futuro, o altísimo nivel de desemprego, o desmantelamento do Estado do benestar e os peores niveis de débeda pública tanto na Administración do Estado como na da Xunta de Galicia, que pasou de 4.842 millóns no ano 2009, o 8,7 % do PIB galego, a 9.131 millóns de euros a finais de 2013, o 16,6 % do PIB galego. Datos do Banco de España.

Non é posible pensar nunha recuperación económica forte e sostida sen unha recuperación do crédito. Dende o inicio da crise, o crédito bancario experimentou unha notable contracción. Actividade económica e crédito van da man e en paralelo. Case o 70 % dos economistas galegos apuntan á necesidade de inxectar liquidez ao tecido empresarial como a medida máis urxente para recuperar a economía.

No segundo trimestre do ano pasado, o grifo do crédito só se abriu lixeiramente na provincia de Pontevedra, onde, segundo os datos do Banco de España, se concederon 64 millóns de euros máis que ao comezo do dito ano. Este é o único dato positivo, pois no conxunto de Galicia redúcese un 1,2 %, situándose a niveis similares aos de mediados do ano 2005. Galicia é a segunda comunidade con menos crédito en relación coa súa poboación. Por tanto, se a financiación a empresas e autónomos continúa en descenso e o consumo interno segue con taxas negativas, as posibilidades de recuperación económica van ser practicamente nulas.

Os créditos a empresas non financeiras e autónomos reducíronse en 2013 en máis de 88.000 millóns de euros, o que supuxo unha taxa de caída interanual do 9,2 %, a maior dos últimos anos.

Non está de máis recordar que a nosa Comunidade Autónoma ten competencias exclusivas en materias como o fomento e a planificación da actividade económica en Galicia, así como a da súa organización interna. Resulta imprescindible contar en Galicia cunha institución que sexa quen de controlar e coordinar a actividade financeira da Xunta de Galicia no seu sentido máis amplo, ao tempo que sirva de apoio á actividade produtiva da economía xeral.

As novas demandas existentes, e o escenario económico e financeiro que se conforma, fan necesario contar cun instrumento desas características, que permita desenvolver as súas políticas de financiamento dun xeito máis operativo, coordinado e áxil, baixo os principios de racionalidade, rigor e transversalidade.

O actual Goberno da Xunta camiña en sentido contrario. Existe un instrumento, como é o Igape, que en parte podería realizar tales cometidos, pero que non o está a facer na actualidade. Cando a demanda social neste eido, pola actual grave crise económica, deba ser máis importante, o papel

asignado ao Igape pola Xunta de Galicia é un papel residual. A morosidade arrancou en xaneiro cunha nova suba e chegou ao 17,78 %, co que marca un novo récord histórico.

Con este Goberno destruíronse máis de 200.000 empregos, as principais empresas de Galicia pecharon, ¿onde estivo o Igape para evitar tanta destrución de emprego e o peche e desaparición de autónomos e pemes? Nos últimos anos, o Igape pasou de xestionar 345 millóns de euros do ano 2010, a 82 no 2014, o que vén a significar que desapareceron 2 de cada 3 euros que tiñan que contribuír a axudar financeiramente as empresas da nosa comunidade; un recorte que supera con moito a baixada media dos orzamentos da comunidade, en concreto baixan practicamente sete veces máis. Logo acódesese a vías de márketing político, como a aprobación dunha lei de emprendemento, mentres a realidade dotacional vai por outro lado.

O desmantelamento en termos políticos do Igape é, ademais, paralelo aos recortes na promoción empresarial desde que o Goberno autonómico empezou a traballar en Galicia. Prodúcese unha rebaixa que reduce practicamente á metade estes programas de apoio ao desenvolvemento empresarial. Os recortes acumulados dende o 2009 ao 2014 ascenden a unha contía de 270 millóns de euros, e para este ano 2014, con respecto ao ano anterior, dáse un decremento do 33 %.

En relación co 2013, desaparece 1 de cada 3 euros que estaban destinados para programas no ano anterior. O pasado ano, o 2013, só se concederon 3 avais por 84.000 euros no primeiro semestre, fronte aos 41 autorizados en todo o 2009 ou os 82 concedidos no 2010.

Dende o 2007, o Igape concedía préstamos a empresas a través de fondos que captaba do Banco Europeo de Inversións; unha fórmula que se bloqueou a mediados do ano pasado ao restrinxir a Xunta a financiación externa só a casos excepcionais con problemas de tesourería ou de liquidez. Os fallidos ao cerre do 2011 superaban os 35 millóns de euros, case un 26 % do saldo en vigor. Ata o 30 de xuño de 2013, o risco vivo dos avais ascendía a 176 millóns de euros. Ante esta realidade faise, pois, necesario modificar tal estado de cousas, e cabe valorar a iniciativa desta proposición de lei do Bloque Nacionalista Galego como unha vía que posibilite que o Parlamento de Galicia aposte pola creación dun órgano máis potente e cunha importancia crecente.

Somos, pois, partidarios de apoiar a creación deste novo organismo, e, neste sentido, o noso voto será positivo, aínda que son varias, na nosa opinión, as cuestións que en relación coa proposta do Bloque deberán ser afrontadas no trámite posterior de emendas ao articulado. Por exemplo, se nas prestacións de servizos se deberían incluír as relativas ao endebedamento, así como prestar asistencia técnica na xestión do patrimonio para o conxunto do sector público estatal, ou ben se estas cuestións deben permanecer dentro do ámbito da propia Administración. Pero no que estamos totalmente de acordo é na finalidade fundamental de tal entidade, como sería a de promover as condicións que axuden a facilitar o acceso ao crédito por parte dos axentes privados para o desenvolvemento da súa actividade económica.

Recordar que no pasado, no Goberno Touriño, existía unha relación positiva da Xunta de Galicia co Banco Europeo de Inversións que posibilitou liñas de crédito para as empresas nunhas contías que non se volveron ofrecer dende entón. Abandonouse tal estratexia e agora aquela actuación tan positiva foi cambiada, e a preferencia do Goberno da actual Xunta de Galicia é acudir ao Banco Europeo de Inversións para posibilitar o obtención de fondos para unha empresa privada co fin de promover o hospital de Vigo.

Ao noso entender, o novo instituto que promove a proposición de lei deberá ter, ademais das funcións encomendadas actualmente ao Igape, as funcións encomendadas a outros entes do sector público autonómico que deberán desaparecer. Por exemplo, as que se refire á Sociedade Pública de Investimento de Galicia, cuxa dependencia da Consellería de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas carece de sentido. Así como as sociedades existentes que pivotan arredor da Consellería de Industria, co cal se incidiría ademais, de xeito positivo, no proceso de racionalización da Administración autonómica, dotándose da necesaria coordinación no ámbito das actuacións en materia financeira. Recordemos que actualmente son tres os entes que pivotan arredor da Consellería de Industria, e algúns poderían formar parte, sen dúbida, das funcións deste novo organismo; por poñer algún exemplo, Xesgalicia ou Sodiga.

Tamén este novo organismo deberá fomentar o acceso ao financiamento daquelas actividades produtivas que se consi-

deren estratéxicas para a economía de Galicia en termos da súa capacidade de creación de emprego sostible e de adaptación a unha economía cada vez máis dinámica e competitiva, ao tempo que apoiará o desenvolvemento de novas tecnoloxías, podendo igualmente formalizar para este fin os convenios ou acordos que sexan necesarios.

Ao noso entender, este novo instituto asumiría tamén o papel de asesoramento e xestión das políticas de axudas aos sectores produtivos por medio de todos os mecanismos legais ao seu alcance, incluído o de prestar apoio financeiro ás sociedades e fundacións, facilitar o financiamento ás empresas non financeiras, así como xestionar os fondos de capital-risco e as participacións empresariais que pola Comunidade Autónoma se poidan determinar.

Outro dos ámbitos de actuación da nova entidade será o asesoramento e xestión da política de axuda da economía galega. Na proposición de lei, o instituto dótase dunha personalidade xurídica como entidade pública empresarial, o que nos parece correcto, co que se separa da actual configuración do Igape como axencia. Se ben se adscribe á consellería competente en materia de economía e finanzas da Xunta de Galicia, o cal pode plantexar dúbidas por canto existen dúas consellerías con tales competencias.

No tocante á organización e estrutura do instituto, acaso habería que delimitar na mesma lei, mellor que nun futuro estatuto, o seu desenvolvemento; e cun pouco máis de precisión na propia lei os seus órganos de goberno e o seu consello de dirección, establecendo as súas funcións, así como as funcións relativas á Presidencia e á persoa que ocupe a súa Dirección Xeral. Son cuestións nas que, sen dúbida, nos poñeremos de acordo na ponencia.

Tamén consideramos positivo o establecemento dun consello ou comité asesor. A nosa opinión é que incluso este comité deberá ter unha participación activa cando se trate de informar dos investimentos ou desinvestimentos de carácter estratéxico que se realicen polo propio instituto.

Consideramos que tamén sería positivo incluír as actuacións do instituto dentro dun plan estratéxico para un período de catro anos, onde figurasen os obxectivos anuais, así como as accións económicas, os investimentos previstos e a súa avaliación e control.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando, por favor.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Si, presidente, xa remato.

Como xa manifestei, todas estas cuestións poden ser obxecto de emendas parciais posteriormente. Pero co tronco fundamental da proposición de lei, por canto significa de cambio respecto da actual situación de parálise, coa potenciación dun novo organismo que axude ao desenvolvemento da economía galega, estamos a favor e apoiaremos a súa toma en consideración.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor González Santín.

Grupo Parlamentario Popular, señor Arias.

O señor ARIAS VEIRA: Señor presidente.

Señorías, hai que explicar exactamente en que consiste esta iniciativa porque non está aclarado. É a gran solución, a gran solución financeira para todos os problemas de Galicia; dísenos así. Voten vostedes que se vai chamar Instituto Galego de Crédito e Investimento. É dicir, creamos un nome, creamos unha organización, e xa haberá crédito e inversións. Creamos unha corporación financeira e escomezamos a resolver os problemas.

O señor Beiras incluso dicía que agora estamos peor que nos setenta. Bueno, non está, ¡lástima! Eu non estou igual que nos setenta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Fajardo, señor Fajardo, chámoo á orde. Señor Fajardo, señor Fajardo, chámoo á orde. *(Murmurios.)*

Prosiga, señor Arias.

O señor ARIAS VEIRA: Si.

Perseguido, señor Fajardo, que era bastante peor que nunha democracia de todos. *(Aplausos.)*

Cecais vostede non sabe exactamente o que é militar sen liberdade. Estamos aquí na época conmemorando precisamente o falecemento dun presidente que con moitas forzas políticas, entre elas o Partido Comunista, partido democrático e constitucional, crearon a posibilidade de que agora incluso vostede me faga iso que non é unha acusación, que é unha homenaxe a todos os que nos comprometemos naquela época. *(Aplausos.)*

De todos xeitos, AGE vai con Izquierda Unida, ¿non? Dalgún xeito, eu penso que son máis adiantado, que fixen unha evolución liberal pero... *(Aplausos.)*

Estou consumindo tempo, pero hai un tema esencial. A min paréceme claramente que este é simplemente un cambio de nome para o Igape. Simplemente collen o Igape, cambiámoslle o nome, e punto. Pero deamos máis fondos. ¿Como? Porque aquí o problema... Non oímos cifras. ¿Como se vai dotar de fondos este novo instituto, ou sexa, o Igape reformulado?

A única variación que hai respecto do que pode facer o Igape é o artigo 7, recursos económicos, que di: Asignacións que dean os orzamentos. É dicir, como no Igape agora non hai diferenzas, as subvencións... non hai diferenza. Pero si di emisión de débeda pública. Esta é a diferenza. A diferenza é que sería un organismo que podería realizar operacións autónomas de endebedamento. Non é un banco, non é un banco. É dicir, non imos abrir oficinas para que depositantes –como farían as caixas de aforros– depositen fondos e nós reinvestímoslos e investímoslos en Galicia. Non vai ter depositantes, polo tanto, o que lle dea a Xunta dos impostos. É dicir, un mecanismo é recadación de impostos: Xunta de Galicia, orzamentos, novo instituto Igape reformulado. E ese Igape, ademais, pode crear operacións autónomas de endebedamento nos mercados de capitais. É dicir, ¿logo con que se pagarán? Cos impostos dos galegos.

¿Danse garantías de que esa entidade así entendida funcione ben? Ningunha. ¿Garantías de que sexa unha excepcionalidade na crise financeira? Ningunha. ¿Onde están?

Dinse os problemas que temos na sociedade. É verdade, temos eses problemas. ¿Quen causa eses problemas? Aquí o señor Santín esquecía o 2010, co gran cambio socialista: o cambio socialista en pensións, o cambio socialista en ende-

bedamento, o cambio socialista en débeda pública, o cambio socialista en case todo. ¿Por que? Porque todo o proceso de evolución económica non o creou o Partido Popular, creouno o Partido Socialista apoiado polo nacionalismo. ¿Como? Exactamente entre 2004 e 2008 fundamentalmente, utilizando o endebedamento exterior para propiciar o desenrolo económico para as operacións das inmobiliarias, que, ao non venderse, entraron en quebra todos os bancos españois. Incluso se xa estivese funcionando un novo Instituto Galego de Crédito e Investimento, tamén ese.

Dise, por outra banda, que este instituto non podería financiar actividades inmobiliarias. É dicir, non financiaría vivendas de particulares. Aí soamente di operacións de vivenda social, nada máis; é a única matización que fai. A min paréceme que é moi pouco imaxinativo, pouco comprometido, pouco explícito. Non é un proxecto de lei como debería de ser, de natureza económica, que diga: hai que dotar este instituto, por exemplo, con 5.000 millóns de euros. Necesítase crédito. ¿Canto crédito se necesita para cubrir a sequía do crédito? ¿Canto? Se simplemente nos limitamos a cambiarlle o nome ao Igape e dar de dotación a capacidade de endebedamento, ¿que facemos? ¿Isto é realmente solución respecto de todas as crises?

Primeiro, non nos parece axeitado porque o Igape é un instrumento de política de promoción rexional, territorial –nun senso económico, non autonómico–, que con todas as limitacións, en todo o que vai de autonomía, apoiou máis de 50.000 proxectos empresariais, 7.000 operacións marco nos programas financeiros, máis de 3.000 proxectos de facilidade ás operacións de pemes, 3.000 proxectos de internacionalización e 3.000 operacións de aval e reaval. É dicir, primeiro, estamos nun momento en que todas as economías teñen que desapalancarse, teñen que desendebedarse, non hai que aumentar máis as débedas públicas. O Goberno da Xunta está nun proceso progresivo de diminución de déficit. Aquí se esquece que estes gobernos do Partido Popular e da Xunta de Galicia teñen menos presuposto do que tiñan os bipartitos, que estaban utilizando un proceso de endebedamento masivo da economía española e da galega tamén. E esa foi a causa de quebra das caixas de aforros, porque precisamente propiciaron ese proceso de investimento artificial sen vender que creou a insolvencia irreversible. Pero non se enteraban, non o sabían, estiveron gobernando ata o 2009. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Nós estivemos calados, eu estiven calado. Coma sempre, esta bancada sempre está interrompendo, primeiro risas, descalificacións, desvalorizacións. É iso, a falta de razón, a falta de seguridade, a falta de consistencia. Non poden soportar a mención empírica dos feitos. *(Murmurios.)* A crise estala en 2007 pola quebra de Lehman Brothers, que fai estalar todos os procesos de burbulla financeira... *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor, señorías. Silencio, por favor, silencio.

Señorías, silencio, por favor. Prosiga, señor Arias.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor ARIAS VEIRA: Si, é dicir, é un proceso que fai estalar todas as quebras das burbullas inmobiliarias e financeiras en España e en Galicia, que estaban súper acentuadas, e o que provoca todo ese cataclismo.

Ten o bipartito dous anos, dous anos dicindo que non hai crise, non sabendo os cimentos económicos da economía real galega e española, non sabendo como se estaban deteriorando todos os balances sobrevaluados. E estas persoas consideran que son especialistas para crear un novo instrumento financeiro, non tendo autoridade nin perspectiva histórica que os avale e nin sequera explicando o que debera ser, cunha verdadeira actitude de claridade, cantos fondos prevén con que se debería dotar, canta débeda había que admitir e, no seu caso, canto habería que aumentar a presión fiscal para crear este instituto debidamente dotado para que puidera facer fronte aos procesos teóricos que din de carencia de crédito, que é o problema fundamental, pero que son as consecuencias das erróneas políticas que seguiron no pasado e que agora nos queren imputar a nós.

Nós, loxicamente, con interrupcións, sen interrupcións, seguiremos traballando, daremos as nosas razóns, e esperamos seguir confiando coa aprobación do pobo galego, que dalgún xeito en democracia me parece que é o elemento fundamental de quen dá e quita razóns. De todos os xeitos, a min paréceme que debe cambiar moito a oposición para ser alternativa de goberno, cando nin sequera domina e pode facer un plan financeiro e unha crise financeira deste tipo cambiando un nome e simplemente dando unha atribución

para que siga endebedando máis as administracións públicas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do grupo parlamentario autor da proposición non de lei. Ten a palabra, polo Bloque Nacionalista Galego, a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta.

Eu estou aquí co proxecto de lei do Bloque Nacionalista Galego, pouco imaxinativo, falta de razón, falta de consistencia, incluso sen autoridade histórica, que a min iso tamén me chegou ao corazón, ¡eh!, porque mire, señor Arias, os e as nacionalistas teñen traballado moitísimo por este país, proposto moitísimas alternativas reais de goberno por este país. Vostede seguramente debería sabelo, ¿non?, como as propias palabras de Bóveda respecto da necesidade dun sistema financeiro propio. E vén aquí intentar darnos unha lección de historia de que os vencedores son uns. ¿Vencedores de que, se a situación é un empobrecemento xeneralizado da sociedade e unha perda de Galiza, señor deputado? Vostede está aí tan tranquilo, o Goberno estivo ausente, pero en Galiza neste momento non temos sistema financeiro propio e os culpables son vostedes.

Vostedes tomaron as decisións que nos situaron nesta situación: sen sistema financeiro propio, cunha perda total de soberanía política, coa eliminación da lingua e da cultura galegas, e vén aquí a esta tribuna dicir que non temos autoridade histórica. Mire, non sei a autoridade histórica que vostede quere atribuírse ao que é un empobrecemento da poboación, ao que é unha eliminación de Galiza, da realidade do Estado español. Mais vostede non pode dicir que este proxecto de lei non teña ideas respecto da necesidade de transformar o Igape. Vostede acaba de recoñecelo: o Igape é un instrumento que xa está caduco. ¿Por que non podemos elaborar un novo instituto de crédito e de financiamento? ¿Por que teñen medo a falar dunha corporación industrial pública?

O que vemos é que as empresas privadas fan grandes negocios, levan as subvencións públicas e despois liscan do país, e deixan os traballadores e as traballadoras na rúa, sen nin-

gún tipo, desde logo, de ética de ningunha clase. Por iso eu quero agradecerlle explicitamente o apoio que nos brinda a esta iniciativa Alternativa Galega de Esquerda e as palabras do señor Beiras; tamén quero agradecerlle o apoio ao Partido Socialista de Galicia e, desde logo, que tomamos nota das súas indicacións. É unha mágoa que non poidamos debater as aportacións, simplemente porque chega aquí o Partido Popular a dicirnos que temos que estudar máis. Non sei o moito que estudaron vostedes, pero están destruindo este país. O único que teñen é vontade de Tánatos, de acabar con todo: acabar co sistema financeiro, acabar co sistema produtivo, acabar coa nosa lingua e acabar coa nosa cultura.

Señor Arias, as leccións de historia gárdeas para vostede, porque aos nacionalistas, ás nacionalistas, vostede non nos dá ningunha lección de defensa deste país, ¡ningunha!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Votación dos textos lexislativos

A señora PRESIDENTA: Pasamos á votación dos textos lexislativos. Pechamos as portas.

Comezamos coa votación da toma en consideración da proposición de lei de iniciativa lexislativa popular.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para garantir a prestación das especialidades de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear en igualdade de condicións para toda a cidadanía galega, con independencia do seu lugar de residencia en Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

En consecuencia, queda aprobada esta toma en consideración por unanimidade con 73 votos a favor.

A señora PRESIDENTA: Polo tanto, continuará a súa tramitación parlamentaria.

Votamos a continuación, do Proxecto de lei de accesibilidade, en primeiro lugar as emendas á totalidade de devolución. Comezamos pola votación da emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, documento número de Rexistro 19711.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución presentada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de accesibilidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, documento número 19659.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución presentada polo G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Proxecto de lei de accesibilidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, documento número 19705.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución presentada polo G.P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de accesibilidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

A señora PRESIDENTA: Por tanto, o proxecto de lei continúa a súa tramitación parlamentaria.

Votamos, por último, a toma en consideración da proposición de lei formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

A señora PRESIDENTA: Continuamos coa orde do día, co punto de comparencias.

Comparencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por iniciativa da Xunta de Galicia, para informar do desenvolvemento da LOMCE no ensino galego para o curso 2014-2015

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para a súa primeira intervención, o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, don Jesús Vázquez Abad.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Boas tardes, case noites, a todas e todos os presentes.

Esta Cámara ten sido escenario de moitos debates en relación coa lexislación básica en materia de ensino non universitario, sobre todo con motivo de todo o proceso de presentación e tramitación do que xa é a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de mellora da calidade educativa, coñecida comunmente como LOMCE, e, como saben, publicada no BOE o pasado 10 de decembro.

Sen entrar a analizar de novo todo o proceso de elaboración desta nova lei, só quixera mencionar que a redacción final da LOMCE é froito da técnica normativa de modificar a Lei orgánica de educación (LOE) mantendo aquelas cuestións que tiñan valor e utilidade para o bo funcionamento do sistema educativo e, logo dun laborioso proceso de recepción de achegas e de tramitación, introducir cambios para aqueles problemas detectados a partir das avaliacións de organismos europeos e internacionais, así como tamén das nosas propias probas.

O sistema educativo español ten como retos combater as taxas de abandono escolar temperán, mellorar os niveis formativos en relación cos estándares internacionais, elevar o número de alumnos que alcanzan a excelencia e adaptarse ás novas demandas de formación desde a perspectiva de empregabilidade, novas tecnoloxías e coñecemento de linguas, sen esquecer unha educación en valores con igualdade de oportunidade para todas e todos.

Precisamente, como responsable da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, teño manifestado en reiteradas ocasións que, fronte ás visións inmovilistas e á renuncia a adoptar medidas que corrixan as eivas detectadas polos estudos que analizan o ensino español fronte ao doutros países, a LOMCE significa unha oportunidade para o conxunto do sistema educativo, porque permitirá actualizalo e adaptalo ao século XXI.

Galicia, dentro das súas competencias, iniciou xa na pasada lexislatura a transformación do seu sistema educativo, aplicando unha serie de principios que agora son tamén recollidos na LOMCE e que son a equidade e a igualdade de dereitos e oportunidades que garantan o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado a través da educación, neste caso o decreto de atención á diversidade, a implantación dos contratos programa en centros de ensino non universitario e as actuacións nas que se axuda máis a quen máis o necesita,

ratificado ademais nos datos no último Informe PISA ao confirmar a Galicia como a comunidade autónoma cun sistema máis equitativo, por diante ademais de case todos os países da OCDE.

O recoñecemento dos proxenitores e titores como primeiros responsables da educación dos seus fillos e a liberdade de ensinanza, así como a educación para a prevención e resolución pacífica de conflitos e o desenvolvemento de valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres –refírome á Lei de convivencia e participación–, e a melloira dos resultados educativos, para o que se fomenta a adopción de medidas a prol da calidade educativa e as avaliacións.

Por tanto, á marxe de cuestións de carácter ideolóxico, entendemos que o novo marco normativo estatal pode reforzar o camiño iniciado para acadar un novo modelo educativo en Galicia e en España, que se caracterice por ser público, equitativo, de calidade e sostible, innovador e útil para a formación permanente ao longo da vida e para a empregabilidade da nosa mocidade.

Creemos que isto será así porque –permítanme lembralo hoxe– a nova lexislación orgánica do ensino non universitario propón un sistema educativo flexible, con atención personalizada e orientado á prevención de problemas a través de avaliacións, ao tempo que a norma busca a igualdade real de oportunidades e avanza na inclusión.

Garante unha educación pública e de calidade, con maior autonomía dos centros, ao tempo que se aposta pola rendición de contas, a transparencia na xestión e a correlativa responsabilidade. Reforza a coordinación entre Estado, comunidades autónomas e centros. Pon en valor a cultura do esforzo, a través de plans de orientación e apoio en todo o ciclo educativo e coa existencia de avaliacións. Promove o fortalecemento da autoridade do profesor e a profesionalización do director do centro, ao tempo que prepara a mocidade para o mercado laboral e para o seu futuro. Anticipa a elección de itinerario formativo e establece programas de mellora; facilítase que os alumnos poidan elixir o itinerario que máis se axuste ás súas capacidades, necesidades e intereses, a través das vías aplicadas en secundaria, dunha ampla oferta de modalidades de bacharelato e dunha FP máis potente e cohesionada. Implanta a formación profesional básica e fortalece

a formación profesional, de xeito que fai a FP máis flexible, atractiva e orientada ás necesidades do mercado laboral, coa potenciación da formación profesional dual.

Neste punto quixera referirme a unha cuestión que ten suscitado certa controversia e que non é outra que a relativa ao marco competencial no que hai que enmarcar a LOMCE.

As comunidades autónomas son as administracións chamadas a poñer en aplicación unha norma que nace coa pretensión de corrixir eivas de anteriores leis educativas e modificar un modelo educativo que entendemos que non cumpriu a súa finalidade. Ao mesmo tempo, a LOMCE parte dunha vocación de poñer en común o coñecemento de todos, pero desde o respecto á pluralidade nacional, elemento vertebrador do Estado das autonomías, que non podemos poñer en cuestión.

Desde esta perspectiva, a Comunidade Autónoma de Galicia defende que o coñecemento que deben adquirir os nosos estudantes pode ter elementos comúns froito dun acervo tamén común, premisa que non confronta senón que é compatible co carácter enriquecedor das diferentes particularidades do modelo de Estado como o español, que unido é máis forte. A mensaxe anterior entronca directamente coa arquitectura competencial deseñada polo constituínte, perfeccionada nos estatutos de autonomía e interpretada pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional.

Con independencia da opinión e do camiño que están a seguir outras autonomías, desde a perspectiva de Galicia, entendemos que na LOMCE se establece que o Estado, en colaboración coas comunidades autónomas, asume a responsabilidade de corrixir os desequilibrios educativos, porque o Estado ten a capacidade de harmonizar e consolidar obxectivos comúns.

Permítanme, pois, expoñer nesta Cámara a forma de ver a relación competencial que sentimos compartida pola inmensa maioría dos galegos e das galegas: Galicia, unida a España, e Galicia unida con Galicia. Esta visión foi a que primou na actitude da consellería á hora de formular no seu día melloras ao anteproxecto de lei proposto para a tramitación, e manteremos esta premisa cando afrontemos a obrigada aplicación da lexislación orgánica en materia de educación no curso 2013-2014 e ao longo dos tres cursos seguintes.

Precisamente unha das achegas de Galicia, xunto con outras comunidades autónomas, foi a necesidade de acadar un calendario máis flexible ao inicialmente proposto polo Ministerio. Esta demanda foi atendida, e, como é coñecido, a aplicación da LOMCE acometerase do seguinte xeito.

No curso 2014-2015, a nova normativa comezará implantándose polos cursos primeiro, terceiro e quinto de educación primaria, coa previsión dunha avaliación no terceiro curso de primaria, ao tempo que comezará a desenvolverse o primeiro curso da formación profesional básica.

No curso 2015-2016, previsto como o máis intenso, afrontase a implantación do fixado na LOMCE para segundo, cuarto e sexto de primaria, cunha avaliación final no último curso desta etapa educativa, mentres que comezará a aplicarse primeiro e terceiro da ESO e primeiro de bacharelato. De igual maneira, neste curso seguirá a implantación da formación profesional básica, co segundo curso, e tamén se introducirán melloras de primeiro e segundo curso de grao medio da formación profesional.

No curso 2016-17, chegará o momento de implantar segundo e cuarto da ESO, neste último curso cunha avaliación final, e tamén será o momento da aplicación do segundo curso de bacharelato con avaliación final.

Por tanto, a nova Lei básica de educación terá unha implantación progresiva e gradual, para propiciar a adaptación das comunidades educativas do conxunto do Estado. Aínda máis, as decisións que pretendemos pór en marcha en Galicia posibilitarán un arranque gradual.

Para desenvolver este calendario recollido na propia LOMCE, o Ministerio de Educación vén comezar o desenvolvemento da normativa orgánica. En concreto, xa foron publicados no *Boletín Oficial do Estado*, a principios deste mes de marzo, o Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico de educación primaria, e o Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanza de formación profesional do sistema educativo. Apróbanse catorce títulos profesionais básicos, fíxanse os seus currículos básicos e modifícase o Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanza establecidas na LOE.

No caso da formación profesional básica, o Ministerio xa está a traballar nun novo decreto con sete títulos profesionais básicos.

Antes de concretar as cuestións referidas ao curso 2014-2015, aproveito para concretar que Estado, comunidades autónomas e centros educativos serán corresponsables na organización dos currículos das etapas educativas de educación primaria, ESO e bacharelato, que a LOMCE establece en función de tres bloques: materias troncais, materias específicas e materias de libre configuración.

En termos xerais, o marco normativo fixa que será o Goberno central o encargado de determinar os contidos, estándares de aprendizaxe avaliábeis e o horario lectivo mínimo das materias troncais, que en primaria, ESO e bacharelato non será inferior ao 50 % do horario lectivo. Tamén será competencia estatal determinar os estándares de aprendizaxe variábeis das materias específicas.

A modificación que introduce a LOMCE radica en que reformula as competencias que a LOE outorgaba ás comunidades autónomas na configuración do currículo, en concreto tratando de xeito diferente as materias troncais. Por tanto, son competencias das administracións educativas autonómicas completar os contidos e fixar o horario máximo das materias troncais, establecer o contido e os horarios das específicas, fixar contidos, estándares de aprendizaxe avaliábeis e o horario das materias de libre configuración e autonómica, e tamén se encargará de recomendar a metodoloxía didáctica que se aplicará nos centros docentes da súa competencia.

Por último, nesta repartición de corresponsabilidades no currículo das etapas educativas do ensino non universitario, a LOMCE, que reforza a autonomía dos centros educativos, outórgalles aos propios centros educativos a competencia de complementar os contidos e determinar a carga horaria das materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica, así como a potestade de deseñar e pór en marcha métodos pedagóxicos en función da regulación e programación que estableza neste caso a Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia.

Por tanto, a Comunidade Autónoma de Galicia dispón de competencias propias que asumirá desde a perspectiva de

adequar os contidos dos currículos á realidade e singularidades propias: territorio, historia, lingua, cultura, idiosincrasia, etc., ademais de exercer o seu dereito á autoorganización en materia de ensino e promoción da lingua propia e a súa convivencia coa lingua oficial do Estado.

Como mencionei anteriormente, froito desa implantación gradual, a LOMCE comezará a aplicarse no vindeiro curso en educación primaria, concretamente en primeiro, terceiro e quinto de educación primaria.

A normativa educativa básica outorga ao Estado as competencias xa mencionadas en relación con materias troncais, lingua castelá e literatura castelá, matemáticas, ciencias da natureza, ciencias sociais e primeira lingua estranxeira.

Neste bloque aparece unha das primeiras novidades a ter en conta, que non é outra que a transformación de coñecemento do medio, que pasa a ser substituída por dúas materias: ciencias da natureza e ciencias sociais.

O bloque de cinco materiais troncais fixado pola LOMCE conta con carácter obrigatorio, como tamén as materias específicas que determina a Administración educativa galega.

Como saben, aquí tamén hai novidades en relación coa organización do currículo, xa que a LOE fixaba a materia de educación para a cidadanía e dereitos humanos, que coa nova lei queda establecida como valores sociais e cívicos. Esta nova materia, xunto con relixión, serán ofrecidas como obrigatorias para os centros e como optativas para as familias.

E para o currículo de educación primaria aparecen tamén como obrigatorias a educación física como materia específica, e o galego e a literatura galega como materia de libre configuración autonómica, coa mesma consideración que a lingua castelá, en horarios, avaliación, carga lectiva, etc.; a mesma.

A Lei orgánica establece, en función da regulación e da programación da oferta que fixa a Administración educativa, ou de ser o caso os centros, que o alumnado deberá cursar polo menos outra materia, que –como comentarei máis adiante– no caso de Galicia terá continuidade respecto a leis e currículos anteriores. Isto é así porque para a Xunta de Galicia e

para esta consellería é fundamental que o alumnado galego manteña adquisición e coñecementos en competencia en música e en plástica.

Así pois, coa LOMCE, no bloque de disciplinas troncais, garántense os coñecementos e as competencias que permitan adquirir unha formación sólida e continuar co aproveitamento as etapas posteriores naquelas disciplinas que deben ser comúns a todo o alumnado, e que en todo caso deberán ser avaliadas nas avaliacións finais de etapa.

O bloque de disciplinas específicas permite unha maior autonomía á hora de fixar horarios e contido das disciplinas.

E, por último, o bloque de disciplinas de libre configuración autonómica supón o maior nivel de autonomía, no que as administracións educativas, e en menor medida os centros, poderán ofrecer disciplinas e metodoloxías propias.

Esta descrición da organización do currículo de educación primaria é necesaria para comprender mellor a posición adoptada pola Xunta de Galicia no marco da súas competencias e no exercicio de coherencia co proxecto educativo que xa vén desenvolvendo para afondar na calidade do noso ensino, e que está a dar resultados.

A Consellería está a traballar xa na concreción dos decretos de currículos estatais, co obxecto de adaptalos á realidade galega, con especial atención á obriga e ao convencemento de facelos compatibles co Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Porque non pode haber ningunha dúbida de que a nosa comunidade será coherente e responsable á hora de garantir que o galego sexa lingua vehicular no noso territorio, como tamén será o castelán, de acordo coa aposta polo equilibrio lingüístico e tamén coa introdución de linguas estranxeiras, como xa se está a facer cos actuais proxectos plurilingües.

Na adaptación do currículo de primaria á realidade de Galicia, entre outras cuestións, apostaremos por un reforzo da atención á diversidade, desde unha atención o máis individualizada posible, co obxecto de contribuír á prevención das dificultades de aprendizaxe, e a posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detectan estas dificultades, pero tamén procurando a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e tendo en conta

os seus diferentes ritmos de aprendizaxe. O mantemento da atención á lectura, xa que fomentará a existencia dunha biblioteca escolar como centro de referencia de recursos da información e da lectura e dinamizadora da actividade educativa e cultural do centro. O fomento dos estilos de vida saudables e activos, de forma que os centros educativos desenvolverán medidas específicas no seu proxecto educativo para a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e alumnas durante a xornada escolar.

E, en coherencia coa aposta desenvolvida nos últimos cinco anos, a través do Proxecto Abalar, e co establecido na propia LOMCE, o novo currículo de primaria fixará a promoción dos usos das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Haberá tamén contidos transversais, como a educación viaria, a educación en igualdade, etc.

Ademais, como resposta a un mandato parlamentario, pretendemos incluír a regulación das tarefas extraescolares –deberes– en relación co reforzo na adquisición das competencias clave. Así, segundo o marco da autonomía pedagóxica e organizativa, os centros poderán incluír na súa programación xeral anual as pautas e os criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares.

Non obstante, no caso do seu establecemento, terase en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe, e por suposto a adecuada conciliación da vida persoal e familiar con respecto aos tempos de lecer do alumnado, ao tempo que se fomentará a súa responsabilidade na formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

Xunto a esta adaptación de carácter máis xenérica, tendo en conta a propia normativa orgánica, a Xunta de Galicia está convencida da necesidade de reforzar as competencias básicas do noso alumnado, dando resposta a unha demanda da inmensa maioría das familias, centrándose sobre as materias troncais.

Así pois, facendo uso das competencias e de acordo coa LOMCE, o horario lectivo das materias troncais estará por

riba do 60 % do horario total do alumnado en primaria, e, polo tanto, reforzaremos o establecido na propia lei, que o fixa nun mínimo do 50 % do total.

Precisamente por isto xa queda en evidencia que, tal e como defendeu a Consellería desde o primeiro momento, a lingua e literatura galega terán o mesmo peso que a lingua e literatura castelá. E tamén quedará consolidada a aposta pola aprendizaxe de linguas estranxeiras, en equilibrio coas linguas cooficiais. Fomentaremos que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. De feito, a Administración educativa galega –como vén acontecendo xa co Decreto de plurilingüismo– xa establece que unha parte das disciplinas do currículo se imparta en linguas estranxeiras, sen que iso supoña modificación ningunha do currículo de primaria, de maneira voluntaria, por suposto, para os centros, que se poden conformar como centros plurilingües.

Ademais, haberá un reforzo dos contidos referidos a Galicia nas ciencias, tanto nas ciencias sociais como nas ciencias naturais, xa que estas materias troncais servirán para estudar a historia, a xeografía e a natureza da nosa comunidade. Esta decisión supón apostar pola estabilidade do currículo de primaria, sen renunciar ao coñecemento do que é propio de Galicia nin a reforzar a adquisición de coñecementos e as competencias que permitan unha formación sólida e garantías para que o alumnado galego supere as avaliacións segundo os requisitos establecidos.

Reitero que sería bo que ninguén fixese unha interpretación interesada sobre unha suposta perda de competencias autonómicas en favor do Estado, xa que a mesma non se correspondería coa realidade que estou aquí presentando.

Ademais de estar relacionada coa aposta autonómica polas competencias básicas que acabo de explicar, a seguinte decisión ten que ver tamén cunha proposición non de lei aprobada neste Parlamento en febreiro deste mesmo ano pola que se instaba a Xunta de Galicia a impulsar medidas no eido educativo orientadas ao fomento e reforzo do coñecemento matemático entre o alumnado galego.

Así pois, fixaremos un reforzo do horario lectivo de primaria para as matemáticas. Tal e como apuntan estudos e exper-

tos, na Consellería compartimos a idea de que as destrezas no eido matemático son básicas na formación integral do alumnado, especialmente nun escenario social e laboral cada vez máis aberto e exixente.

E tamén mantemos a carga neste caso horaria no conxunto de ciencias sociais e da natureza. Quere isto dicir que seguirán igual que cando a materia estaba agrupada baixo a denominación de coñecemento do medio. Estas dúas materias serán impartidas en lingua galega, consolidando o equilibrio entre as linguas cooficiais, e, asemade, prestando atención ao reforzo de competencias básicas e de coñecementos sobre a realidade propia da nosa comunidade.

E fronte ao que está a acontecer noutras zonas de España, a Consellería defende que os alumnos e alumnas de Galicia sigan a adquirir coñecementos de educación plástica e música, convencidos de que estas materias fomentan o sentido artístico e a creatividade, ao tempo que contribúen, por suposto, a unha formación integral dos nosos rapaces e rapazas, ao tempo que mantemos a educación física como materia específica obrigatoria e coa mesma carga horaria que ata agora.

En relación coa potenciación da formación profesional, baixo a premisa de facer este tipo de ensinanza máis flexible, atractiva e orientada ás necesidades do mercado laboral, nomeadamente, a principal novidade que introduce a LOMCE –como todos vostedes coñecen, señorías– é a posta en marcha para o vindeiro curso da formación profesional básica, que este Goberno considera un paso a adiante moi importante para a nosa mocidade.

Temos que poñer no seu xusto valor o feito de que, fronte ao que viña acontecendo ata agora, os novos estudantes da formación profesional básica terán un título oficial que lles permitirá a súa inserción profesional, dando acceso directo á formación profesional de grao medio, e, se o desexan, poderán obter o título da ESO, por suposto previa avaliación final.

Galicia afrontará no curso 2014-2015 o obrigado desenvolvemento do primeiro curso da formación profesional básica, para o que procederá a substituír os actuais programas de cualificación profesional inicial e os adaptará ao desenvolvemento normativo da LOMCE. O Ministerio de Educación

ten xa determinados catorce títulos de formación profesional básica, que serán completados con outros sete títulos máis. Pola súa banda, a Consellería está a traballar na adaptación dos perfís dos PCFI actualmente en funcionamento en Galicia a esta nova organización, e farémolo para os vinte e un títulos.

Nestes momentos estase a afrontar a elaboración e redacción do decreto autonómico que transformará e adaptará os corenta actuais perfís profesionais de PCFI aos vinte e un títulos oficiais da formación profesional básica. Esta normativa autonómica permitirá adaptar a actual estrutura dun curso con opción a outro en formación de adultos dos PCFI a unha ensinanza de formación profesional en dous cursos, e que quedará acreditada cun título oficial que abre o acceso directo á formación profesional de grao medio. Os novos títulos de formación profesional básica cubrirán a práctica totalidade da anterior oferta formativa dos PCFI, ao tempo que o deseño formativo será adaptado aos diversos sectores que son considerados como básicos ou estratéxicos para a economía da nosa comunidade.

En Galicia as ensinanzas de formación profesional básica estarán organizadas en vinte e un títulos e constituídas por áreas de coñecemento teórico-prácticas, cuxo obxecto sexa a adquisición das competencias profesionais, persoais e sociais e das competencias de aprendizaxe ao longo da vida. Como poden comprobar, neste caso optamos tamén por unha adaptación progresiva á nova realidade normativa.

Remato xa. Galicia entende que a LOMCE supón unha oportunidade, porque é unha lei que aproveita aquilo que é útil na LOE e mellora as eivas detectadas. O desenvolvemento da nova lexislación en Galicia afróntase desde a estabilidade e a coherencia no currículo de educación primaria e desde a transformación dos PCFI en títulos de formación profesional básica, con moitísimas vantaxes con respecto aos PCFI para o estudantado galego. Escollemos unha fórmula que permite introducir melloras sen xerar rupturas drásticas para o conxunto da comunidade educativa galega.

Polo de agora, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Pombo Rodríguez.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, moi boa noite.

Señor conselleiro de Educación, hai ben poucos días dende esta mesma tribuna o Grupo Parlamentario do BNG presentou e defendeu unha interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a LOMCE por entender que a reforma educativa que pretende o Goberno central con esta lei non está pensada para atender necesidades reais da educación nin para corrixir aqueles aspectos que reclama a comunidade educativa galega, senón que se pretende unha reforma para atinxir obxectivos ideolóxicos e partidistas que nada teñen que ver cunha mellora da calidade da educación, en xeral, nin a galega en particular.

¿Lembra, señor conselleiro? A LOMCE repudia a coeducación –xa sei que vostede nos acaba de falar de que fomenta a educación en valores–, subvenciona centros segregadores –non sei se será o modelo para a igualdade entre homes e mulleres–, elimina a obriga de garantir prazas públicas suficientes para facerlle fronte ao ensino público, elimina a xestión democrática dos centros, reduce por suposto as competencias do Goberno galego, recorta dereitos de profesorado e alumnado e recorta –por moito que vostede se empeñe aquí en adornalo– os dereitos do noso idioma. Lembrará que denunciarei –ao contrario do que acaba vostede de dicir aquí– a falla de consenso na súa elaboración, a falla dun amplo debate social sobre a mesma e a frontal oposición da comunidade educativa galega.

Señor conselleiro, o Goberno do Estado non quixo escoitar a contestación permanente contra a LOMCE por parte da comunidade educativa galega; vostede tampouco. O Goberno do Estado non quixo escoitar a contestación de moitas comunidades autónomas, polo menos das que defenden as súas competencias educativas –sí, aquelas que non calaron–. Fala vostede de que o Estado se coordinou con todas, pero houbo moitas que presentaron recursos de anticonstitucionalidade, empezando polas históricas, salvo Galiza, efectivamente. Nin Euskadi nin Cataluña aceptou ese diálogo para defender a súa propia historia e o seu propio idioma; Anda-

lucía, Canarias e Asturias tamén presentaron recurso; mesmo en Navarra a Xunta de Portavoces presentou un recurso. Non calaron diante da vulneración de competencias referente a avaliacións, referente á xestión das bolsas, referente á confección de currículos, referente a condicións de acceso e admisión do alumnado e referente á regulación da lingua propia –que parece que lla regulan de máis dende o exterior–, referente incluso á segregación do estudantado, referente á xestión democrática dos centros, referente a que se segregara o estudantado segundo o rendemento –xa establecemos categorías: a admisión de alumnos en función do rendemento–. E incluso se chega a amparar o alumno que pida o español como lingua vehicular. E, por último, que se deriva xa antes dos 16 anos a uns itinerarios para volver a épocas pretéritas nas que aquel que non valía se enfocaba cara a FP.

Señor conselleiro, xa vexo que vostede segue o ditado do señor ministro en lugar de defender as competencias educativas de Galiza para garantir a todos os galegos e galegas o dereito a un ensino público galego, de calidade, laico, coeducativo, democrático e gratuíto. Xa vexo, señor conselleiro, que o Goberno galego cala diante da recentralización educativa do Goberno do Estado, que impón fixar currículos nas materias troncais, que establece mínimos, mínimos, do 50 % de contidos e horarios, que diseña as reválidas centralizadas –non aquí en Galiza, centralizadas– en primaria, en ESO e en bacharelato, para expulsar, nin máis nin menos, do sistema educativo os sectores sociais máis desfavorecidos –os ricos chegarán á universidade e os outros pois quedarán polo camiño–.

O Goberno galego –xa sei– foi pioneiro da LOMCE, que vai en contra da conformación plurinacional, pluricultural e plurilingüe do Estado español, apostando, como xa dixen, incluso por primar o descoñecemento da nosa lingua propia, como dicía Rosalía, facela estranxeira na súa propia patria. Os datos son obxectivos e así está a ocorrer: o Goberno galego calou contra a LOMCE, reduce competencias educativas galegas e impide que se adapten as ensinanzas á nosa realidade, á nosa historia e á nosa cultura.

O BNG, máis unha vez, manifesta que Galiza deba aspirar a poder decidir nun eido tan esencial como é o da educación. Galiza deba regular e organizar o sistema e os servizos educativos sen interferencias. O Grupo Parlamentario do

BNG, desde logo, máis unha vez, pensa que esta lei LOMCE nace morta por falla de consenso, por falla de recursos e porque pretende a imposición dun modelo educativo pola vía da improvisación, e que mantén o carácter mercantilista do mesmo, carácter clasista, confesional, antisocial e fundamentalmente negador da nosa realidade nacional, cultural e lingüística.

Lamentablemente, o Parlamento galego non foi quen de apoiar a proposta do BNG de recorrer a LOMCE por anti-constitucional e porque invade competencias educativas autonómicas, como si o fixeron outras comunidades, outras comunidades como Andalucía, Asturias, Canarias, Cataluña e País Vasco, que tamén pediron que se pare a implantación da LOMCE, xa que eles consideran que é imposible póla en marcha con normalidade o próximo curso. Esas cinco comunidades, que representan máis da metade do alumnado do Estado, manifestaron o seu rexeitamento absoluto á norma e criticaron que tras aprobarse o Ministerio seguiu traballando con improvisación, precipitación e imposición, e sen a dotación orzamentaria que os cambios requiren, cambios que consideran imposibles de aplicar.

O BNG entende que o mellor para o ensino galego tamén sería a non entrada no vindeiro curso 14-15 desta nefasta lei, porque aínda non se dispón dos fondos necesarios. Falaban de 2.000 millóns, que agora de momento din que hai seguros 50 para o vindeiro curso, segundo admitiu o propio ministro a semana pasada. A solicitude aínda non se fixo. Porque non resulta serio poñer en marcha –ao noso entender– a nova FP básica e mais os tres cursos de primaria con todos os cambios que conleva –profesorado, avaliacións, currículo, admisións, libros de texto...– sen saber o orzamento real, porque se pretende poñer en marcha un calendario pola vía de urxencia que se verá abocado á improvisación, e aparecerán múltiples problemas, porque se teñen presentado recursos de inconstitucionalidade que poden facer variar a aplicación da mesma norma en temas fundamentais. O BNG en todo caso entende que a aplicación da LOMCE para o vindeiro curso supón un cambio nos currículos e, en consecuencia, nos libros de texto de primeiro, terceiro e quinto, e supoñerá un desembolso importante para as familias; familias que están no límite. O BNG pensa que, unha de dúas, ou se segue cos manuais do ano pasado, permitindo usar os bancos que utilizan as asociacións de pais, ou a Consellería debe afrontar a gratuidade por medio dun sistema de

préstamo. A posta en marcha da FP básica vai supoñer, ao noso entender, un aumento de persoal. Non oín aquí comentar nada diso e agradeceríame que o explicara no seguinte turno. E a posta en marcha da LOMCE vai supoñer –ao noso entender– supresión de prazas. Di aquí o señor conselleiro que en Artística e Música non vai haber variacións, pero entendo que non sei o que pasará con Tecnoloxía, Filosofía, etc. ¿Que avaliacións hai do profesorado a ese nivel? ¿Que medidas pensan tomar para evitar a crecente desgaleguización do ensino en Galicia?

Resumindo, e para rematar, o interese da LOMCE non é a calidade do ensino público, en Galiza coñecémolo porque xa sabemos como foi a avanzadilla: menos profesorado, máis ratios de alumnos por aula, menos axuda para pagos de libros, menos axudas para bolsas. Por certo, saía no periódico onte: 13.000 bolsas dos estudantes retrasados. Xa cobran a metade e agora encima retrasan.

En fin, a LOMCE, ao noso entender, amplía concertos, legaliza subvencións a centros segregadores e privatiza e mercantiliza o ensino poñendo trabas continuas ao dereito á igualdade de oportunidades para os alumnos máis desfavorecidos economicamente. Para o BNG resulta preocupante a actitude do Goberno galego, que, ao noso entender, debería estar obrigado a velar polas competencias en materia educativa e por garantir que o alumnado galego remate os estudos con total competencia na lingua galega, pero dános a impresión de que renuncia o Goberno galego para dicirlle amén ao ministro señor Wert.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra don Ramón Vázquez Díaz.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Boa tarde a todos e a todas.

A verdade, señor conselleiro, escoiteino con toda a atención e sooume máis a súa intervención a un vendedor de enciclopedias descatalogadas que a unha persoa que faga unha análise rigorosa de cal é a situación neste momento en que xa a LOMCE foi aprobada e o Goberno está nesa fase de desenvolvemento desta lei.

Vostede fixo unha nova análise dos artigos da LOMCE, que aquí xa debatemos e temos a desgraza de practicamente sabela de memoria, pero non falou, non deu conta, de cales son as normas, de cal é o nivel de gasto nin de cal é todo o procedemento de desenvolvemento da LOMCE. E falou, iso si, moito de competencias, das competencias do Goberno galego, e a verdade, señor conselleiro, é que ao longo deste largo e doloroso proceso de aprobación da LOMCE vostede fixo gala dun patético seguidismo impropio dun goberno que reclame para o seu país aínda que sexa un mínimo de competencias en materia educativa. Se hai algo que define a súa actitude á fronte desta Consellería de Educación é a súa pasividade, a súa indolencia e a súa covardía na defensa do ensino galego. Foi vostede o cómplice ideal do ministro Wert, submisivo e acrítico a maior parte das veces, adulator e servil sempre que foi necesario; como foi hoxe.

Cando digo que vostede foi indolente e insubmisivo, non o digo porque vostede careza de iniciativa para aplicar as políticas neoliberais no ensino público. Non me malinterprete, para iso sóbralle iniciativa. De feito, vostede foi precursor, verdadeiro precursor, da LOMCE en moitos dos seus postulados; vostede anticipouse á LOMCE facendo tirar ao lixo milleiros de libros en galego e como consecuencia da aprobación do seu Decreto de plurilingüismo, como agora vai facer a LOMCE cos cambios obrigados de libros de texto. Vostede anticipouse á LOMCE co propio Decreto de plurilingüismo, co que vostede xa convertera o noso idioma na lingua estranxeira de Galicia. Anticipouse á LOMCE aplicando a segregación do alumnado antes de que a propia norma habilitara tal comportamento, anticipouse á LOMCE e á súa absoluta filosofía mercantilista co repago dos comedores, coa punitiva Lei de convivencia, co explotador modelo de FP dual e co peche de escolas do rural. Un largo etcétera.

Pero cando digo que vostede se comportou como un fiel lacaiño do ministro Wert é porque en ningún momento ergueu a súa voz diante da chapuceira reforma educativa que iniciou este inefable representante da dereita española, que concitou mesmo críticas dos propios gobernos autonómicos do Partido Popular, mais non do seu. Calou vostede cando Alternativa Galega de Esquerda lle pediu neste pleno unha memoria detallada do impacto económico da LOMCE en Galicia e negounos esa información cando preguntamos por estes datos a través do artigo 9. ¿Que é o que con tantos esforzos, señor conselleiro, quere agochar?

Pero, como lle dicía eu, non vou falar hoxe sobre o articulado da LOMCE, poderíame producir un prurito cutáneo. Eu do que vou falar hoxe é de sobre como se está empezando a desenvolver e a aplicar esa norma, dalgúns aspectos que considero importantes.

Nada dixo vostede na presentación do novo Real decreto de formación profesional básica, o Real decreto 127/2014, na pasada conferencia sectorial, cando se presentou esa norma xa empacitada e sen negociar; unha norma absolutamente caótica e mal articulada, que sufría duras críticas dos conselleiros de moitas comunidades autónomas, mais novamente a súa voz non se escoitou. É tal o desaguisado que provocou esta norma que deixa á primeira promoción que curse estes estudos nun limbo académico ante a imposibilidade de acceder a un título en ensino secundario. Polo que, diante dese escándalo, foi o propio ministro Wert o que tivo que saír á palestra para anunciar unha norma transitoria que parcheara ese grave erro e ese grave despropósito. Mesmo o Consello de Estado –xa non é que fale de Alternativa Galega de Esquerda–, o órgano presidido polo mesmísimo señor Romay Beccaría, cualificou de parcial e precipitado o desenvolvemento da formación profesional básica, e manifestou a conveniencia de atender aspectos da formación profesional de xeito máis conxunto para adaptarse, para adaptar esta modalidade de ensino, no novo marco normativo.

O Consello de Estado bota en falta tanto unha valoración referida a como vai afectar a nova norma no abandono escolar, como un estudo económico –novamente– que valore o impacto que esta norma pode ter na realidade social. E vostede, coma sempre, caladiño, caladiño.

A maioría das organizacións presentes no Consello Escolar do Estado solicitaron a retirada do Real decreto 127/2014, entendendo que a súa posta en marcha se configuraba e implicaba unha configuración da FP como unha vía sen saída para o alumnado. Criticouse a redacción caótica e chea de incoherencias, as lagoas lexislativas, as contradicións desta norma como consecuencia, sen dúbida, da présa e da tramitación acelerada que están a facer na aprobación da LOMCE. Teñen moita présa porque saben que é unha lei que nace morta, e, polo tanto, teñen moita gana de que se aplique canto antes.

Calou vostede diante da voz do seu amo Wert cando coñecemos que, dos 2.000 millóns de euros comprometidos

para o desenvolvemento da FP básica para os próximos tres anos, tan só se ía contar con 50 millóns para as 17 comunidades autónomas que ía adiantar o Ministerio de Educación. ¿Quéreme dicir vostede que o Ministerio ten pensado desenvolver a FP básica en Galicia con menos de 3 millóns de euros? Pois é posible que si, é posible que si, porque a verdade é que coa FP básica o único que se pretende realizar é unha selección cada vez máis temperá ao alumnado que ten problemas académicos para dirixilo e redirixilo a unha formación profesional que os encamiñe a un emprego precario.

¿Pódenos dicir, entón, o señor conselleiro os datos de ocupación laboral dos titulados en FP en Galicia? ¿Que nivel de ocupación? ¿Cantos mozos e mozas galegos con título de FP acadan un emprego en Galicia? Iso é o importante. Unha Galicia na que 16.000 mozos e mozas marchan cada ano, un éxodo de 80.000 mozos e mozas en cinco anos. Uns mozos e mozas aos que o Goberno galego lles propón e lles publica o vergonzante programa de *The job of your life*, co que son enviados a traballar a Alemaña, nesa FP dual da que vostede tanto se gaba, por 500 euros. Esa é a realidade.

Señor conselleiro, Galicia perdeu 12.000 autónomos dende o ano 2009, eses que vostedes chaman emprendedores –si, 12.000–, e foi no ano 2013 unha das catro comunidades que perdeu máis cotizantes ao réxime de autónomos. Ese é o resultado da súa política educativa e formativa en materia de emprego; unha política absolutamente fracasada. Pero, iso si, hai unha cousa que vostede fixo ben e rápido: fixo vostede unha aplicación inminente da LOMCE. Niso foi moi aplicado. De feito, non tardou nada en publicar o borrador de orde de elección de directores en centros públicos, de acordo co modelo LOMCE; un modelo antidemocrático que cercena a participación da comunidade educativa na vida dos centros. Diso non falou hoxe. No borrador presentado, vostede resérvalle a potestade ao Goberno, ao seu goberno, para seleccionar os directores dos centros públicos. De feito, serán os xefes territoriais os que nomeen a comisión de selección encargada de seleccionar os directores, e a Administración resérvase a maioría absoluta nesas comisións de selección. Esa é a súa idea de ensino democrático. Limitan a participación da comunidade educativa porque lles molesta a crítica; moléstalles que a cidadanía participe nas xestións dos centros e se organice, porque iso é incómodo.

Participación, transparencia e sinceridade, señor conselleiro, iso é o que lle pide a comunidade educativa. Mais vostede lle mentiu ao profesorado Celga, encargado da aprendizaxe de galego para adultos e que despois das súas promesas foi despedido por vostedes a semana pasada. Vostede meteu pola porta de atrás a Universidade privada Católica de San Jorge, propiedade da Arquidiocese de Zaragoza e vinculada ao Opus Dei, que agora vai impartir titulacións en Galicia que xa existen no sistema universitario público de Galicia.

¿Por que non defende o ensino en galego, en galego e en Galicia, tal e como ten encomendado por mandato estatutario? ¿Por que? Se non é quen de facelo, dimita, pero non nos veña aquí contar milongas. Deixe de preocuparse por asinar convenios educativos con Fenosa nos Peares para impartir idiomas, deixe de entregarlles o negocio do libro electrónico ás empresas afíns. Por certo, ¿vai ser Planeta a empresa adxudicataria dos máis de 7 millóns de euros que vai mover no seu primeiro ano de negocio? Deixe...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...de espoliar o ensino galego e deféndanos. Aínda que soe a canto de esperanza, “canto de esperanza sen esperanza”, como dicía San Pablo –que seguro vostede profesa afinidade con el–, exíximoslle que atenda as necesidades do ensino público galego, porque neste Goberno o pouco que se fai cheira a pelotazo publicitario. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Socialista ten a palabra o señor Docasar Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Señora presidenta, señor conselleiro, señorías, boas tardes.

Quero empezar dicindo que esta comparecencia me parece totalmente necesaria, señor conselleiro, á vista do que está a suceder coa posta en marcha da nova lei educativa e do desconcerto que xera na propia comunidade escolar; unha lei que tivo unha xestación e unha tramitación francamente controvertidas –a ninguén lle escapa xa– e que todo apunta a que tamén será controvertido o seu calendario de aplicación e o seu financiamento, facendo certo o famoso dito de “o que mal empeza mal acaba”. Unha lei que vostede asumiu sen

rechistar, o papel de subalterno necesario do señor Wert –xa o dixo o anterior interviniente–, e que agora asumirá tamén sen rechistar ese mesmo rol no calendario de aplicación e no seu financiamento, esperemos que con euros e non con *bitcoins*. Este país non necesitaba, señor Vázquez, unha lei redactada pola Conferencia Episcopal e pola Fundación FAES, xa llo dixen aquí moitas veces. Este país necesitaba e segue necesitando unha lei que proporcione estabilidade ao sistema educativo. Iso pasaba necesariamente por querer e propiciar un consenso educativo que vostedes nunca quixeron, pois só a estabilidade sería quen de conseguir unha melloría real da nosa educación.

Iso é o que demanda dende hai moito tempo o conxunto da comunidade escolar. Pensaba iso na miña etapa de profesor, penseino cando era director de instituto, tamén o pensei na miña etapa como sindicalista e pénsoo agora que son deputado neste Parlamento, e creo que o dixen aquí moitas veces e non me cansarei de dicilo. Creo que teño dito bastantes veces nesta Cámara nos últimos meses que a política segue en débeda co sistema educativo. Vostedes non o entenderon así, e decidiron aproveitar a súa maioría parlamentaria para facer en solitario esa lei que sempre quixeron facer.

¿En que punto estamos agora mesmo, señor conselleiro? Temos unha nova lei en vigor dende hai preto de tres meses, certo, unha nova lei apoiada só polo Partido Popular no Congreso dos Deputados en Madrid, unha lei sen consenso parlamentario nin consenso social; en consecuencia, unha lei con data de caducidade, mal que lles pese, unha lei que durará, señorías, o que dure a actual maioría parlamentaria do Partido Popular. Dixémolo por activa e por pasiva en Madrid e en Santiago. Hoxe quero volver dicilo solemnemente no Parlamento galego: se o Partido Socialista recupera o apoio dos cidadáns, esta lei será derogada. Temos asinado, como ben saben todos vostedes, un amplo acordo con partidos políticos de todo o arco parlamentario no Congreso dos Deputados en Madrid. As cartas están claras e o PP soubo en todo momento cal era a nosa intención. Vostedes saberán qué fixeron e para qué o fixeron.

Agora mesmo estamos na vía de esgotar as canles legais que o ordenamento xurídico do noso país pon á nosa disposición. O pasado día 8 de marzo, o Partido Socialista presentou un recurso ante o Tribunal Constitucional, e non o fixemos sos, senón que estivemos acompañados de moita

xente do mundo da educación nun simbólico acto diante do edificio do Tribunal Constitucional. Un recurso potente e ben fundamentado, elaborado por un equipo de xuristas de prestixio e baseado nos seguintes aspectos que resumirei de maneira moi breve.

Primeiro argumento: a educación segregada por sexo e a posibilidade de que os centros privados deste signo poidan ser concertados. Parécenos de especial gravidade, señor conselleiro, o artigo 116 da LOMCE, onde se fala de ceder terreos dotacionais nos plans de urbanismo para construír centros privados.

Segundo argumento: a redución do dereito de intervención das familias, profesores e alumnos no control e xestión dos centros, ao converter os consellos escolares en meros floreiros. Neste punto quero tamén deixar clara a nosa profunda discrepancia co novo papel que vostedes decidiron outorgarlles aos consellos escolares. Deixándoos como meros xarróns chinos, deciden vostedes botar por terra a implicación do profesorado, do alumnado, das familias, neste órgano tan importante que ata agora era de goberno dos centros. Velaí teñen vostedes a oportunidade agora de poder mangoñar na elección dos directores e directoras dos centros, velaí un novo nicho de creación de emprego para militantes e simpatizantes do Partido Popular. E digo iso porque nós nunca o quixemos facer. (*Murmurios.*)

Nas próximas semanas assistiremos... (*Murmurios.*) Si, poden rir, pero é así, é o que van facer. Teñen a oportunidade porque teñen esa comisión que, como acaban de dicir hai un momentíño, lles dá a maioría para facer o que lles pete. E supoño que o farán, non teño ningunha dúbida.

Nas próximas semanas assistiremos tamén a unha renovación de moitas direccións -si- de centros en Galicia. Está xa todo o proceso en marcha e xa podemos dicir que o Partido Popular imporá tamén aí, sen ningún xénero de dúbidas, os seus candidatos e candidatas, aproveitando a composición das comisións de selección, como acabo de dicir. Para poder ser director dun centro haberá que levar nos dentes un carné do Partido Popular ou, polo menos, contar coa confianza do PP. E iso paréceme moi mal, señor conselleiro, pero, o que é peor, parécelle moi mal ao conxunto da comunidade educativa. Serán os cargos orgánicos do PP nas nosas vilas e nos nosos pobos os que decidan probablemente quen debe ser ou

non director dun colexio ou dun instituto, e conseguirán con iso ter a directores e directoras domesticados e sen capacidade de rechistar.

Terceiro argumento: o tratamento da relixión e das asignaturas de valores sociais e valores éticos.

O cuarto argumento ten que ver coa separación do alumnado por itinerarios na educación secundaria.

Un quinto argumento, finalmente, está relacionado coa admisión e selección do alumnado a partir do seu rendemento académico. Na lei do setenta, de Villar Palasí, aos que ían mal na EGB pasábanos a FP1. Agora, corenta anos despois, os que vaian mal na ESO irán a FP básica, que entrará en vigor no vindeiro curso, e aínda non se sabe moi ben como. Para nós é unha terrible volta atrás, por moito que queiran disfrazala de que un título de nivel 1 dará posibilidades de traballo. Eu creo que vai dar moi poucas posibilidades ese título de nivel 1.

E, ademais, as comunidades autónomas de Andalucía, Canarias, Asturias, Euskadi e Cataluña engadirán un sexto argumento: neste caso a invasión competencial.

Señor conselleiro, señorías, unha vez clarificado onde estamos nós neste intre, paso a falar agora do calendario de implantación que nos queren impoñer. Un calendario, señor conselleiro, inasumible, caótico, insensato, precipitado e chapeuceiro, que meterá o conxunto da comunidade educativa nunha situación francamente difícil, pois non parece nada razoable que ao inicio do curso 2014-2015 –vostede díxoo hai un momentíño– vaian ser afectados catro cursos; no seguinte serán sete os cursos; e no terceiro, por esa présa que teñen vostedes de chegar a tempo, será o resto. E aínda nos falta falar da FP de grao medio e de grao superior. Quero dicir que nunca na nosa historia democrática se puxo en marcha unha lei educativa cun calendario tan insensato e precipitado.

E por se fora pouco, quero engadir o problema do financiamento, que tampouco está nada claro, señor conselleiro, á vista do que estamos a saber nos últimos días. Non temos que olvidar que todo isto que vimos de relatar coincide no tempo cunha oleada de recortes masivos no noso sistema educativo, que vimos de pasar nos últimos cinco anos. E agora dá toda a sensación de que pretenden implantar unha

lei que din vostedes mesmos que é unha lei moi cara, pero queren facelo sen poñer cartos.

Señor conselleiro, ¿de onde sacarán os cartos para poñer en marcha esta contrarreforma educativa? ¿Pediranllos, se acaso, á señora Merkel? Pode ser unha opción a contemplar, xa que estamos mandando a Alemaña titulados universitarios moi ben formados e non estaría, pois, fóra de lugar que nos recompensaran por ese feito. Unha vez máis, claro está, sacarán vostedes a pasear o famoso mantra de que é posible facer máis con menos. Lémbrolles, por se o teñen olvidado, que o sistema educativo galego acumulará máis de 400 millóns de euros de recortes dende ese máxico ano 2009 da chegada ao Goberno de Galicia do señor Feijóo, o que mostra ás claras que para vostedes a educación non é a día de hoxe unha prioridade.

Cambiar o actual modelo económico por un novo orientado á sociedade do coñecemento só será posible reforzando o investimento en capital humano e apostando por un sistema público e de calidade, pero lamentablemente esta nova lei que vostedes veñen de aprobar vai xustamente en dirección contraria. Os profesionais da educación viron drasticamente recortadas as súas condicións de vida laborais e profesionais, e agora pídeselles un esforzo para que contribúan a poñer en marcha esta nova lei tan caótica.

Temos, segundo as cifras oficiais da propia consellería, 1.225 profesores menos nos nosos centros educativos, e centenas de profesores que están pedindo a xubilación. Temos menos cartos para gastos de funcionamento. Non se repoñen materiais didácticos. En fin, non hai cartos para obras de RAM ou novas construcións. ¿Como pretenden agora convencer a sociedade de que van inxectar de repente tanto diñeiro na nosa educación? Os precedentes destes últimos anos son recortes e máis recortes, e sábeno moi ben as nosas escolas e institutos.

Insisto, señor Vázquez, nunca antes se fixo neste país un calendario tan caótico de implantación.

Señor conselleiro, neste proceso renunciou vostede a exercer como máximo representante da educación galega e limitouse a seguir os ditados do ministro Wert. E agora todo apunta a que fará o mesmo cos currículos, pois nada hai feito, que se saiba, neste senso.

A solución, señor conselleiro, ¿pasará por traducir ao galego os currículos de Ceuta e Melilla, con todos o respectos? Francamente, señor conselleiro, non se pode ser máis insensatos e servís. Ter as competencias educativas e ter goberno de seu debera de ser algo moito máis serio. Ser unha comunidade autónoma histórica e contentarse con traducir ao galego o currículo de Ceuta e Melilla non me parece presentable, con todos os respectos para Ceuta e Melilla.

Señor Vázquez, cousas así son as que explican que haxa cada vez máis xente en Galicia que pensa que temos un Goberno galego que se limita esencialmente a ser unha mera sucursal do Goberno de España en Galicia, cando non hai tanto tempo eran vostedes uns campións protestando contra o Goberno de Madrid. Eran outros tempos, claro está.

E xa sei, señorías...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor DOCASAR DOCASAR: ...toda a culpa é —faltaría máis— do malvado Zapatero. Probablemente ese malvado presidente debera dimitir, e, se non o fai, deberan vostedes pensar seriamente na posibilidade de presentarlle unha moción de censura.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra don Román Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, señorías.

Señor Docasar, comezo polo remate. Ao señor Zapatero non o mandou dimitir o Partido Popular, mandárono dimitir os españois libremente, dimitírono claramente os españois. (*Aplausos.*) Creo que iso é bo que se saiba, ¿non?

Ben, a LOMCE, señorías, a LOMCE é unha evolución entendemos que lóxica e necesaria dentro do sistema educa-

tivo español. Na recente democracia houbo unha sucesión de leis orgánicas nos últimos trinta anos, impulsadas todas polo Partido Socialista sen ningún tipo de consenso, que xeraron unha profunda inestabilidade normativa. E nunca houbo unha lexislación orgánica impulsada polo Partido Popular.

Nos últimos trinta ou corenta anos a educación neste país evolucionou positivamente nalgúns variables, é certo, como evolucionaron a sanidade, as infraestruturas, o benestar. Houbo máis diñeiro público, melloráronse as infraestruturas, democratizouse o acceso á universidade, é certo. Pero tamén non é menos certo que hoxe hai unha serie de eivas moi significativas que é preciso afrontar, e que a LOMCE vai para solucionar esas eivas.

E as medidas de maior impacto desta nova lei van precisamente nesa liña: formación profesional básica, orientada a reducir o fracaso escolar, e todo o que ten que ver coa cultura de avaliacións e itinerarios, que vai apostar por unha maior calidade, por un esforzo dos estudantes e por corrixi-los desequilibrios territoriais.

Decía o señor Cosme que a LOMCE non xerara debate político. Señor Cosme, eu creo que houbo moito, moitísimo debate político neste país entorno á LOMCE. E foi un debate duro. E o PP afrontouno en Madrid e en Santiago cunha enorme responsabilidade, conscientes de que é necesario meter no sistema educativo español melloras. ¿Para que? Para saír desa especie de abismo educativo que tiñamos, fundamentalmente baseado en dous puntos: por unha parte, o enorme fracaso escolar, duplicando a media española, que ten España no seu conxunto; e, por outro, os moi mellorables rendementos académicos que os nosos estudantes dan todos os anos no Informe PISA.

Vimos que a oposición política ten unha enorme resistencia ao cambio. Dá a sensación de que interpretan que a educación é un patrimonio propio, que só existe un modelo educativo –por suposto, o seu, que é o bo–, e están negando a posibilidade de que exista un modelo diferente.

Dende o primeiro momento houbo unha enorme reticencia. Mesmo o Partido Socialista, sen terse presentado o anteproxecto, xa ameazou que ía derrogar a lei, sen ter tan sequera presentado o anteproxecto. Agora ameázanos, ameaza a educación, con levala ao Constitucional e prolongar aí a loita

política. E incluso nalgúns comunidades autónomas sácanos manuais coordinadamente con algún sindicato, que din, basicamente, que non se debe aplicar a lei: “*Resistencia activa a la LOMCE. Veinte medidas urgentes para no aplicar la LOMCE*”.

Realmente, no Partido Socialista é pouco responsable que se estea potenciando que non se cumpra, que non se desenvolva unha lei. Porque, mire, o Partido Popular no seu momento non apoiou a LOGSE e non apoiou a LOE, pero en ningún momento levou estas leis ao Constitucional. En ningún momento, nas súas comunidades autónomas, non aplicou a lei, en ningún momento. ¿Que fixo? Aplicounas. Pódenos gustar ou podía termos gustado máis ou menos, pero aplicou a lei cunha enorme responsabilidade.

Pasando a cuestións concretas, falouse aquí de caos, de improvisación, de chapuzas. Aquí temos todos certa idade xa, uns máis ca outros, pero temos todos certa idade, ¿verdade? E todos recordamos a marabillosa implantación que tivo a LOGSE. Aí non houbo caos, aí non houbo conflitos, aí non houbo manifestacións en todos os concellos, aí non houbo problemas enormes en toda Galicia. Señorías, sabendo como foi a implantación da LOGSE, o que está pasando agora é un auténtico *camino de rosas*, un auténtico *camino de rosas*.

E mire, o Ministerio está traballando con moita flexibilidade. Está cumprindo o que ten que facer. Xa aprobou dous reais decretos, o de primaria e o de FP básica. Pero está negociando coas comunidades autónomas e coas universidades, e está xestionando o financiamento. E o señor conselleiro está defendendo os intereses de Galicia con criterio propio. Acábo de dicir: somos débiles en matemáticas, imos reforzar as matemáticas, imos manter a música. Temos criterio propio. E estase reclamando financiamento por parte do Estado.

E, miren, realmente vostedes o que non fixeron na tarde de hoxe é escoitar ben o que dixo o señor conselleiro. Falou de asignaturas, falou de anos, o que pasa é que non se quere escoitar.

E, señor Vázquez, o debate político dá moito xogo, pero non lle podemos permitir que chame “covarde” ao señor conselleiro. Non llo podemos permitir. (*Pronúncianse palabras*

que non se perciben.) (Aplausos.) E voulle dicir por que. Porque é xusto ao contrario. (Murmurios.) Dende o ano 2009 puxéronse en marcha moitísimas medidas cun acoso mediático e político constante. E, mire, esas reformas que sempre se criticaron -e podemos ir ás hemerotecas- deron como consecuencia unha mellora do sistema educativo en Galicia. E baste para isto poñer encima da mesa os datos educativos do Informe PISA e como nos últimos anos fomos capaces de medrar no Informe PISA moitos postos. E estamos por riba da media española en todas as variables; e, en dúas delas, por riba da media da OCDE. E iso é porque houbo un goberno responsable que foi valente en asumir as súas responsabilidades e que posibilitou potenciar o ensino público. (Aplausos.)

E, mire, outra cuestión, señor Vázquez –dito sexa sen acritude, señor Vázquez–, vostede comparou o señor conselleiro con San Pablo. San Pablo foi un gran difusor dos principios do cristianismo no seu momento. Agora estanse difundindo outras cuestións. ¿Que se está difundindo? Estanse difundindo as melloras da educación que tanto precisa este país.

E, mire, non se preocupe, señor Docasar, non se preocupe, que esta consellería está respectando o seu marco competencial e está poñendo enriba da mesa aquelas medidas que Galicia precisa. Lévaos facendo moitos anos, e os resultados están aí.

Outras cuestións que nos plantexaron aquí –e moi moi rápido, porque se dixeron moitas cousas–. Falouse dos directores. Miren, os directores son os representantes da Administración, non son do PP. Eu supoño que todos coñecemos o sistema educativo. Cando nunha vila ou nalgunha cidade ou nalgún colexio a Administración nomee un director que non sexa de ningún partido político, ou que teña un vencellamento, libremente, cunha formación política, co PSOE, co Bloque con calquera, que lle pida perdón. Porque vostede dixo aquí claramente que se ían mangonear os directores, e iso é moi grave, tremendamente grave. E pídllo porque vostede foi director, e supoño que, cando volva á “vida civil”, non lle gustará que lle recorden que o Partido Popular ou quen sexa está mangoneando os directores. Porque non se pode dicir en sede parlamentaria esas cuestións.

Lingua. A LOMCE, igual que no seu momento a Xunta de Galicia, aposta polo equilibrio. E, por certo, ese equilibrio

posibilita que se dea cumprimento ás sentenzas dos máis altos tribunais, cuestións que noutras comunidades autónomas non se está facendo. E curioso que se fale das avaliacións e que se utilice un argumento de bastante baixaza. Dicir que as avaliacións van contribuír a facer unha segregación socioeconómica do alumnado é unha auténtica baixaza.

Formación profesional básica. Quedoume a dúbida, señor Vázquez, despois de escoitalo, se AGE está a favor ou en contra, quedoume esa dúbida. Gustaríame que se posicionase no seguinte turno. ¿Están a favor ou en contra da formación profesional básica? Sería novidade que estivesen a favor, e tamén lles daríamos as grazas. Porque realmente o que vostede estivo facendo foi unha defensa a ultranza da formación profesional básica. Benvido a este novo modelo educativo.

En definitiva, señorías, no Partido Popular estamos tranquilos coas críticas recibidas. Porque, miren, se lle fixeramos caso a vostedes en materia educativa dende o ano 2009, non se tería feito absolutamente nada, ningún tipo de medida, ningún tipo de proxecto, non se tería feito nada. E o tempo ao final é o mellor xuíz. Fíxense, dá a sensación de que vostedes o que queren é que non se aplique a LOMCE, ¿Por que? Porque unha vez que se aplique e teña resultados, igual que tiveron resultados moitas das medidas que implementou este goberno dende o ano 2009, o seu discurso quedará francamente en nada. Por iso vostedes piden que non se aplique, claro; se non se aplica, o seu discurso queda no aire e non pasa absolutamente nada.

Porque ao final –e xa para rematar, señora presidenta–, ao final, o que importa en calquera acción política son os resultados. E quixera rematar utilizando unha fábula moi coñecida de Esopo que onte tiven ocasión de ler, a fábula do león e do xabarín, onde ante unha poza de auga, en vez de beber os dous animais, de turnarse ou de facelo á vez, se poñen a pelexar entre eles, mentres outros animais beben nesa fonte. Eu pídlles que sexan máis construtivos. O momento da pelexa política xa pasou, agora hai que aplicar a lei, hai que aplicar a lei. E nesa aplicación da lei temos que ser sensatos.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Rodríguez, por favor.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Porque a educación non é patrimonio de ninguén, non é patrimonio nin das esquerdas,

nin das dereitas, nin dos nacionalistas, nin dos non nacionalistas. A educación é patrimonio de todos. E ao final o máis positivo é a moraleja –e xa remato, señora presidenta–, que nos vén dicir que non gasten as forzas en pelexar. Será mellor pactar e traballar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Replica do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Quero, en primeiro lugar, agradecer o ton do señor Pombo e do señor Docasar; non así o do señor Vázquez, polos reiterados insultos que estivo todo o tempo referíndome.

Pero a diferenza do que están a facer outras comunidades autónomas, que lexitimamente están a anunciar as súas decisións a través de declaracións públicas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria escolleu esta Cámara galega como espazo para dar a coñecer a implantación da LOMCE en Galicia a partir do vindeiro curso 2014-2015. Explicamos aos representantes dos galegos e das galegas o que recollerán os borradores dos decretos autonómicos para os currículos de primaria e FP básica, que, como saben, teñen que cumprir cunha tramitación de exposición pública e sometemento aos distintos órganos sectoriais e consultivos ata que o texto definitivo sexa aprobado polo Consello da Xunta.

Pero, como dicía, damos a primeira explicación nesta Cámara. E facémolo así porque entendiamos que significaba unha oportunidade para o intercambio de opinións e para posibilitar que a cidadanía puidese ver en qué posición se situaba cadaquén. Con sinceridade lles digo que a Consellería quixo colocarse nunha posición institucional e desde unha perspectiva dun irrenunciable exercicio de responsabilidade e servizo público. As leis en vigor están para ser cumpridas, neste caso a partir do vindeiro curso 2014-2015. Pero desde a oposición insisten e insisten na súa estratexia de oposición frontal e de ataque a todas as iniciativas políticas que con

responsabilidade e lexitimidade leva posto e intenta sacar adiante esta consellería co obxectivo de mellorar o ensino galego. Vostedes viven instalados no inmovilismo, e néganse a admitir que o Goberno galego actúe para sacar adiante un sistema educativo de calidade e, por suposto, adaptado a este século XXI. Nun novo exercicio de carga política, desde a oposición prefiren mirar cara a outro lado ou directamente atacar sen recoñecer que o traballo feito está a empezar a dar resultados. Así o pon de manifesto o último Informe PISA de 2012. Galicia supera a media de España en todas as competencias avaliadas e supera a media da Unión Europea e da OCDE en todas agás nas competencias matemáticas.

En comparación co estudo anterior, a puntuación de Galicia mellora en comprensión lectora de maneira moi significativa e en ciencias, manténdose case sen cambio en matemáticas. No conxunto de España, Galicia é a comunidade co quinto mellor resultado en ciencias, o sexto en comprensión lectora –onde avanzou bastantes postos– e o décimo mellor en matemáticas. Por iso antes falamos das matemáticas. En termos de equidade educativa, Galicia ocupa o segundo lugar do mundo, só superado por México, e a diferenza do resto das comunidades españolas.

Podemos falar do absentismo, onde a mellora é indubidable nestes últimos anos. E pódono comparar con comunidades ás que vostedes fixeron referencia, como Andalucía, Canarias, Cataluña, por poñer algunhas de exemplo.

Así o poñen tamén de manifesto outros datos, como o ratio alumno-profesor no curso 2013, onde o ensino galego volve estar moitísimo mellor que a media de España. O número medio de alumnos por profesor en España é do 12 %, mentres que en Galicia é do 10,4 %. Somos a segunda comunidade, é curioso, pasamos de ser a cuarta á segunda. E a única que era a primeira, que é Asturias, retrocede bastante máis do que retrocede a Comunidade Autónoma galega. Algo estaremos facendo de esforzo, e deberían recoñecelo. Galicia ten un modelo educativo definido e sobre o que temos que analizar os retos xa acadados. E para iso temos os estudos estatísticos recentes.

Imos falar da taxa de idoneidade dos alumnos respecto da idade na que cursan os seus estudos. Porque aquí o que está claro é que, primeiro, a nosa comunidade está por riba da taxa de idoneidade de España en todas as idades: 8, 10, 12,

14, 15 anos. Nos últimos catro anos, nos que hai datos estatísticos, melloramos a taxa de idoneidade dos 15 anos en case tres puntos. Algo estaremos facendo ben, señorías. As políticas dos últimos anos están a permitir estes resultados e é bo que a cidadanía galega así o coñeza.

E falaremos tamén das taxas de graduación que acadan os alumnos e alumnas de Galicia na ESO, no bacharelato e nos ciclos formativos de grao superior. A taxa bruta de graduación en ESO está por riba da taxa nacional. Os últimos datos amosan unha diferenza de case catro puntos respecto da media española. Nos últimos catro anos –nos que hai datos estatísticos– melloramos a taxa bruta de graduación en ESO en máis de dous puntos. A taxa bruta de graduación en bacharelato está tamén por riba da taxa nacional, os últimos datos amosan unha diferenza de máis de cinco puntos nos últimos catro anos, nos que hai datos estatísticos; melloramos a taxa bruta de graduación en case dous puntos. A taxa bruta de graduación nos ciclos formativos de grao medio está moi por riba da taxa nacional, e os últimos datos amosan esa diferenza. Nos últimos catro anos, nos que hai datos estatísticos, melloramos a taxa bruta de graduación nos ciclos de grao medio en 2,5 puntos. A taxa bruta de graduación nos ciclos formativos de grao superior tamén está por riba da taxa nacional. Os últimos datos apuntan a unha diferenza de case dous puntos. Nos últimos catro anos, nos que hai datos estatísticos, melloramos a taxa bruta de graduación nos ciclos de grao superior en 2,5 puntos.

Do mesmo xeito, a nosa comunidade mantén a boa tendencia na loita contra o abandono escolar temperá da educación e da formación e, por suposto, contra o fracaso escolar. No ano 2013 a taxa de abandono temperá da educación e da formación baixou case tres puntos, 2,7; pasou dun 23,1 % a un 20,4 %, cunha diferenza: que respecto de cando a deixou o bipartito melloramos en seis puntos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, vostedes en catro anos incrementárona a punto por ano, esa é a grande diferenza, señora Adán, e debería de coñecelo, os datos están aí. (*Aplausos.*) Isto é así porque a Consellería –iso que vostedes chaman “covardía”, “indolencia”– desenvolve políticas orientadas a conseguir o abandono escolar a través de medidas estruturais, de xeito que se incrementa o número de alumnos que cursan ensinanzas de educación secundaria en segunda etapa obrigatoria, que son as que garanten, desde logo, un mellor nivel de cualificación dos nosos mozos e mozas.

Segundo os últimos datos estatísticos, Galicia representa o 4,9 % do total do alumnado de España que cursa ensinanzas de réxime xeral non universitario. Non obstante, noutras ensinanzas Galicia ten un peso maior, representa un 5,6 % do alumnado nacional que cursa bacharelato e un 6,5 % do alumnado nacional que cursa FP, cun incremento de case un 50 % do alumnado nestes últimos cinco anos.

As políticas educativas –esas que vostedes tildan de covardes– desenvolvidas en Galicia están feitas para pensar na sociedade galega, non nunha ideoloxía nin nun partido político, dirixidas ás familias e á sociedade. A vostedes, máis que o resultado, desde logo, interésanlles as críticas. E quero pasar a responderlles a algunha das cuestións que vostedes formulan.

Señor Pombo, vostede fala de principios ideolóxicos e partidistas. Realmente non sei –transcorreron uns minutos– quen falaba de ideoloxía ou de política aquí. Di vostede que o Goberno do Estado non escoitou as comunidades. É que había comunidades que, antes de saber algo, xa dixeron que non, que abandonaban. É difícil escoitar a aquel que non quere escoitar, señor Pombo.

Desde logo, segundo vostede, os itinerarios supoñen –ou iso crin entender, e gustárame que despois o matizara– que con esta lei aquel que non vale vai de novo para a formación profesional. Isto é un desmérito para o esforzo que se está facendo en FP e para todos os profesores de FP desta comunidade. Gustárame que rectificara, desde logo, esas palabras. (*Aplausos.*)

E vostede pon, como exemplo, Andalucía, Cataluña, Canarias... Fraco favor lles fan ás comunidades de peores resultados intentando paralizar politicamente unha lei, fraco favor. Porque se foran outras comunidades –e calo con respecto a outras–, ao mellor eu diría: bueno, os seus puntos de vista e os seus argumentos positivos terán. Pero que vostede me poña como exemplo aquelas nas que máis dano lles están facendo as políticas ás familias, desde logo non é lóxico, non é lóxico que vostede, que ademais tivo un bo comportamento aquí, poña como exemplo, desde logo, esas comunidades. Estánlles facendo un fraco favor, desde logo, ás súas comunidades e á súa sociedade.

Gústame que recoñeza vostede que esta lei vai incrementar o profesorado, porque é a primeira vez. E gustárame que no

seu sindicato tamén empezaran a recoñecer esas cuestións e que non seguiran falando de miles e miles e miles de despedidos dentro do profesorado.

Vostede fala do recurso de inconstitucionalidade, señor Pombo. O Consello de Estado xa se pronunciou sobre este aspecto, respecto da arquitectura constitucional, respecto das competencias autonómicas e respecto da legalidade.

Fala da non participación na valoración da LOMCE, de non escoitar as comunidades autónomas. Como lle dixen antes, señor Pombo, 13 comunidades autónomas fixeron achegas, 7 órganos consultivos emitiron ditame, 7 ministerios informaron o texto. Houbo 33 reunións no ministerio, e tivéronse en conta alegacións de 92 entidades, universidades, ANPA e sindicatos. Por certo, boa parte das melloras en materia de lingua foron precisamente propostas por esta consellería.

Cinco comunidades autónomas opóñense á LOMCE. É que cinco comunidades autónomas entraron co non por diante, señor Pombo. A verdade é que me gustaría que vostede estivese alí, porque me gustaría que recoñecera a pouca actitude de diálogo e de positivismo que teñen algúns.

Fala do galego. Desde logo que este goberno galego defende o uso do galego no marco do plurilingüismo. Desde logo con respecto, como non podería ser doutra maneira, ao equilibrio.

Señor Vázquez –aproveito, e quero que neste caso vostede me escoite moi ben–, fala vostede de perda da democracia. Probablemente o único modelo de AGE que vin aquí de defensa da democracia foi: “*Chávez, lo juro, yo voto por Maduro.*” (*Aplausos.*) ¿Ese é o seu modelo de democracia? Pero dígolle máis: a crítica... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, escóitenme, escóitenme, porque...,

A señora PRESIDENTA: Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): ...mentres unha parte da cidadanía venezolana está sendo masacrada, vostedes seguen poñendo exemplos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero é máis, é máis... Escóitenme por favor, gustaríame que me escoitaran... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vou defender os intereses...

A señora PRESIDENTA: Señora Martínez...

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): ...de certo grupo, que temos tamén dereito.

É que a maior crítica que lle fixo o señor Maduro nas eleccións ao seu opositor era insinuar que era gay, homosexual. ¿Ese é o seu modelo de coeducación, tamén defendendo ese tipo de crítica? (*Aplausos.*) Gustaríame, entón, que tamén defendera os homosexuais dese país e deste país. (*Aplausos.*)

Di vostede que coñecen os principios e artigos da LOMCE... (*A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Non sei, entón, por que vostede, se coñece todos os artigos da LOMCE, está a dicir o que aquí se está a dicir, porque non entendo a súa posición realmente.

Fala incluso de peches de escolas no rural. Falou de universidades, sabendo que temos as taxas máis baixas, conxeladas, xa practicamente durante cinco anos que levamos, e vostede sábeo moi ben. Probablemente vostede me diga que non gobernou cando estaba o bipartito.

Vostede ademais fala –e reitéroo– con respecto a que se uns datos..., incluso de que alguén lle dixo que eu estaba calado, ou así... Creo que quen lle pasou eses datos –por iso o señor Vázquez hoxe estaba moi mal informado– o informou moi mal.

Fala de pasividade, de indolencia, de adulator, de submisión... A comunidade galega está representada neste caso polos seus resultados nos informes PISA, na taxa de abandono, etc. Pero vostedes, os seus partidos, os seus sindicatos, si que foron indolentes e pasivos cando os resultados eran os que ofrecía o Goberno bipartito; nunca vin que vostedes presentaran naqueles catro anos queixas, como están agora queixándose, a pesar dos malos resultados que tiñan naquel momento.

Señor Vázquez, cando fai referencia ao informe do Consello do Estado, non debe de ser lido de xeito tendencioso, porque

non di que o Consello do Estado informe favorablemente este texto, e ademais remacha o seu respecto coa distribución de competencias.

Vostede fala respecto da FP. ¿Por que non fala de todos os mozos e mozas que agora van obter un título e que antes cos PCPI non obtiñan esa posibilidade?

Pregúntase vostede que pasaba antes co abandono escolar. A min, señor Vázquez, gustárame que hoxe non tivera unha actitude tan politicamente clara e tendenciosa neste caso, porque creo que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Quero dicir que podemos recoller o que vostede dixo dende o principio ao final, e poderíamos discutilo. Teríame gustado que esta oportunidade que tiñamos para presentar resultados e para falar de posibilidades vostede a aproveitara.

Reitero que falou incluso ata de despedimentos con respecto ao Celga, e non di, desde logo, que se respecta o galego.

Señor Docasar, como lle dixen antes, agradezo o seu ton, coma sempre neste caso, de tranquilidade, e dígolle que comeza vostede por falar de despolitizar a educación para tardar corenta segundos exactos en dicir que cambiaron a lei porque é unha agora do PP.

Di que nós facemos, que o Partido Popular fai o que lle peta porque ten a maioría. Eu pregúntome, señor Docasar: ¿que fixo o Partido Socialista Obreiro Español cando estivo no Goberno? ¿Que fai o seu partido cando está no Goberno? Pero cunha salvidade: que os resultados das políticas educativas do Partido Socialista sabemos cales son: fracaso e abandono escolar, fracaso e abandono escolar e fracaso e abandono escolar. E desigualdade.

Pola contra, vostede non pode falar dos resultados dunha lei educativa do Partido Popular, porque vostedes se encargaron de anular unha lei orgánica por medio dun real decreto por primeira vez na historia dunha democracia *(Aplausos.)*

Di vostede que esta lei é moi cara. Eu non sei se é moi cara, pero o que certo é que, evidentemente, vai ter un custo, e así o vimos demandando e ademais reclamando. Somos os primeiros en dicir que esta lei ten que vir acompañada, desde logo, de fondos do Estado, neste caso, para poder poñela en marcha.

Pero tamén estamos convencidos –e niso estamos de acordo– de que todo incremento do orzamento para educación, sempre que vaia dirixido a mellorar a educación dos nosos fillos e das nosas fillas, por suposto benvido sexa, e niso estaremos de acordo.

O artigo 116 da LOMCE permite que o Goberno canario –no que vostedes algo teñen que ver– acabe de licitar creo que foron quince centros educativos ao amparo desa norma –aínda que por encima vostede saque peito– para que sexan financiados con fondos privados. Non sei se vostede sabe isto, que en Canarias están..., bueno, como din vostedes, privatizar a educación pública de maneira exaxerada, neste caso, ou externalizar a xestión para unha mellora dos resultados, o que fai o Goberno de Canarias. Pero está ben que vostede repase o que están a facer vostedes en Canarias.

Señor Docasar, non se remita aos tempos de Villar Palasí, porque co último goberno do señor Zapatero 30 de cada 100 rapaces abandonaban o sistema educativo con episodios semellantes aos do último período do franquismo. Polo tanto, non hai que remitirse a 45 anos, a unha etapa negra da historia de España, senón que se pode vostede remitir tamén ás épocas de Felipe González, precisamente, ou a hai dous anos, co señor Zapatero.

Señor Docasar, como vostede non fixo referencia aos libros de texto, non se referiu a iso, xa vexo neste caso cal é a súa preocupación, pero quero responder ás preguntas ou ás preocupacións que neste caso plantexaron tanto AGE como o Bloque Nacionalista Galego.

A Consellería por suposto que no vai obrigar a cambiar os libros de texto pola LOMCE, xa que entendemos que hai marxe para que os novos contidos e as novas metodoloxías nos currículos que se implanten no vindeiro curso poidan ser adaptadas, desde logo, nas aulas.

A nova lei o que fai é fomentar un novo modelo de aprendizaxe con menos memorización dos contidos e máis adquisición de competencias e, polo tanto, os contidos van ser os mesmos, o que cambia é o modelo de ensinanza-aprendizaxe. E estamos falando dun modelo de educación, desde logo, moi distinto ao que vostedes prefiren ou pretenden. E o material de apoio por suposto que son os libros de texto.

A Administración educativa galega dende logo que mantén o seu compromiso de axudar na adquisición de libros de texto a quen máis o necesita, e ao mesmo tempo introducimos a novidade de incorporar unha oferta de material educativo dixital para cumprir o dobre obxectivo de facilitar ás familias o acceso as TIC e unha máis doada renovación do material co que estuden os seus fillos.

A Consellería, desde logo, segue de preto o sentir das familias e analiza a realidade, e creo que esta consellería, este goberno, ten dado mostras de que, a pesar do difícil momento que nos está a tocar vivir, somos e intentamos ser tremendamente sensibles con quen máis o necesita.

A nova orde de libro de pretexto prevé introducir a obrigatoriedade de que os pais e as nais que reciben axudas aos libros de texto evidentemente teñan que entregalos ao final de curso para posibilitar a creación dun banco de libros para aqueles, desde logo, que o necesitan.

Nada máis e moitas grazas polo momento. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda especial de aclaracións.

Ten a palabra, polo Bloque Nacionalista Galego, o señor Pombo Rodríguez.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Moi boa tarde. Xa é un pouco tarde, por iso me parece que o ton sae de ton.

Non sei, señor conselleiro, se do artigo ese tan importante precisamente da LOMCE que fala do préstamo do libro, que se podía utilizar, o mesmo que no bipartito, van facer uso ou non.

Sabe vostede moi ben que o modelo do BNG non é o modelo canario nin o modelo de Andalucía; o modelo do BNG é o modelo nacionalista galego, é defender os intereses de Galicia, nin máis nin menos. Cando eu falo de que non se atende a comunidade educativa, refírome, por suposto, á galega, á comunidade educativa galega, que estivo aquí intentando aportar, pero, ¡vamos!, a comunidade educativa non conseguiu que a Consellería a tivera en conta.

Fala vostede de que hai –non sei se se refería ao BNG–..., falando de que estamos no inmobilismo. Eu máis ben entendo que hai un sistema que vai moito por detrás. Polo tanto, pode haber quen interprete que hai un inmobilismo. En concreto, nós estamos en contra da lei LOMCE, non porque si, porque é a lei para españolizar aínda máis a educación. Foron afirmacións do ministro, aquel que dicía que “*era como un toro*”, “*que se crecía con el castigo*”, “*que había que españolizar Cataluña*”. Iso recordámolo. É tal a ansia de españolizar que imos a reválidas deseñadas, elaboradas e postas en práctica polo Ministerio. É tal a ansia uniformizadora que co novo deseño curricular nós entendemos que o uso do noso idioma no sistema educativo galego irá a moito peor. Xa sei que estamos en estándares na universidade nos que chegamos a un 22 %. Non sei se ese é un modelo propio do señor conselleiro; o noso, desde logo, non.

A distribución competencial e a facultade de poder fixar o 45 % dos contidos dos currículos propostos polo ministerio abranguerá a práctica totalidade da carga horaria. Esta invasión, no noso entender, de competencias refórzase polo feito de que o Goberno central se reserve a exclusividade de determinar –xa digo–, de deseñar e de establecer os contidos da proba final das reválidas de ESO e bacharelato; reválidas que é necesario superar para obter o título destas dúas etapas educativas.

Polo tanto, programación escolar, traballo de aula e aprendizaxe estarán orientados basicamente a superar as reválidas. Estas probas converterán o sistema educativo nunha carreira de obstáculos, efectivamente, para apartar do sistema os sectores sociais máis desfavorecidos, que é o que está a acontecer, e axudarán ademais a uniformar e españolizar aínda máis o ensino.

Lamentablemente, señor conselleiro, vostede parece que aplaude este sistema; mesmo nin rechistou cando o ministro Wert rachou de xeito unilateral o consenso que se recollera no texto constitucional e nos estatutos catalán, vasco e galego sobre o status das linguas chamadas cooficiais no Sistema educativo universitario. Xa sabe, tres categorías: troncal, primeira división; segunda división específica; e, terceira, especialidades –galego na terceira división–. Na primeira, o español é a primeira lingua; na segunda, incluso unha segunda lingua. Ese é o modelo.

A LOMCE ampara e promove o dereito –entendemos nós– ao que chamamos a barbarie e a xenofobia. Estase incumprindo –sexamos construtivos, señores do Partido Popular; hai que aplicar a lei, apliquémola– o propio Estatuto de autonomía do 1981, a Lei de normalización lingüística do 1983, ao establecer o dereito a negarse, a negarse a estudar no noso idioma. Establécese na LOMCE, o dereito a negarse. Fagamos cumprir a lei –a nosa–.

¿Que ten que dicir o señor conselleiro de Educación diante desta ameaza de morte para o galego? ¿Non debería –cando menos– ter a obriga de defender o futuro do noso idioma, da nosa lingua, da que herdamos dos nosos antepasados, que para nós é unha obra de arte que deberamos arriquecer e transmitir ás novas xeracións?

O BNG entende que Galicia debe defender as competencias que ten atribuídas para desenvolver un modelo educativo propio, achegando ao sistema público máis recursos económicos e permitindo, desde logo, o avance da nosa lingua propia como vehicular no ensino de Galiza.

Señor conselleiro –xa remato–, o BNG é partidario de facer respectar as competencias educativas do Goberno galego. Vostede veu hoxe defender o desenvolvemento da LOMCE, unha lei que para nós segue a ser totalitaria e letal para o ensino público galego, para a igualdade de oportunidades e para o dereito á coeducación.

O conselleiro de Educación de Galicia non deba –ao meu entender– defender un modelo educativo que quere negar a realidade histórica e cultural da nosa nación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra don Ramón Vázquez Díaz.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Bueno, non sei se a estas horas de *after hours* estamos tendo xa algunha alucinación; tócanos pechar a discoteca, ¿non?

Señor Rodríguez, en román paladino, non, non estou de acordo coa selección temperá que establece a formación pro-

fesional básica; non estou de acordo con que se abra como único horizonte laboral aos xoves que teñen problemas académicos un absoluto precariado laboral –exactamente iso é o que ten–; non estou de acordo con que se someta a xuventude galega á explotación xuvenil, como se fai tamén na FP dual, onde se permite que empresas despidan a traballadores á luz da reforma laboral para contratar aprendices con salarios de miseria. Polo tanto, non, insisto.

Fixo vostede, señor Rodríguez, un alegato en defensa do señor conselleiro, falou del como dun heroe. A min evocoume un personaxe saído daquel cómic dos cincuenta, de *Roberto Alcázar e Pedrín*, e imaxínoo co seu traxe en defensa do ensino público. Ben, a realidade é que non é así, tristemente, a realidade é todo o contrario.

Eu, de verdade –créanme, señores do Partido Popular–, xa non pretendo convencelos aquí de nada, renunciei xa hai tempo por completo a esa inconmensurable empresa. Eu só pretendo humildemente desmontar as súas mentiras, que son moitas e moi importantes.

A primeira, señor Rodríguez. Falou vostede dunha evolución. Xa pensei que ía traer de novo a esta Cámara aquel concepto da revolución silenciosa no ensino. Ben, a realidade é que a LOMCE é unha auténtica involución de 50 anos nun sistema educativo que herda pasos lentos, a veces torpes, dificultosos sempre, pero pasos sempre cara a adiante. E vostedes sométena a unha auténtica involución cun modelo de ensino clerical, segregador, contrario á coeducación e contrario mesmamente a unha educación inclusiva que atenda a diversidade como filosofía de base, que iso é o máis importante.

O atraso é tan importante que se pode resumir a LOMCE nunha soa frase: é un auténtico himno á cultura da avaliación. Pero da avaliación entendida como avaliación finalista, avaliación só de resultados, cando todos sabemos en materia pedagóxica que en educación é tan importante o que sucede nos procesos como nos resultados. Por iso se fala de avaliación procesual, por iso se fala de avaliación continua; porque o resultado moitas veces está condicionado por un montón de cuestións.

Falan aquí do Informe PISA. ¿Recolle o Informe PISA se un neno é feliz? ¿En que páxina o di? ¿Recolle o Informe PISA

as condicións sociofamiliares dun neno? Non, céntrase nos resultados, por iso é un proceso viciado, como xa está constatado por un montón de estudosos, é evidente.

Máis mentiras. Falouse aquí de bibliotecas. Informe recente do Observatorio da Cultura Galega do día 13 de marzo, creo que foi: “Os investimentos en bibliotecas dependentes da Consellería de Educación pasaron de 5,5 millóns de euros no 2008 a 1,3 no 2013. Houbo un incremento, sen embargo, de 300.000 lectores, pero nestes dez anos perdéronse 55 bibliotecas”. É que esa é a realidade, o demais é un puro exercicio de filibusterismo político.

Falou vostede de incremento do alumnado de FP—eu non llo discuto—: un 35 % máis de media en todo o Estado. Non é, polo tanto, só mérito galego, porque é un proceso conxuntural e estrutural de todo o sistema educativo español. Pero, ¿por que sucede iso, señor conselleiro? ¿Por que sucede? Pois sucede porque os titulados universitarios pasaron dun 6 % de paro ao 16 %; sucede porque o 40 % dos titulados teñen un traballo de baixa cualificación, e sucede porque a FP é gratis e a universidade non. E para ter un título universitario que che vai permitir traballar no McDonald’s, para iso tes un título de FP que con iso basta e sobra. Esa é a realidade: crise económica provocada polas súas políticas; esa é a realidade.

Polo tanto, nós denunciámos esa avaliación mecánica dirixida unicamente... Porque iso é o que é o Informe PISA. O Informe PISA elaboráoo a OCDE, ¿para que? Para condicionar os sistemas educativos a un modelo...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...competitivo de ensinanza. Pero ¿como se pode adaptar un sistema educativo para ter boa puntuación no Informe PISA? ¿Danse conta da traxedia que é iso? Cambiar un sistema educativo, cambiar a metodoloxía da avaliación para que, iso si, dentro de catro anos ou tres vostedes poidan vender que melloramos as puntuacións? ¡É unha auténtica barbaridade! O que vostedes están a construír é o que Jean Claude Michéa chama *escuela da ignorancia*. Pero a súa obriga non é esa, e vostede o sabe. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Socialista, ten a palabra o señor Docasar Docasar.

(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Fajardo.

O señor DOCASAR DOCASAR: Moi ben, de novo boas tardes.

Cambio de plan, conselleiro, porque vostede lanzou moitos retos e, se cadra, pois igual temos que... Vostede ten tempo ilimitado e eu, por desgraza, teño o tempo moi limitado. Moitas preguntas fixo vostede.

Ao señor Rodríguez dicirle que o señor Zapatero non foi dimitido por ninguén, simplemente non se presentou ás eleccións; polo tanto, non foi dimitido por ninguén, senón que non se presentou, recorde iso.

Elección de directores—vou ir telegraficamente—. O sistema que queren poñer, gústelles ou non, é un sistema de mangoneo. Eu fun director moitos anos elixido pola comunidade escolar, e estou profundamente orgulloso diso. Porque fun leal coas autoridades educativas—leal, e vostede ten que sabelo— e, sen embargo, fun capaz de representar a miña comunidade educativa; polo tanto, eu sentíame cómodo nese papel. Creo que co modelo que vén, unha comisión de selección e despois unha entrevista por se acaso—entrevista subxectiva—, creo que non é un sistema para estar orgullosos. ¡Vostedes saberán! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Se o que queren é un sistema profesional de directores, vaian a el, presenten un corpo de directores. Se cadra, esa é a alternativa que queren; está por Europa en moitos sitios, falemos diso. Pero non queiran vostedes agora mesmo dicir que non mangonean, que si van mangonear, porque é un tema—digamos— da condición humana, gústelles ou non.

Informe PISA. Eu díxenlle unha vez que tiña vostede, señor conselleiro, un comportamento cuco, e hoxe vólvoo repetir neste Parlamento: ten vostede un comportamento cuco no Informe PISA. O Informe PISA—do que tanto vostedes presumiron— faise ao amparo dunha lei—a LOE—, precisamente a lei que estaba. Saen vostedes a presumir dos logros dunha lei que era a LOE. E, por certo, non estabamos nada ben en

relación coas comunidades autónomas do norte de España, eramos os peores do norte de España, gústelles ou non; por detrás de Euskadi, Navarra, Aragón, o País Vasco, Cantabria, La Rioja e Castilla-León, que está aí ao lado. Eramos os peores do norte de España: décimos en competencia matemática, sextos en competencia científica e quintos en comprensión lectora. Non sei, por que tanto presumir do que facemos. E, por certo –insisto–, ao amparo dunha lei educativa que era a LOE. Por iso eu dixen que tiñan un comportamento cuco.

Da equidade, señor conselleiro, non lle permito que nos fale. O Informe PISA di –e se vostede o leu ten que sabelo– que a equidade está en perigo. Por primeira vez no Informe PISA fálase do perigo da equidade do noso sistema educativo, que era ata o de agora un dos sistemas educativos máis equitativos do mundo.

E, por certo, en excelencia, señor conselleiro, fatal, ¡fatal! E aí tamén están os datos, haberá que melloralos. Niso estamos de acordo. (*O señor conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, en excelencia estamos de acordo que hai que melloralos, pero a ver se imos mellorar a excelencia a cambio da equidade –non me aplauda, que eu a vostede escoiteino con atención; escoiteino con moita atención, e non quero que me aplauda–.

Máis datos: abandono temperán. ¿De que presumimos neste caso? O abandono temperán, coa actual lei, vai desde o 35 % de Ceuta e Melilla, onde gobernan vostedes de toda a vida; aí hai o maior fracaso escolar de España, analicen por que. E abandono que teñen tamén, se cadra, porque é unha cuestión que non soamente é educativa, tamén é social –haberá que vela–. Pero hai comunidades autónomas –como o País Vasco, como Navarra, como La Rioja, como Cantabria– que están moito mellor que nós. Asturias, que está tamén aí ao lado, e Castilla-León, tamén están mellor que nós neses índices. Mire eses datos, están aí.

En canto á inversión por estudante, claro, hai tamén que saber por que pasan as cousas, as cousas non son casuais. En inversión por estudante nós tampouco estamos moi ben. Os vascos case teñen o dobre de inversión por estudante ca nós, polo tanto, tamén teñen moito mellores resultados ca nós en Euskadi; eses datos están aí. Mentres eles invisten 1.100 e

pico euros por alumno e ano, nós investimos pouco máis de 700; ese é o dato, señor conselleiro. E as cifras económicas, por moito que vostedes digan, tamén inflúen no rendemento educativo, por suposto que si.

Libros de texto, dos que vostede dixo que non falamos. Imos falar logo dos libros de texto. Voulle dar uns datos: catro anos de xestión de vostedes dos libros de texto cústanlle ao erario público –ou sexa, ás familias e ao Estado– 200 millóns de euros. (*O señor conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, escoite, escoite, 120 millóns que poñen as familias e 80 millóns que pon a Xunta. En catro anos, 80 millóns que pon a Xunta, 120 millóns as familias. Con vostedes, o gasto, 200 millóns de euros. Con nós, o gasto, 80 millóns de euros...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor DOCASAR DOCASAR: ...a Xunta pon 72 millóns de euros, mentres que as familias poñen 8 millóns de euros. ¿Onde está a equidade, señor conselleiro? ¿De que equidade estamos a falar? Eses datos están aí, compróbeos; tamén os pode comprobar.

E cambiei, por certo, toda a miña intervención porque creo que, como vostede lanzou retos, igual había que tamén afrontalos. Quédanme doce segundos, vostede ten moitísimo máis tempo ca min. Quixen poder dicir as cousas que dixen no tempo que me deron.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Popular. Ten a palabra don Román Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Docasar, vostede fala do cuco e eu falaría do morcego, que non ve e anda de oídas; o morcego voa de oídas. (*O señor Docasar Docasar pronuncia palabras que non se perciben.*) Porque, mire, vostede sería o primeiro en criticar a este conselleiro, a este deputado, a todo o mundo, se os resultados do Informe PISA entre o período 2009 e 2013

(*Murmurios.*) fosen negativos. (*Murmurios.*) Pero como son positivos, non é mérito do señor conselleiro, non. Agora, se foran negativos, vostede sabe coma min que lle faltaría tempo para ir aos medios de comunicación crucificando practicamente o Partido Popular e o señor conselleiro. ¡Por favor, non sexa tan morcego, señor Docasar! –dito con todo cariño. (*Aplausos.*)

Mangoneo. (*Murmurios.*) Tamén lle pido que, cando estean os novos directores nomeados, vexa se están todos nomeados polo Partido Popular, e despois terá que ver se rectifica ou non. Son representantes da Administración.

E, señor Docasar, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ZP xubilouse só, xubilárono os españois, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) porque o seu proxecto político o votaron os españois. Noutra persoa, nun interposto, pero votárono os españois. E realmente xubilárono os cidadáns, non o Partido Popular.

Equidade. O Informe PISA di que Galicia é a comunidade autónoma con maior equidade de España. E, mire, non hai nada máis inxusto que o 25 % dos xoves españois de media –en Andalucía moitos máis que en Galicia–... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, si, en Andalucía moitos máis... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señor...

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Non hai nada máis inxusto que enviar á rúa a pelexar polo seu futuro a 1 de cada 4 nenos sen ningún título, sen ningunha formación educativa. Iso é realmente o máis inxusto que pode pasar.

Señor Vázquez, eu agradezo a súa sinceridade. En román paladino, formación profesional dual, non; formación profesional básica, non; centros de formación integrados, non. Ben, ese é o seu modelo. Este Goberno leva anos defendendo o ensino público (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e podemos sacar resultados. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mire, máis prazas de comedores escolares; as taxas universitarias máis baixas do Estado; máis prazas de formación profesional; máis oferta de ensino de idiomas, e poderíamos dicir moitas máis. Acusaranos de que facemos propaganda, pero certamente ese é o resultado.

E, mire, hai un dato interesante. Non vou citar –como dicía o señor Fajardo– a Corea do Norte, non fai falta, creo que se nomea soa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero vostede si falaba de crear un índice de felicidade para os nenos. No reino de Bután sabe vostede que hai un índice de felicidade bruta. Creo que seguramente no reino de Bután –un sitio francamente moi democrático– poderá atopar inspiración tamén para a súa nova teoría. (*Aplausos.*)

Mire, o modelo BNG, certamente, señor Pombo, non o coñecemos. (*Murmurios.*) Obviamente vai ser diferente ao noso, seguro que é diferente ano noso. Hai unha cuestión que xa lle intentei modestamente corrixir na última intervención. Unha lei que aproba un parlamento democrático no uso léxico da súa capacidade normativa non é unha lei totalitaria, non o é. E vostedes están constantemente lanzando cualificativos abrasivos respecto dunha decisión democrática dun parlamento. Polo cal, señorías, eu pediríalles que tivesen certo tino.

E tamén hai unha cuestión que me parece que é francamente –non sei se dicilo– simple ou dunha certa baixeza argumental, e dígoo polo seguinte. Vostede está dicindo que as avaliacións externas –que, por certo, se fan en Francia, nos países nórdicos, en Alemaña, en todas partes– o que van facer é unha segregación socioeconómica. Vostede está dicindo que as familias con menos recursos van ter peores resultados; que o fillo dun emigrante, o fillo dun labrador, o fillo dun pescador, vai sacar peores notas e peores resultados que o fillo dun avogado ou dun catedrático. Certamente, ese é un determinismo social que fala moi mal de vostedes, sen dúbida. (*Murmurios.*)

E miren, señorías, unha lei pode gustar ou non, (*Murmurios.*) podemos estar de acordo cos seus plantexamentos ou non..., (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...podemos pensar se os seus principios van permitir cumprir os seus obxectivos ou non; pero unha lei hai que aplicala e hai que desenvolvela. O Partido Popular tivo que aplicar e desenvolver leis coas cales non estaba de acordo, e fíxoo con total normalidade e lealdade. E iso é o que lles pedimos ou lles pide o Partido Popular de Galicia e tamén me atrevo a dicir que o pediría o Par-

tido Popular do Estado: que se aplique unha lei. Porque realmente dá a sensación –como xa dixen antes– de que aquí o que están intentando plantexar é que non se aplique unha lei que vostedes criticaron profundamente para evitar que...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...dentro de “x” anos os resultados se vexan e se vexa que o seu discurso carecía de calquera fundamento. Ao final –como xa dixen antes– o tempo dá e quita a razón.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro para pechar o debate.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Moitísimas grazas, señora presidenta. Señoras e señores deputados.

Señor Docasar, tanto os datos de PISA como outros indicadores educativos que se están a rexistrar confirman que hoxe a educación en Galicia goza de mellor saúde que hai cinco anos, cun ensino público, que é máis público, cun ensino público con máis colexios plurilingües, máis oferta e máis matriculación en FP e nas escolas oficiais de idiomas, cunha maior oferta de formación profesional e desde logo con moitos mellores indicadores.

Confundiú vostede certos indicadores. Gustaríame que repasara o último Informe PISA, porque verá que non deixa ningún indicador sen que a mellora con respecto aos anos de goberno do bipartito sexa tremendamente significativa. A diferenza é clarísima en todos os indicadores. Vostedes seguen negando as evidencias e poñen a normativa sempre baixo sospeita, e mesmo incluso antes de que se comece a aplicar. Aseguran que a LOMCE xa nace con data de caducidade e sentencian a unha suposta, desde logo, derogación, cousa, que desde logo, eu o creo, porque xa o fixeron outra vez, pero desde logo non deixa claro o seu talante democrático ou de respecto ao que é a democracia o feito de que vostedes presuman de derrogar incluso unha lei ou que incluso o fagan sen poñer en vigor.

Temos que logo de sete leis educativas socialistas, onde vostedes mesmos non se puxeron en trinta anos de acordo, porque cambiaban de leis incluso dentro do propio período, desde logo, merece a pena un novo enfoque lexislativo, porque a sociedade así o está a demandar. Pensamos que a LOMCE propón un sistema moitísimo máis flexible, con atención personalizada e orientada á prevención de problemas a través de avaliacións, ao tempo, por suposto, que busca, que a norma busca, a igualdade real de oportunidade. Facilita, desde logo, unha FP moito máis atractiva e flexible que abre, desde logo, novas oportunidades, a cultura do esforzo, moi útil, por suposto, para preparar a mocidade para o mercado laboral e para o seu futuro. Desde logo, entendo que todos os que estamos aquí seguro que tivemos ese esforzo e non por iso nos avergoñamos de ter que ter feito ese esforzo no pasado para estar hoxe aquí representando a sociedade galega.

A aposta pola autonomía dos centros son tamén puntos fortes da nova lei. Vostedes son, desde logo, e serán os responsables dos seus intentos por lograr o retroceso dos avances educativos acadados en Galicia nos últimos anos. A responsabilidade deste Goberno, desde logo desta consellería, é cumprir cunha normativa básica, orgánica, desenvolver as normas dentro das competencias que ten atribuídas e traballar día a día pola mellora da calidade do sistema educativo galego.

Fomos quen, en catro ou cinco anos dunha enorme crise económica, de mellorar todos os indicadores educativos, de aumentar as prazas de comedor escolar nunha porcentaxe moi elevada, de contar con máis tecnoloxía dentro das aulas, de ofrecer novas oportunidades a todos eses dos que precisamente nos gabamos de intentar axudar tanto vostedes coma nós, aqueles que teñen menos recursos. Hoxe, un rapaz que non ten recursos pode acceder a unha educación plurilingüe, ter acceso, por exemplo, a aprender inglés cando ao mellor hai... (*Aplausos.*) cinco anos tiñan que ser só os fillos da xente pudente os que tiveran esa oportunidade.

Desde logo, e todo a pesar da crise, a nova lexislación educativa e o seu desenvolvemento adaptado á realidade marcan, desde logo, unha nova oportunidade de avanzar na mellora do sistema. E estou seguro de que, ademais, entre todos, poderíamos dar un exemplo á sociedade de unión para tratar de acadar esa conxunción. Porque fíxese vostede ben:

se en cinco anos, cunha crise económica, cun descenso dos orzamentos e dos ingresos tan brutal, logramos, tendo en conta desde o primeiro día a súa oposición, ademais unha oposición bastante “guerrilleira”, ¡eh!, a todas as medidas, guerrilleira non me refiro por mal... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), quero dicir bastante exaxerada esa oposición, quero dicir, bueno –non me mal interpreten vostedes–, que se desde o primeiro día que tomamos posesión vostedes estaban xa na rúa, incluso antes de adoptar decisións..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) si, de adoptar decisións, por favor, imaxinen o que tiveramos conseguido de cara á sociedade galega para poder hoxe transmitirle á sociedade que estamos todos xuntos para tratar de buscar resposta precisamente a esas persoas, ás que todos nos gabamos de procurarlle melloras para a súa vida e para a súa integración.

Desde logo, a nosa responsabilidade pasa por cumprir a lei –non cabe doutra maneira, non cabe–, desde a introdución de melloras no currículo de primaria, pero, por suposto, sen renunciar á estabilidade do sistema educativo; por suposto, apostando polas competencias básicas, por ese reforzo, a potenciación dos coñecementos e as competencias en matemáticas, e ofrecendo, por suposto, unha FP básica cunha oferta de títulos axeitados ás necesidades educativas.

Señor Pombo, díxeno na última intervención e así o quero aclarar, porque ao mellor non quedou claro: si que viramos cara ao sistema de banco de libros, precisamente o mesmo que está a demandar a propia LOMCE neste caso e ademais as propias ANPA.

Vostede fala de reválidas, centralización, españolización –cuestión que eu non comparto, evidentemente ese termo–, estatutos da lingua. Señor Pombo, nada de terceira división para o noso galego; para o noso galego, para o galego de todos, nada da terceira división. Desde logo que imos estar xogando na primeira división, igual que co castelán, e procuraremos xogar nesa primeira división polo ben da nosa sociedade en terceiras e cuartas linguas estranxeiras. Desde logo, nada de españolizar, como antes lle acabo de dicir. Espero que os seus socios neste caso de viaxe non pretendan tam pouco *ikastolizar* o resto dos nenos do sistema educativo.

Señor Docasar, vostede empregou unha palabra que tam pouco é correcta. E eu dígolle: nada de “mangoneo”; selec-

ción de representantes da Administración educativa no centro educativo, escoitando a comunidade educativa, por suposto os docentes, e cumprindo a legalidade, que vén marcada por unha lei orgánica.

Investimento por estudante. Pois non estaremos, desde logo, ben. Oxalá –sempre o digo–, oxalá tiveramos outra situación; oxalá tiveramos a situación do ano 2004, 2005, 2006, 2007, 2008, pero non a temos. Pero o que si non podemos discutir é que seguimos investindo un 21 % máis que a media da OCDE, e, sen embargo, na media española obtendo peores resultados, na media española obtendo peores resultados a pesar de investir un 21 % máis.

Fala vostede de equidades, libros; mire, e ademais falaba da felicidade –non sei se foi vostede ou foi o señor Vázquez, pero é igual–. En todo caso, a equidade do sistema educativo galego está neste caso referendada por un avaliador externo que se chama PISA. E ese avaliador externo di que Galicia só é superada por México. Nesa equidade, algo, desde logo, a pesar destes tremendos momentos, estaremos facendo ben nesa aposta pola equidade. Evidentemente sen renunciar, equidade si, equidade si, aposta polos necesitados, por suposto –non se pode negar–, pero tamén logro de mellores resultados e da excelencia tamén.

Precisamente, para dar igualdade de oportunidades a todo o mundo, non facendo dobre mensaxe: os meus fillos van ao Colexio Alemán e reclamo certo tipo de colexios para todo o mundo, pero eu teño posibilidades económicas e sen embargo podo pagarlles aos meus fillos. Non fagamos esa demagogia. Un sistema educativo de calidade para todo o mundo, por suposto, onde os pais teñan tamén capacidade para decidir e liberdade tamén de elección.

Señor Vázquez, deixeino para o final non por mal, senón (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): ...porque é gracioso. O señor Docasar falaba de “mangoneo” e vostede falaba de converter isto nunha discoteca, ou falaba de comparar esta casa cunha discoteca. Desde logo, eu non pretendo, eu estou aquí para traballar neste caso –e espero que vostedes tamén

e estou seguro case tamén– por toda a sociedade galega, sexan as 9, as 9 e media, as 10 ou as 12 da noite, e entendo que nesta viaxe de traballar para a sociedade galega vostede será o primeiro, como docente, en intentar acompañarme. Espero que me tenda esa man. (*Aplausos.*)

Eu reitero que se ben é certo que na segunda parte, desde logo, vostede expresou a súa opinión, e teño que ser totalmente respectuoso con respecto á primeira, é dicir, son respectuoso tamén igual coa primeira, pero na primeira permítame que lle diga que vostede foi tremendamente ofensivo cara á miña persoa, e ademais mostrando un descoñecemento incluso tratando de –non sei– facer un certo xogo que eu non entendía moi ben que non é ou que non leva máis que a confundir os resultados. Nesta segunda parte vostede anunciou ese inmovilismo, “non, non e non”, pero a sociedade galega, os pais e as nais piden “si, si e si”.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez horas. Boa noite e moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás nove e trinta e sete minutos da noite.



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25